

# CUADRANTE



VALLE-INCLÁN Y UN CUADRO DE RAMÓN CASAS,  
*GARROTE VII*

VALLE-INCLÁN, LA HARINA PLÁSTICA Y EL TÓPICO

A OBRA DE VALLE-INCLÁN COMO FONTE DE INSPIRACIÓN MUSICAL.  
PAPELETAS PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES

FLORA VALLEINCLANIANA.  
O MUNDO VEXETAL NA OBRA DE VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN:  
DECLARACIONES SOBRE PORTUGAL Y ESPAÑA

Nº 17

Os Amigos  
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa





# CUADRANTE



Revista cultural da  
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

VALLE-INCLÁN Y UN CUADRO DE RAMÓN CASAS,  
*GARROTE VIL*

VALLE-INCLÁN, LA HARINA PLÁSTICA Y EL TÓPICO

A OBRA DE VALLE-INCLÁN COMO FONTE DE INSPIRACIÓN MUSICAL.  
PAPELETAS PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES

FLORA VALLEINCLANIANA.  
O MUNDO VEXETAL NA OBRA DE VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN:  
DECLARACIONES SOBRE PORTUGAL Y ESPAÑA

so Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9  
VILANOVA DE AROUSA.  
APARTADO DE CORREOS N° 66  
www.amigosdevalle.com  
Decembro 2008

*Director:*  
Gonzalo Allegue

*Subdirector:*  
Francisco X. Charlín Pérez

*Secretario de redacción:*  
Víctor Viana

*Consello de Redacción:*  
Xosé Luis Axeitos  
Ramón Martínez Paz  
Xaquín Núñez Sabarís  
Xosé Lois Vila Fariña  
Ramón Torrado  
Sandra Domínguez Carreiro

*Xestión e administración:*  
Pablo Ventoso Padín  
Ángel Varela Señoráns

*Ilustracións:*  
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

*Deseño e maquetación:*  
Nieves Loperena

*Imprime:*  
Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.B.N.:* 84-87709-99-0

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*

## SUMARIO:

José M.<sup>a</sup> Monge  
*Valle-Inclán y un cuadro de Ramón Casas,*  
*Garrote vil* ..... páx. 5

Joaquín del Valle-Inclán Alsina  
*Valle-Inclán, la harina plástica y el tópico* ..... páx. 12

Fernando López-Acuña López  
*A obra de Valle-Inclán como fonte de inspiración musical.*  
*Papeletas para un catálogo de compositores* ..... páx. 17

Manuel Agromayor Mira  
*Flora valleinclaniana. O mundo vexetal na obra de*  
*Valle-Inclán*..... páx. 42


Gonzalo Allegue  
*Valle-Inclán: declaraciones sobre Portugal*  
*y España* ..... páx. 104



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2007

## CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizada para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



# FLORA VALLEINCLANIANA. O MUNDO VEXETAL NA OBRA DE VALLE-INCLÁN

Manuel Agromayor Mira  
Biólogo

## GALICIA (I)

*Aquella estancia, con su oscura techumbre de castaño, y el telar que llena la casa, tienen esa paz familiar, ingenua y campesina que se siente como un aroma de otoñales manzanas, conservadas para la compota de Noche Buena.*

(*Águila de Blasón*)

## INTRODUCCIÓN

Os vexetais máis coñecidos de Galicia están ben representados na obra de Valle-Inclán;<sup>1</sup> os textos do escritor arousán ambientados en escenarios galegos,<sup>2</sup> maioritariamente rurais, conteñen abundantes referencias ás plantas e aos seus produtos.

Valle fai uso dun variado léxico vexetal<sup>3</sup>

<sup>1</sup> Debo sinalar notables ausencias, como é o caso dos fentos e das patacas, omnipresentes no medio rural. Aparecen en cambio algunhas especies exóticas, como a mirra, o estoraque, a canela e o ébano, entre outras, que non medran no noso territorio, pero das que utilizamos algún dos seus produtos.

<sup>2</sup> *Flor de Santidad, Sonata de Otoño, El Marqués de Bradomín, Águila de Blasón, Romance de Lobos, Cara de Plata, Los Cruzados de la Causa, Divinas Palabras, Jardín Umbrío, Corte de Amor, Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte.*

<sup>3</sup> Ás veces emprega termos xenéricos, como árbore, flor, herba, rama, etc., pero na maioría dos casos as especies son determinadas co seu nome común. Relaciono a continuación, ordenadas alfabeticamente as especies que aparecen mencionadas co seu nome vulgar: Abeleira (*avellano*), abeto, acacia, aciñeira (*encina*), álamo, álamo negro ou chopo, alelie (*albeli*), amorodo (*fresa*), asente (*ajenjo*), azucena, buxo (*boj*), cabaza (*calabaza*), café, camelia, canaveira (*caña*), cábano (*cáñamo*), canela, «caña de indias», caravel (*clavel*), carballo (*roble*), carrasco, castiñeiro (*castaño*), cedro, centeo (*centeno*), cerdeira (*cerezo*), ciprés ou alcipreste, ciroleira ou ameixeira (*ciruelo*), cizaña, dalia, ébano, estoraque, estripeiro (*espino*), hedra (*hiedra*), faba (*haba*),

para describir os diferentes espazos escénicos que aparecen nos libros comentados neste artigo. Muíños,<sup>4</sup> adros, igrexas e conventos, hortos, pazos, cocinas e xardíns,<sup>5</sup> son escenarios polos que o escritor amosa unha especial predilección: Nos muíños móense os grans de trigo, de centeo e de millo; pero ademais son lugares de encontro, propicios para o amor e o prodixio: no muíño de Gondar a filla «inocente» do muiñeiro entrégalle o Marqués de Bradomín un ramo de herbas santas; no muíño de Cela vive o vello saudador que co-

figueira (*biguera*), fiuncho (*binajo*), incenso (*inciense*), laranxeira (*naranja*), lavanda (*espliego*), limoeiro (*limonero*), liño (*lino*), lirio, loureiro (*laurel*), maceira (*manzano*), macela ou manzanilla, malva, margarida (*margarita*), marmeleiro (*membrillo*), millo (*maíz*), mirra, mirto, nardo, nébeda, nespereira (*níspero*), nogueira (*noga*), oliveira (*olivo*), ortiga ou estruga, «palo santo», pereira (*peral*), piñeiro (*pino*), romeu (*romero*), roseira (*rosal*), salgueiro (*sauce*), sandía, silveira (*zarza*), sobreira (*alcornoque*), tabaco, toxo (*tojo*), trebo (*trébo*), trigo, verza (*berza*), vide (*vid*), vimbio (*mimbre*), violeta, xara (*jara*), xenciana (*genciana*), xesta (*retama*), xunca (*juncia olorosa*), xunco (*junco*).

<sup>4</sup> LAVAUD-FAGE, Eliane (1988): «Un motivo folklórico en la narrativa corta de Valle-Inclán: El molino». Amsterdam, 1988.

<sup>5</sup> GAMBINI, Dianella (1986): *Los jardines de Valle-Inclán*. Pontevedra, 1986.

ñece o remedio para atallar o maleficio que lle botaron ao rabaño que coida Ádega; no muíño de Lantañón, mentres os mozos tentan as mozas sobre o «heno» oloroso, unha vella curandeira pon herbas a macerar e ferve viño con romeu para sanar as feridas de Liberata la Blanca. Tal vez esta curandeira sexa a mendiga sabía que pon a serenar malva e fiúncho na fonte milagrosa do adro do santuario de San Clodio Mártir, onde Ádega pasa moitas horas fiando «cocos» de liño á sombra dun ciprés. Os rezos da novena resoan no interior da igrexa colexiata de Viana del Prior e percíbese o aroma do incenso, mesturado co perfume de estoraque que desprenden os panos das beatas. Valle-Inclán menciona tres hortos en Viana del Prior: o do convento das Comendadoras é un horto triste con loureiros, limoeiros e cipreses moi vellos, onde canta un reiseñor; nos hortos do Señor Ginero e de Don Juan Manuel medran «fresóns», nísperos, «ciruelas de manga de fraile», «peras de muslo de dama» e mazás reinetas, as mesmas que se empregan nos maleficios. As mazás, espalladas sobre o piso dalgún cuarto, maduran lentamente e aroman as estancias do Pazo de Brandeso. O pazo ten habitacións con tarimas de castiñeiro e corticeira; nos dormitorios hai camas e consolas de nogueira, e están decorados con crucifixos de ébano e floreiros de rosas e azucenas. Na cociña do pazo, mentres debullan as mazarocas de millo ou comen caldo de fabas e verzas con culleres de buxo, os criados contan historias de santos, de almas en pena, de tesouros escondidos e de ladróns. No xardín «umbrío» do Pazo de Brandeso hai cipreses, abetos, loureiros e cedros olorosos; hai roseiras variadas e sebes de mirto que debuxan labirintos e bordean os paseos. Á beira das fiestras soleadas, onde sazonan os marmelos aromáticos, a Señora do pazo fatiga os atardeceres fiando na roca, olorosa e nobre, de «palo santo», e contemplando os campos verdes e olorosos. Por vellos camiños aldeáns de

sementeiras e vendimas, cabalgan chaláns e camiñan mulleres que levan ao muíño centeo e millo. A brisa da atardecida, que axita as follas prateadas dos álamos e trae a voz dos vellos campanarios, revive na Señora nostalgias dunha idade remota, crédula e feliz.

Pero nos textos de Valle-Inclán, as plantas non aparecen soamente con función descriptiva, tamén presentan unha importante función simbólica e metafórica: os cipreses teñen función ornamental, pero así mesmo simbolizan fidalguía, espiritualidade e transcendencia. O trigo e os outros cereais indican riqueza e poder. As mazas e as cereixas encarnan ás mozas novas e fermosas. As ortigas figuran sufrimento e o asente, amargura. As flores personifican a beleza, o amor e a inocencia. Os lirios e azucenas representan pureza e inocencia, e as rosas son símbolo de amor. Coas referencias ás labores do liño e a outras actividades artesanais, que inclúe no texto con intención arcaizante, Valle quere transmitir a súa saudade por unha sociedade patriarcal, devota e feliz.

Para organizar as máis de oitenta especies que aparecen catalogadas neste traballo utilizo, como nas antigas Floras, criterios antropocéntricos, como o do uso que fai o ser humano dos vexetais. Fixome especialmente en aspectos relativos a súa utilidade, para agrupar as distintas especies de plantas nos seguintes apartados:

1. AROMAS E PERFUMES; 2. FLORES; 3. HERBAS; 4. PLANTAS TÉXTILES; 5. CEREAIS; 6. ÁRBORES; 7. ARBUSTOS; 8. HORTAS E ÁRBORES FROITEIRAS; 9. XARDÍNS; 10. ALGAS, LIQUES E MUSGOS.



## PERFUMES E AROMAS VEXETAIS

Cando, nas últimas páxinas de *Sonata de Otoño*, o Marqués de Bradomín recorda os seus amores con Concha, dinos que o único que sobrevive dese amor é un perfume:

¡Aquella esencia que Concha vertía en sus cabelos y que le sobrevive! ¡Pobre Concha! No podía dejar de su paso por el mundo más que una estela de aromas.<sup>6</sup> ¿Pero acaso la más blanca y casta de las amantes ha sido nunca otra cosa que un pomo de divino esmalte, llena de afroditas y nupciales esencias?

(*Sonata de Otoño*, p. 116)

En *Flor de Santidad* aparecen olores que despertan añoranzas de idílicos tempos pasados:

Los aromas de las eras verdes esparcíanse en el aire como alabanzas de una vida aldeana, remota y feliz.

(*Flor de Santidad*, p. 90)

Nas obras de Valle-Inclán aparecen moitas referencias a perfumes e aromas, a maioría de orixe vexetal. Os axentes responsables da fragancia característica dalgúns vexetais coñécense como *aceites esenciais*. Estes aceites, intensamente aromáticos e volátiles, son mesturas de varias sustancias químicas<sup>7</sup> biosintetizadas polas plantas. Os vexetais non elaboran aceites esenciais para o noso deleite, senón que o fan coa finalidade de protexerse de enfermidades, repeler a potenciais consumidores herbívoros e atraer aos insectos polinizadores. Os aceites poden estar distribuí-

<sup>6</sup> Os subliñados son sempre meus.

<sup>7</sup> Principalmente terpenoides volátiles formadas por unidades de isopreno. As moléculas responsables do olor soen posuír na súa estrutura química grupos funcionais aldehidos, cetonas, ésteres, etc.

dos por toda a planta, pero é máis frecuente que se acumulen en follas, raíces, flores, ou outras partes do vexetal.

O olfacto é o máis directo dos nosos sentidos,<sup>8</sup> porque, a diferenza da vista e do oído, non necesita intérprete. O efecto é inmediato, pois non está diluído pola linguaxe, o pensamento ou a tradución. Un olor pode ser asombrosamente nostáxico porque desencadea poderosas imaxes e emocións antes de que teñamos tempo a precisalas.<sup>9</sup> Valle aproveita en moitas ocasións este poder evocador que teñen os olores para transmitir ao lector variados sentimentos. Recorre ao aroma das flores murchas cando quere suscitar o sentimento da fugacidade da alegre xuventude e a leve tristeza que provoca a nostalxia do seu recordo:

Las flores comenzaban a marchitarse en las versallescas canastillas recamadas de mirto, y exhalan ese aroma indeciso que tiene la melancolía de los recuerdos.

(*Sonata de Otoño*, p. 59)

Y en aquella sonrisa ténue, yo sentí todo el pasado como un aroma entrañable de flores marchitas, que trae alegres y confusas memorías.

(*Sonata de Otoño*, p. 61.

*El Marqués de Bradomín*, p. 230)

Sus ojos tienen esa dulzura sentimental que dejan los recuerdos, cuando son removi-

<sup>8</sup> Cando acerco unha flor o nariz e inhalo, as moléculas de olor soben flotando pola cavidade nasal e son captadas polas células receptoras da membrana olfactiva. Estas células están provistas duns cilios ou *pelos olfactivos*, que son os que reaccionan ós olores presentes no aire e disparan impulsos ó *bulbo olfactivo* ou centro do olfacto. Cando o bulbo olfactivo detecta un olor, comunícallo á codia cerebral e envía unha mensaxe directa ó *sistema límbico*, unha sección misteriosa, antiga e intensamente emocional do noso cerebro, na que experimentamos os sentimentos de gozo, amor, odio, repulsión...

<sup>9</sup> Dicía Kipling que «os olores son máis seguros que as visións e os sons para facer sonar as cordas do corazón.»



dos, una vaga nostalgia de lágrimas y sonrisas, algo como el aroma de esas flores marchitas que guardan los enamorados.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 189)

Las últimas rosas de otoño empezaban a marchitarse y esparcían ese aroma indeciso que tiene la melancolía de los recuerdos.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 231)

Yo, algunas veces, mientras estudiaba mi lección en la sala llena con el aroma de las rosas marchitas, entornaba una ventana para verle.

(«Mi Hermana Antonia».  
*Jardín Umbrío*, p. 121)

Yo seguía estudiando mi lección de latín en aquella sala, llena con el aroma de las rosas marchitas.

(«Mi Hermana Antonia».  
*Jardín Umbrío*, p. 123)

Otras veces utiliza os aromas florais<sup>10</sup>

<sup>10</sup> Non só aparecen referencias olfactivas relativas a flores, os olores tamén aparecen asociados a froitos, madeira, follas, campos, xardíns, fume, etc., como se pode comprobar nas seguintes citas: «..., el viento soplaba áspero y frío, no traía caricias, no llevaba aromas, marchitaba la yerba, era un aliento embrujado» (*Lluvia*. *Varia Prosa*, pax. 1444. *Flor de Santidad*, p. 81. Podemos ler en «Lluvia», en alusión á primavera: «mariposa blanca, alondra cantora, juvenilia de luz, alma de aromas...»). «Comenzó a rayar el día, y el viento llevó por sotos y castañares la voz de los viejos campanarios, como salutación de una vida aldeana, devota y feliz que parecía unirse con el rocío y los aromas de las eras.» (*Flor de Santidad*, p. 153. Nesta frase Valle-Inclán incorre nunha redundancia con *sotos* y *castañares*).

«Flota en el aire el balsámico aroma de los membrillos puestos a madurar en aquel gran balcón plateresco con balastral de piedra» (*Águila de Blasón*, p. 113). «Aquella estancia, con su oscura techumbre de castaño, y el telar que llena la casa, tienen esa paz familiar, ingenua y campesina que se siente como un aroma de otoñales manzanas, conservadas para la compota de Noche Buena» (*Águila de Blasón*, p. 164). «Sabelita toma una manzana encendida como las rosas, y suspira gozando aquel aroma de bálsamo y de flor» (*Águila de Blasón*, p. 166). «Sale en bocana por las tejas humo de pinocha y olor de sardinas asadas» (*Cara de Plata*, p. 125). «Cuece la borona en algún horno, y el humo de las jaras monteses perfuma el casal que se despierta» (*Divinas Palabras*, p. 77). «El humo tiende olores de laurel y sardinas, con

para evocar momentos de plácida e inocente dozura. Como nestas dúas citas referidas a escenas situadas respectivamente no xardín do Pazo de Brandeso e na horta do convento das Comendadoras:

Las flores esparcidas sobre su falda aroman aquellas manos blancas y transparentes.  
(*El Marqués de Bradomín*, p. 193)

..., y el huerto tiene un aroma inocente, de malvas y rosaledas.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 200)

(Un pouco antes, na mesma páxina, sabemos que «El huerto tiene el aroma de una leyenda piadosa.»).

Nesta cita de *Sonata de Otoño* emprega o perfume floral nunha escena algo irreverente e dun erotismo morboso:


La besé temblando como si fuese a comulgar su vida. Con voluptuosidad dolorosa y no gustada hasta entonces, mi alma se embriagó en aquel perfume de flor enferma que mis dedos deshojaban consagrados e impíos.

(*Sonata de Otoño*, p. 75)

el buen recuerdo del vino agrio y la borona aceda» (*Divinas Palabras*, p. 82). «Y muy pálida, sonriendo, puso la carta bajo la penna de madera olorosa, y arrodílose» (*Los Cruzados de la Causa*, p. 185). «Tenía la llave puesta, y lo abrí. Se exhalaba del armario una fragancia delicada y antigua» (*Sonata de Otoño*, p. 43). «...y al abrirse lentamente las puertas de floreados herrajes, exhalábase del fondo silenciosos y oscuro, el perfume lejano de otras vidas» (*Sonata de Otoño*, p. 62). «...y casi al mismo tiempo aquella puerta de viejo y oloroso cedro se abrió sin ruido» («La adoración de los Reyes». *Jardín Umbrío*, p. 72). «El jardín cargado de aromas, y aquellas notas de la noche, impregnadas de voluptuosidad y de pereza, y aquel rayo de luna, y aquella soledad, y aquel misterio, traían como una evocación romántica de citas de amor, en siglos de trovadores» («Rosarito». *Jardín Umbrío*, p. 165). «Las nubes que cubrían la luna se desvanecieron y los rayos de plata al penetrar por entre los ramajes iluminaron el camino, y los pájaros que dormían en los nidos despertáronse con un cántico, y en el polvo, bajo las divinas sandalias, florecieron las rosas y los lirios, y todo el aire se llenó con su aroma» («Un Ejemplo». *Jardín Umbrío*, p. 193).

Entre as especies aromáticas que cita Valle, comento neste apartado as seguintes:<sup>11</sup> Violeta de olor e lavanda, dúas flores das que se extraen suaves perfumes florais; estoraque, incenso e mirra, tres árbores que producen esencias que foron moi apreciadas no pasado; e «palo santo», unha árbore que produce unha madeira intensamente aromática e moi valorada en ebanistería.

## VIOLETA DE OLOR



*Viola odorata*

Era llena de afán y de tristeza, perfumada de violetas y de un antiguo amor.

(*Sonata de Otoño*, p. 31)

Con esta frase rememora o Marqués de Bradomín, en *Sonata de Otoño*, a última carta da súa prima Concha. Compartiron amores adúlteros no pasado, pero hai dous anos que non se ven. Agora, moi enferma e retirada no Pazo de Brandeso, comunícalle o seu desexo de volver estar con el. A carta entrégalla un

<sup>11</sup> Outras especies das que tamén se extraen perfumes, como a rosa, o lirio, o nardo, o limón, a laranxa, etc., son comentadas noutros apartados.

criado de Concha na casa que ten o Marqués en Viana del Prior, onde pasa a tempada de caza tódolos outonos.<sup>12</sup> Noutro momento de *Sonata de Otoño* sabemos que o cofre no que Concha garda as cartas do Marqués exhala

un suave perfume de violetas.

(*Sonata de Otoño*, p. 66)

O perfume de violeta extráese por destilación dos pétalos violáceos e fragrantos de *Viola odorata*, unha especie de violeta que en Galicia só podemos encontrar cultivada en xardíns. É posible facer un perfume de alta calidade a partir das violetas, pero resulta tan difícil e caro, que só os máis ricos poden pagar ese luxo. O segredo do perfume de violeta, que algúns atopan «empalagoso» ata a náusea, é que non suscita en nós ningunha sensación duradeira. Na escena terceira do primeiro acto de *Hamlet*, Laertes compara co aroma das violetas o amor que sente o príncipe de Dinamarca por filla Ofelia:

Precoz, pero non permanente; dulce, pero breve; o perfume e o deleite dun minuto.

As violetas conteñen unha molécula<sup>13</sup> que bloquea o noso sentido do olfacto durante un minuto ou dous, polo que temos a sensación de que o seu aroma aparece e se desvanece de modo sucesivo. Non sorprende que a emperatriz Xosefina,<sup>14</sup> unha muller de sensuali-


<sup>12</sup> Valle-Inclán volve a empregar a mesma frase en *El Marqués de Bradomín*, cando este recorda a carta que unha Concha enferma, pero non moribunda como en *Sonata de Otoño*, lle envía a Roma, cidade na que se atopa desenganado e pensando en facerse frade.

<sup>13</sup> Denomínase *ionona*. É un composto aromático que presenta un grupo cetónico na súa molécula. Atópase nalgunhas plantas e tamén se pode encontrar en viños de calidade.

<sup>14</sup> Xosefina de Beauharnais acostumaba usar un perfume con aroma a violeta, que era a súa marca característica. Cando morreu, en 1814, Napoleón plantou violetas na súa tumba. Pouco antes de partir para o seu exilio en Santa Elena, fixo unha peregrinación ata a sepultura da súa amada, onde cortou algunhas

dade plena e algo enigmática, elixira como firma olorosa un aroma que xoga ás escondidas cos nosos sentidos. Asalta o nariz como unha explosión súbita, para enseguida deixarnos baleiros de olor e, a continuación, retomar novos ciclos de asaltos e retiradas. Ningún aroma dispón dunha técnica máis refinada de sedución.

## LAVANDA



*Lavandula officinalis*

Podemos ler en «Mi Hermana Antonia»:

Y volvió a pasar Antonia con un brasero  
 llo donde se quemaba espliego:

(«Mi Hermana Antonia». *Jardín Umbrío*, p. 130)

A LAVANDA,<sup>1</sup> *Lavandula angustifolia*,<sup>16</sup> é un arbusto moi aromático, con follas grisáceas de ata 60 centímetros e con flores azul-violáceas agrupadas en espigas estreitas, que flo-

violetas e gardounas nun relicario que levou colgado do pescozo ata o final da súa vida.

<sup>15</sup> En español *espliego*.

<sup>16</sup> Son sinónimos *Lavandula vera* e *Lavandula officinalis*.

recen en verán. É unha planta endémica da rexión francesa de Provenza e só se reproduce por sementes. As súas flores, que se recollen entre xullo e agosto, tamén son moi apreciadas en perfumería e cultívanse como plantas ornamentais en moitos xardíns.<sup>17</sup> A única especie deste xénero que se encontra en estado silvestre en Galicia é a ARZAIA ou CANTROXO, *Lavandula stoechas*,<sup>18</sup> un arbusto que florece entre abril e outubro en todo o interior da nosa rexión, en especial na provincia de Ourense. A infusión das flores empregouse como desinfectante de feridas e chagas. Son populares as bolsas que se fan coas inflorescencias (*espigas*) para aromatizar o interior dos armarios. As flores, que producen moito néctar, son valoradas en apicultura.

## ESTORAQUE



*Liquidambar orientalis*

<sup>17</sup> Nas rúas do Londres decimonónico estaban cheas de rapazas pobres que vendían ramiños de violetas e lavanda. Na maxistral película de Chaplín *City lights* (1931), protagonizada por unha rapaza cega que vende violetas, aparece como tema musical principal a música da canción *La Violetera* (1915), que popularizou a cupletista Raquel Meller. Chaplín tivo que pagar ao compositor José Padilla unha suma considerable por plaxio.

<sup>18</sup> O nome do xénero deriva do verbo latino *lavo*: lavar, purificar. O específico procede do grego *stoechas*: aliñados, en alusión á disposición ordenada das flores.

Lemos en *Los Cruzados de la Causa*, que os carlistas ocultan no convento das Comendadoras un cargamento de fusiles de contrabando. Están destinados á defensa da Santa Causa e organizan un plan para sacalos por mar de Viana de Prior. Acordan transportalos en carros ata unha baía, onde os esperará a goleta do capitán Míster Briand. O día sinalado para o traslado hai un forte temporal e a rapaza da pousada, prometida de Míster Briand, está moi preocupada pola sorte do capitán. Con bagoas nos ollos asegúralle ao Marqués de Bradomín que o barco esperará no lugar e hora acordados:

La niña lloró un momento, tapándose los ojos con el pañolito perfumado de estoraque,...

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 182)

O ESTORAQUE, *Styrax officinale*, é unha arboriña europea de follas caducas e flores brancas moi olorosas. Por incisión do seu tronco obtense unha gomorresina comercializada como estoraque ou incenso aromático. Outra especie notable do mesmo xénero é *Styrax benzoin*; unha árbore oriúnda de Xava, Malaca e Sumatra, da que se obtén por incisión da codia o *benjuí*<sup>19</sup> ou *incenso de Xava*. En Brasil e Arxentina viven outras árbores do mesmo xénero das que tamén se obteñen gomorresinas que se queiman como incenso nas cerimoniais relixiosas. Dunha árbore non emparentada coas anteriores, orixinaria de Asia Menor, o *Liquidambar orientalis*, obtense unha gomorresina empregada en perfumería, que se coñece como *estoraque líquido*. Na pri-

<sup>19</sup> É un aroma típico do *Quattrocento*: no ano 1461 o sultán de Exipto, Elmaydi, despachou ao Dux de Venecia, Pascual Malispiero, un cargamento do prezado benjuí; en 1476 outro sultán exipcio, Kaitbei, obsequiou con 15 libras de benjuí á no-bre veneciana Caterina Cornaro; o mesmo soberano regalou un cargamento de incenso de Java ao florentino Lorenzo o Magnífico.

meira escena de *Águila de Blasón*, Sabelita, que asiste á novena da Nosa Señora da Piedade, sofre un esvaecemento durante o estarrecedor sermón de Fray Jerónimo Argensola.

Se oyen algunos suspiros, y una devota se desmaya. La rodean otras devotas, y en la oscuridad albean los pañolitos blancos, que esparcen un olor de estoraque al abanicar el rostro de la desmayada.

(*Águila de Blasón*, p. 52)

En *Romance de Lobos*, Benita la Costurera, cumprindo o mandato de Don Juan Manuel, entra na cociña para organizar o reparto de viño e comida entre a tropa de mendicantes. Cando remata

se limpia los ojos enfermos con un trapo de hilo que trasciende a estoraque, y sale de la cocina.

(*Romance de Lobos*, p. 104)

En *Beatriz*, despois de que o Señor Penitenciario lle comunique que a súa filla nunca estivo posuída:

La Condesa sonrió tristemente, inclinándose para buscar su pañuelo, que acababa de perdersele. El Señor Penitenciario lo recogió de la alfombra. Era menudo, mundano y tibio, perfumado de inciense y estoraque, como los corporales de un cáliz.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 97)



*Styrax benzoin*

## INCENSO



*Boswellia sacra*

O narrador de *Los Cruzados de la Causa* informa que a Sala Capitular da Santa Igrexa Colexiata de Viana del Prior,

era grande, silenciosa y con olor de incienso.  
(*Los Cruzados de la Causa*, p. 97)

O auténtico INCENSO obtense da gomoresina que sae das incisións feitas no tronco de *Boswellia sacra*, unha arboriña que medra nas vertentes pedregosas do sur da península arábrica. Segundo o Evanxeo de San Mateo é, xunto coa mirra e o ouro, un dos presentes que os Reis Magos entregaron ao neno Xesús.<sup>20</sup> En «La Adoración de los Reyes», Valle-Inclán sitúa a epifanía de Xesús ante os Reis Magos na Galicia moderna. Os tres magos axeonlláronse para adorar ao Neno e bicarlle os pés.

<sup>20</sup> «Al ver la estrella sintieron grandísimo gozo, y, llegando a la casa, vieron al niño con María, su madre, y de hinojos le adoraron, y, abriendo sus cofres, le ofrecieron como dones oro, incienso y mirra» (Mateo II, 10-11).

Después se levantaron, y volviéndose a sus camellos le trajeron sus dones: Oro, Inciense y Mirra.

Y Gaspar dijo al ofrecerle el Oro:

—Para adorarte venimos de Oriente.

Y Melchor dijo al ofrecerle el Inciense:

—¡Hemos encontrado al Salvador!

Y Baltasar dijo al ofrecerle la Mirra:

—¡Bienaventurados podemos llamarnos entre todos los nacidos!

(«La Adoración de los Reyes».

*Jardín Umbrío*, p. 73)

Lemos nunha acotación de *Divinas Palabras*:

Unas beatas con olor de incienso en las mantillas, salen deshiladas de la iglesia.

(*Divinas Palabras*, p. 130)

## MIRRA



*Commiphora abyssinica*

En *Sonata de Otoño* o Marques de Bradoimín describe un retablo da capela do Pazo de Brandeso:

La lámpara del presbiterio alumbra día noche ante el retablo labrado como joyel de re-

yes: Los áureos racimos de la vid evangélica parecían ofrecerse cargados de fruto. El santo tutelar era aquel piadoso Rey Mago que ofreció mirra al Niño Dios: Su túnica de seda bordada de oro brillaba con el resplandor devoto de un milagro oriental.

(*Sonata de Otoño*, p. 105. «El Miedo».

*Jardín Umbrío*, p. 76)

A MIRRA<sup>21</sup> é unha gomorresina aromática de cor avermellada, que se extrae por incisión do tronco de *Commiphora abyssinica*, unha árbore que ten o seu hábitat natural nas montañas de Arabia e Abisinia. Era moi valorada na antigüidade, xa que formaba parte da composición de moitos perfumes, unguentos e medicinas.<sup>22</sup> Na Biblia, a mirra é un dos principais compostos do aceite da Unción Santa,<sup>23</sup> pero é sobre todo un perfume cargado de erotismo.<sup>24</sup> Estaba tamén entre os regalos entregados a Xesús polos tres Magos. En «Beatriz», conto de *Jardín Umbrío*, o Señor Penitenciario le esta oración, antes de confesar a filla da condessa:

<sup>21</sup> A orixe mítica da mirra aparece explicado na historia de Adonis. A versión máis repetida é a seguinte: O rei de Siria, Tías, tiña unha filla, Mirra, á que a cólera de Afrodita impulsou a desexar unha relación incestuosa co seu pai. Axudada por Hipólita, a súa ama de cría, logrou enganar ao seu pai, e uniuse con el durante doce noites; pero á duodécima, Tías deuse conta da estratagemata da filla e, armado cun coitelo perseguiuna coa intención de matala. Ante o perigo, Mirra invocou a protección dos deuses, os cales a transformaron nunha árbore: a árbore de mirra. Nove meses despois, abriuse a codia deixando saír un neno, que recibiu o nome de Adonis. Afrodita, entenrecida pola beleza da criatura, recolleuno e entregoullo en segredo a Perséfone para que o criara. Pero esta, prendouse do neno e negouse a devolverlo. A disputa entre as dúas deusas foi resolta por Zeus, decidíndose que Adonis viviría un terzo do ano con Afrodita, outro con Perséfone, e o terzo restante onde lle apetecera. Adonis sempre escolliu pasar ese terzo con Afrodita.

<sup>22</sup> Os gregos, que ao parecer tiñan uns viños bastante malos, aromatizábanos con mirra e outros perfumes.

<sup>23</sup> Yahvé falou a Moisés, dicendo: «Toma aromas; quinientos ciclos de mirra de primeira;...» (Éxodo 30, 23)

<sup>24</sup> Aparece mencionado neste sentido sete veces no cantar dos cantares, por exemplo no versículo 1, 13: «Es mi amado para mí bolsita de mirra, que descansa entre mis pechos».

¡Oh Tristísima y Dolorosísima Virgen María, mi Señora, que siguiendo las huellas de vuestro amantísimo Hijo, y mi Señor Jesucristo, llegasteis al Monte Calvario, donde el Espíritu Santo quiso regalaros como en monte de mirra, y os ungió Madre del linaje humano!

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 95)

## PALO SANTO



*Guajacum officinale*, unha variedade de «palo santo»

Conta o Marqués de Bradomín en *Sonata de Otoño* que a súa nai, María Soledad Carlota Elena Agar y Bendaña, leva unha «vida retirada y devota» no seu Pazo de Bradomín, onde pasa

horas y horas hilando en su rueca de palo santo, olorosa y noble.

(*Sonata de Otoño*, p. 95)

PALO SANTO é o nome en español que recibe *Bursera graveolens* no seu lugar de orixe. É unha árbore duns 20 metros de altura que habita na rexión sudamericana do Gran Chaco (norte de Arxentina, Paraguay, Bolivia e Mato Grosso do Brasil), e na costa de Ecuador. Está emparentado coa árbore do incenso (xénero *Boswellia*). A súa madeira, dura, pesada<sup>25</sup> e moi aromática, ten moitos usos. En artesa-

<sup>25</sup> Presenta unha densidade de 1,3 g/cm<sup>3</sup>

nía son típicos os mates, cinceiros, vasos e adornos de «palo santo», xa que é unha madeira moi vistosa —presenta unha cor verde con vetas castaño claro moi marcadas— e duradeira. Tamén se utiliza para elaborar instrumentos musicais, mobles de luxo, e outros traballos que requiren durabilidade e unha terminación excelente. Ten un aroma doce e forte cando se queima, polo que se emprega como incenso. Crese que o seu fume arreda aos mosquitos e que protexe ao gando do ataque dos vampiros. Os curandeiros e chamáns utilizan esta árbore nas cerimoniais de *ayahuasca*<sup>26</sup> e nas sesións de cura e limpeza espiritual.

En *Flor de Santidad* lemos que a señora do Pazo de Brandeso

hilaba en su rueca de palo santo, olorosa y noble. [...] Tras los cristales del balcón, todavía hilaba la señora, con las últimas luces del crepúsculo. Y aquella sombra encorvada, hilando en la oscuridad, estaba llena de misterio. En torno suyo todas las cosas parecían adquirir el sentido de una profecía. El huso de palo santo temblaba en el hilo que torcían sus dedos, como temblaban sus viejos días en el hilo de la vida.

(*Flor de Santidad*, pp. 145 e 146)

En «Rosarito», aparece a seguinte descrición:

En el fondo de la estancia, el lecho de palo santo donde había dormido Fray Diego de Cádiz, dibuja sus líneas rígidas y severas a través de luengos cortinajes de antiguo damasco carmesí que parece tener algo de litúrgico.

(«Rosarito». *Jardín Umbrío*, p. 171)

<sup>26</sup> Consumo de bebedizos que conteñen distintos tipos de plantas que inducen estados con alteración de conciencia. É típico na medicina tradicional e nos rituais relixiosos dos pobos nativos amazónicos.

## FLORES


Ádega, a nena protagonista de *Flor de Santidad*, pasaba moitas horas mirando ás nubes, coa inxenua esperanza de que se abriaran ante os seus ollos e a deixaran entrever a Gloria<sup>27</sup> celestial. Unha tarde, finalmente, aconteceu o milagre: o ceo desgarrouse e tivo a primeira visión:

Un atardecer de verano Ádega llegó a la venta jadeante, transfigurada la faz. Misteriosa llama temblaba en la azulada flor de sus pupilas,<sup>28</sup> [...] y sobre su rostro derramábase como oleo santo, mística alegría.

Co tempo as visións da Gloria fixéronse tan nítidas que chegaba a distinguir os rostros dos santos que desfilaban

por fragantes senderos alfombrados con los pétalos de las rosas litúrgicas que ante el trono del Altísimo deshojan día y noche los serafines»; tamén contemplaba «zagales que ... guardaban en campos de lirios ovejas de nevado, virginal vellón,...


(*Flor de Santidad*, p. 87)



<sup>27</sup> A gloria, na doutrina cristián, é a felicidade eterna na contemplación de Deus, que acadan os xustos despois da morte.

<sup>28</sup> Aquí Valle, igual que Becquer nunha rima famosa, confunde as pupilas, que son sempre negras, co iris.

## FLOR<sup>29</sup>



1. pétalos (corola) 2. sépalos (cáliz)  
3. estames 4. pistilo 5. ovario con óvulos  
6. fruto 7. sementes

Escribe Valle-Inclán nunha acotación de «Tragedia de Ensueño»:

Canta el corro infantil la misma tonadilla que la abuela. Al deshacerse, unas niñas con la falda llena de flores se acercan a la vieja, que no las siente, y sigue meciendo a su nieto.

(«Tragedia de Ensueño».

*Jardín Umbrío*, p. 85)

A FLOR é o órgano reprodutivo das plantas anxiospermas, e ten a función de producir sementes mediante a reprodución sexual; para levar a cabo esta reprodución é necesario que o pole, que se localiza dentro das anteras dos estames, sexa levado ata o pistilo dunha flor.<sup>30</sup> As plantas que necesitan atraer

<sup>29</sup> No apartado de *aromas e perfumes* aparecen máis citas nas que aparece a voz *flor*.

<sup>30</sup> Este proceso, que se denomina *polinización*, pode ser *directo* ou *autopolinización*— só no caso de flores hermafroditas e como última opción—, pero na maioría dos casos a polinización é *cruzada*. Segundo o axente que se encarga de transportar o pole ata o pistilo, podemos distinguir varios tipos de polinización cruzada: *polinización anemófila*, cando o axente que se encarga do transporte é o vento —soen ser especies que producen moito pole e poden orixinar problemas de alerxia nos humanos, como sucede coas gramíneas—; *polinización entomófila*, neste caso o axente transportador son os insectos; *polinización*

aos insectos para levar a cabo esta polinización, presentan flores con algunha ou varias das seguintes características: *cores vistosas, glándulas aromáticas e produción de néctar*.

Aínda que cada flor posúe secundariamente un simbolismo propio, a flor en xeral emprégase alegoricamente para representar os atributos da primavera, da xuventude e da virtude: beleza, amor, inocencia, bondade, etc; pero, pola súa pronta caducidade, tamén poden representar a efémera brevidade da vida, da beleza e dos praceres.

¡Hoy eres una rosa!... ¡Mañana, unas vi-  
ruelas, una alferecía, un humor, un aire ético,  
en último resultado, los años te dejan marchita!

(«Ligazón». *Retablo de la Avaricia,  
la Lujuria y la Muerte*, p. 62)

Con frecuencia, as protagonistas das obras de Valle son comparadas cunha flor, pero ademais, en moitas ocasións, aparecen tamén asociadas a unha flor concreta e, de paso, á súa simboloxía. Desta maneira o escritor consegue transmitir indirectamente os trazos da personalidade destas mulleres. Presento a continuación varios textos que exemplifican o uso que fai Valle do simbolismo da flor para caracterizar a catro protagonistas femininas: Ádega, Doña María, Sabelita e Concha:

Ádega levantó hasta el peregrino las tímidas violetas de sus ojos:

(*Flor de Santidad*, p. 108)

ÁDEGA, a humilde e inocente pastora de *Flor de Santidad*, aparece varias veces comparada cunha flor; pero na maioría das ocasións está asociada, utilizando sempre os ollos como pretexto, a unha violeta, flor que simboliza modestia, simplicidade, confianza e le-

*ornitófila*, cando son os paxaros os que se encargan da polinización.



aldade; atributos que caracterizan perfectamente ó carácter de Ádega. Outro exemplo claro é Doña María, a dona de Don Juan Manuel de Montenegro, que se presenta vinculada a unha flor, pois ten

manos unguidas con ese encanto de las flores marchitas.

(*Águila de Blasón*, p. 115)

Dona María tamén se presenta asociada a un caravel, flor cuxa simboloxía, amizade, amor conxugal, seguridade e pragmatismo, se axusta bastante ben con seu carácter.

¡Era la madre de los pobres! ¡Fruto de buen árbol! ¡Tierra de carabeles!

(*Romance de Lobos*, p. 94)

Máis complexo é o caso de Sabelita pois, a triste e trágica protagonista das *Comedias Bárbaras*, é un personaxe un tanto ambiguo que aparece asociado, ademáis de a unha flor, a unha dalia e a un caravel.

Tiene la niña esa expresión triste que tienen las dalias en los floreros.

(*Cara de Plata*, p. 72)

...no merecía el regalo de que os tocase aquella boca de carabel!

(*Águila de Blasón*, p. 157)

Se analizamos o comportamento de Sabelita ao longo das tres obras nas que aparece,<sup>31</sup> vemos que o seu carácter presenta as-

pectos do simbolismo da *dalia*: impulso, paixón, inestabilidade; e do *caravel*: especialmente amizade e amor conxugal. Ademais, Sabelita sempre «ten algo» de *flor*: beleza, inocencia e dozura:

La barragana asoma en la puerta, una nube de tristeza vela sus ojos, ojos de niña y de devota, que tienen algo de flor.

(*Águila de Blasón*, p. 70).

O exemplo máis claro do uso que fai Valle-Inclán da simboloxía floral é o de Concha. A condesa de Brandeso aparece algunhas veces asociada a flores e a azucenas; pero son as rosas as flores que máis a representan:

Concha estaba al pie de la escalinata, entretenida en hacer un gran ramo con las rosas. Algunas se habían deshojado en su falda, y me las mostró sonriendo: [...] Y hundió en aquella fresca aterciopelada sus mejillas pálidas: —¡Ah, que fragancia! Yo le dije ronriendo: ¡Tu divina fragancia! Alzó la cabeza y respiró con delicia, cerrando los ojos y sonriendo, cubierto el rostro de rocío, como otra rosa, una rosa blanca.

(*Sonata de Otoño*, p. 59)

A rosa é unha flor que reúne un amplo e complexo simbolismo,<sup>32</sup> pero sempre personifica o amor en calquera das súas manifestacións. Atrévome a simplificar dicindo que as de flores vermellas representan o amor paixón; as de pétalos rosas, o amor puro e casto; e as de flores brancas, o amor místico. Con-

<sup>31</sup> Ó principio de *Cara de Plata* aparece como unha moza fermosa, doce e inocente. Máis tarde é raptada, forzada e seducida por Don Juan Manuel; e aínda que non se menciona explicitamente, dáse a entender que manteñen, durante un tempo, unha relación apaixonada. En *Águila de Blasón*, Sabelita vive na casa de Don Juan Manuel, onde intenta facer o papel dunha esposa cariñosa, fiel e comprensiva. Pero, como non soporta a presenza de Liberata la Blanca, a nova querida de Don Juan, foxe e vive un tempo de caridade nunha humilde casa de aldeáns. Para terminar cos seus sufrimentos, intenta suicidarse

tirándose ao río, pero é rescatada por un barqueiro. En *Romance de Lobos* Sabelita, atendendo ao rogo de Micaela la Roja preséntase ante Don Juan Manuel de Montenegro coa esperanza de animalo, pois anda desesperado e trastornado dende a morte da súa muller. Pero Don Juan, cunha crueldade inesperada e inmerecida, dille que ela non se chama Isabel, senón «voz de mentira», «cuervo de ingratitud», «sierpe de hipocresía» e «brasa de lujuria».

<sup>32</sup> GONZÁLEZ DE GARAY, M<sup>a</sup> Teresa (2002): *Valle-Inclán Sub Rosa*.

cha, a protagonista de *Sonata de Otoño* e *El Marqués de Bradomín*, presenta un carácter contradictorio. Aparece como muller apaixonada e adúltera, pero tamén como esposa e nai; vive atormentada polo remordemento e sofre arrebatos místicos. Para transmitirnos os sentimentos da condessa, e tamén o seu aspecto enfermizo, Valle recorre a comparacións con rosas brancas e rosadas, moitas veces murchas, pero nunca encarnadas...<sup>33</sup>

As seguintes citas, extraídas de *Sonata de Otoño*, ilustran acerca do amor mórbido e apaixonado que se profesan os primos. Empezo cunha frase un pouco longa na que o Marqués, ademais de facer unha declaración de principios en contra do sadismo, explica a iniciación amorosa de Concha.

Concha tenía para mí todos los encantos de otro tiempo, purificados por una divina palidez de enferma. Era verdad que yo había sido su maestro en todo. Aquella niña casada con un viejo, tenía la cándida torpeza de las vírgenes. Hay tálamos fríos como los sepulcros, y maridos que duermen como las estatuas yacentes de granito; ¡Pobre Concha! Sobre sus labios perfumados por los rezos, mis labios cantaron los primeros triunfos del amor y su gloriosa exaltación. Yo tuve que enseñarle toda la lira: Verso por verso, todo el rosario<sup>34</sup> de sonetos de Pietro Aretino.<sup>35</sup>

<sup>33</sup> Imaxino cores rosas cando o Marqués recorda que nos momentos de paixón de Concha vía «florecedor as rosas de sus mejillas», pero, como Valle non especifica máis, tamén poderían ser vermellas.

<sup>34</sup> Rosario significa colección de rosas. Antigamente chamábase Salterio da Virxe María. Pero despois impúxose o nome de Santo Rosario, pois a rosa é o símbolo da Virxe. Parece ser que as doas dos antigos rosarios estaban formadas por pétalos de rosa secos e coidadosamente enrolados.

<sup>35</sup> *Pietro Aretino* (Arezzo, 1492-Venecia, 1556), poeta, escritor e dramaturgo renacentista. É coñecido principalmente polos seus escritos licenciosos, sobre todo polos *Sonetos luxuriosos*. Transcribo un destes sonetos, e que ilustra acerca da lascivia do Marqués e sobre a relación carnal desinhibida que existía entre os amantes. Aínda que costa imaxinar á Concha da *Sonata de Otoño* «disfrutando» estas lecturas.

Aquel capullo blanco de niña desposada, apenas sabía murmurar el primero. Hay maridos y hay amantes que ni siquiera pueden servirnos de precursores, y bien sabe Dios que la perversidad, esa rosa sangrienta, es una flor que nunca se abrió en mis amores. Yo he preferido siempre ser el Marqués de Bradomín, a ser ese divino Marqués de Sade.

(*Sonata de Otoño*, p. 65)

(Valle-Inclán volve a empregar parte desde texto en *El Marqués de Bradomín*, p. 282)

Ella se acercó sin hacer ruido, me miró suspirando y puso en agua el ramo de rosas frescas que traía.

(*Sonata de Otoño*, p. 54)

Concha, con los ojos arrasados en lágrimas, me alargó una de sus manos, y, como en otro tiempo, mis labios recorrieron los dedos haciendo florecer en sus yemas una rosa pálida.

(*Sonata de Otoño*, p. 45)

...la llevé hasta la cama. Ella entonces ya se sometía feliz. Sus ojos brillaban, y sobre la piel blanca de las mejillas se pintaban dos hojas<sup>36</sup> de rosa.

(*Sonata de Otoño*, p. 52)

#### SONETO XI

(*Una pareja dialoga sobre sus deseos*)

-Separa bien los muslos, alma mía que quiero bien de cerca ver tu rosa  
¡Oh, suavísimo vello! ¡Oh, rica cosa!  
¡puerta de mi ilusión! ¡Miel! ¡Ambrosía!  
Un capricho me llena de alegría;  
voy a comerme fruta tan golosa;  
me volveré y seré treta graciosa  
pues a tu boca irá mi mercancía.  
-¡Que me aplasta! ¡Aguarda! ¡Ay, mi pecho!  
Jamás tan cerca vi verga tan tiesa  
Mas juro que he de dejarte satisfecho.  
-¡Hola al cabrón! ¡Miren la permuta!  
El lame en el panal como en barbecho  
y ella cree que la verga es una fruta  
-¿Vieja, quieres aquí poner tu morro?  
-Hijo no me pongáis los dientes largos  
que tan sólo de veros ya me corro.

<sup>36</sup> Supoño que quere dicir pétalos.

Como temblaba tanto, quise dar calor a todo su cuerpo con mis labios, y mi boca recorrió celosa sus brazos hasta el hombro, y puse un collar de rosas en su cuello.

(*Sonata de Otoño*, p. 74)

Rodeó mi cuello, y con una mano levantó los senos, rosas de nieve que consumía la fiebre.

(*Sonata de Otoño*, p. 75)

[...] y vi florecer las rosas en sus mejillas.

(*Sonata de Otoño*, p. 93)

Pero non todo son momentos de paixón. A condesa, muller enferma e con escrúpulos relixiosos, vive acosada por padecementos físicos;

La pobre, deixando asomar a sus labios aquella sonrisa doliente que parecía el alma de una flor enferma.

(*Sonata de Otoño*, p. 49)

e mortificacións espirituais, pois séntese culpable pola relación adúltera que mantén co Marqués: nunha ocasión soña que se atopa nun labirinto chorando sen consolo, cando se lle aparece un Arcanxo; despois de ser conducida por Este ata á saída do labirinto, a condesa faille tres preguntas. Se debe entrar nun convento e se vai morrer pronto, foron as dúas primeiras, e non obtiveron resposta. Na terceira, á que o Arcanxo respostou con dúas lágrimas, Concha preguntou

si debía deshojar en el viento la flor de nuestros amores;

(*El Marqués de Bradomín*, p. 284)

Vexamos outras citas onde Valle-Inclán compara cunha flor a outros personaxes:

En «Mi Hermana Antonia»:

Antonia murmuró, blanca como una flor. («Mi Hermana Antonia». *Jardín Umbrío*, p. 122).

En *Los Cruzados de la Causa*, referíndose a la Niña de la Posada, cando a nai lle entrega unha carta do capitán inglés ao que está prometida:

Le hablaba al oído, inclinada la cabeza de nieve sobre la crencha negra y brillante de la niña, que se volvió lentamente, los ojos como dos flores.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 185)

«¡Era flor de ese gran árbol esa prenda muerta!» Exclama, en «El Embrujado», Rosa la Galana referíndose ao seu filliño morto (*a flor*) e a Don Pedro Bolaño (*a árbore*). Responde este último:

DON PEDRO.— ¡Era flor de la tierra!

(«El Embrujado». *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. p. 149)

En «Tragedia de Ensueño», di unha avoa:

Tuve una oveja blanca que le servía de nodriza, pero la comieron los lobos en el monte... ¡Y el nieto mío se marchita como una flor!

(«Tragedia de Ensueño». *Jardín Umbrío*, p. 80)

En *Los Cruzados de la Causa*, exclama unha muller durante o enterro de Bieitiño:

¡Era la flor de los marinos!

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 193)

Remato estas citas transcribindo o fermoso final de *Sonata de Otoño*:

¡La pobre Concha había muerto! ¡Había muerto aquella flor de ensueño a quien todas mis palabras le parecían bellas! ¡Aquella flor de ensueño a quien todos mis gestos le parecían soberanos!... ¿Volvería a encontrar otra pálida princesa, de tristes ojos encantados, que me admirase siempre magnífico? Ante esta duda lloré. ¡Lloré como un Dios antiguo al extinguirse su culto!

(*Sonata de Otoño*, p. 118)

## ROSA



*Rosa canina*

En «El Embrujado» aparece a seguinte conversa entre Valerio el Pajarito e Rosa la Galana:

LA GALANA.— ¡Qué lindo canto tienes, Pajarito!

EL PAJARITO.— Pajarito soy, y como tal, quisiera estarme toda la vida deshojando una rosa con el pico.

LA GALANA.— ¿Y en acabándose la última hoja, qué harías? ¡Volar!...

(«El Embrujado». *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*, p. 132)

As ROSEIRAS, que pertencen ao xénero *Rosa* e a familia das rosáceas, son arbustos espiñosos e floridos. A rosa silvestre máis común en España e gran parte de Europa é a SILVA MACHO,<sup>37</sup> *Rosa canina*. Presenta flores pouco vistosas de cinco pétalos e moitos estames. A maioría das roseiras, cultivadas tanto para a obtención de perfume<sup>38</sup> como

<sup>37</sup> En español, *escaramujo*.

<sup>38</sup> Un aceite esencial moi valorado en perfumería e cosmética.

pola beleza das flores, xa non son especies botánicas puras, senón o resultado de sucesivas e complicadas hibridacións.<sup>39</sup> Existen en cultivo máis de 30.000 variedades e anúncianse variedades novas tódolos anos. Reproduzo a continuación varios textos nos que aparece citada a rosa con función ornamental:

Hay un silencio largo, donde se oye el zumar de un tábano entre los rosales.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 197)

Se detuvo para oler las rosas frescas que había en un vaso.»

(*Sonata de Otoño*, p. 52)

Decirle que te suba estas rosas.

(*Sonata de Otoño*, p. 58)

La inocente, olvidada de la limosna, vaga por el jardín cogiendo rosas.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 216)

Candelaria con la falda recogida y choclando las mareñas, andaba encorvada bajo un gran paraguas azul cogiendo rosas para el altar de la capilla.

(*Sonata de Otoño*, p. 103)

Los daguerrotipos centellean sobre las consolas, apoyados en los jarrones llenos de rosas

(«Rosarito». *Jardín Umbrío*, p. 169)

Mis hermanas María Isabel y María Fernanda, que eran unas niñas, bajaron a coger ro-

<sup>39</sup> En Europa, en 1250, existían a *Rosa alba*, *Rosa eglanteria*, *Rosa arvensis* e variedades de *Rosa canina*. Poucos anos máis tarde os cruzados trouxeron de Oriente a *Rosa damascena*. Todas estas rosas eran de cores entre rosa e vermello. En 1580 chegou, procedente de Asia Menor, unha rosa de pétalos amarelos, a *Rosa lutea*. Os holandeses crearon, por hibridación de diferentes rosas silvestres coa damascena, unha rosa moi apreciada durante os séculos XVII e XVIII, a *Rosa centifolia*. En 1752 chegou a Europa a primeira rosa china, *Rosa chinensis*. En 1793 cruzando especies europeas con rosas chinas creáronse as primeiras rosas de té híbridas, rosas sutiles e sofisticadas, que despregaron un espectro interminable de formas, cores e aromas.

sas al jardín, y mi madre llenó con ellas los floreros del altar.

(«El Miedo». *Jardín Umbrío*, p. 75)

Concha quiso que fuesen sus manos las que dejasen aquella tarde a los pies del Rey Mago los floreros cargados de rosas, como ofrenda de su alma devota.

(*Sonata de Otoño*, p. 105)

(A mesma frase, cambiando «Concha» por «mi madre» aparece en «El Miedo» de *Jardín Umbrío*, p. 76)

El misterio de los mirtos centenarios, de las fuentes abandonadas, de las rosas que se deshojan en los rosales...

(*El Marqués de Bradomín*, p. 265)

La Condesa casi nunca salía del Palacio. Contemplaba el jardín desde el balcón plateado de su alcoba, y con la sonrisa amable de las devotas linajudas, le pedía a Fray Ángel, su capellán, que cortase las rosas para el altar de su capilla.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 89)

Las rosas marchitas perfumaban la oscuridad, deshojándose misteriosas en antiguos floreros de porcelana que imitaban manos abiertas.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 96)

Para a extracción do aceite esencial cultívanse moitas variedades de rosas.<sup>40</sup> O produto da primeira destilación das flores chámasse *auga de rosas*, e coa destilación deste líquido obtense a *esencia de rosas*. Na actualidade a maioría dos perfumes sintetízanse nos laboratorios químicos, polo que as destilerías están en decadencia. Algunhas especies teñen propiedades medicinais. Aos pétalos de *Rosa centifolia* atribúenselle propiedades laxantes e aos de *Rosa gallica* propiedades astrinxentes e antisépticas. A *auga de rosas* usouse como co-

<sup>40</sup> É moi famosa por este motivo a localidade de Grassé, no sur de Francia.

lirio. Pregoa PICHONA LA BISBISERA, en *Cara de Plata*:

¡Agua de rosas para los ojos!

(*Cara de Plata*, p. 177)

A rosa foi celebradísima en tódalas épocas polos poetas e ten un papel importante en moitas mitoloxías e lendas. A primeira imaxe dunha especie de rosa atópase no pazo de Cnossos, en Creta, datada no 1.600 a.C. É moi probable que o nome da illa de Rodas, tamén en Grecia, derive do grego *rhodos* (= rosa), xa que esta flor aparece como símbolo en moedas da idade de bronce atopadas na illa. Os gregos tiñan moita estima por esta flor, que estaba consagrada a Afrodita. Conta Homero na *Illiada* que esta deusa embalsama con aceite de rosas o corpo morto de Héctor. Segundo o mito de Adonis, as rosas, que en principio eran brancas, tingúronse de encarnado co sangue de Afrodita.<sup>41</sup>

Os antigos romanos estaban obsesionados polas rosas. Con elas facían pasteis, medicinas, pocións de amor e afrodisíacos. As rosas estaban sempre presentes en tódalas cerimonias públicas. Nos grandes banquetes os convidados levaban grinaldas desta flor na cabeza, porque crían que preservaban da embriaguez.<sup>42</sup> Tamén usaban pétalos de rosa

<sup>41</sup> Existen varios mitos sobre a orixe de plantas que se relacionan con Adonis. Un destes mitos conta a orixe da árbore da mirra (ver no apartado dedicado á mirra); outro refírese as rosas. Segundo este mito, as rosas, na súa orixe, eran brancas. O seu cambio de cor está relacionado coa morte de Adonis, protexido de Afrodita. Unha mañá Adonis sae de caza e, desoíndo os consellos da deusa, persigue a un xabarín coa intención de darlle caza, pero o animal revólvese contra el e o deixa ferido de morte. Cando Afrodita corre para socorrela pínchase cunha roseira, e o seu sangue tingue de vermello os pétalos brancos das rosas. Conta tamén este mito que as anémonas naceron do sangue de Adonis.

<sup>42</sup> Os banquetes de Nerón estaban ambientados con perfume de rosas e, as veces, con chubias de pétalos; nunha ocasión a cantidade de pétalos foi tan grande que un invitado morreu asfixiado.

para recheo de almofadas.<sup>43</sup> As cortesáns de Roma celebraban a súa festa en abril, consagrado a Venus Ericina,<sup>44</sup> e mostrábanse adornadas de rosas e mirtos. Os romanos celebraban unha festividade en honor dos defuntos, a *Rosalía*, que consistía en depositar rosas sobre as tumbas.

Coa caída do Imperio Romano a rosa tivo un período de escuridade ata que Carlomagno, no ano 794, no seu «Capitulare de villis vel curtis imperialibus», ordenou o seu cultivo como planta medicinal e ornamental. Isto motivou a súa reintroducción nos xardíns privados e, durante a Idade Media, converteuse no símbolo de amor de cabaleiros e xogares: «Ya no son las rosas frívolas de los romanos... sino las rosas célticas, vivaces y altivas, no desprovistas de espinas y cargados de un dulce simbolismo: la del «Roman de la Rose», que Guillaume de Lorris y Jean de Meung describen como el misterioso tabernáculo del Jardín del amor de la caballería, rosa mística de las letanías de la Virgen, rosas de oro que los papas darán a las princesas meritorias, y en fin la inmensa flor simbólica que Beatriz muestra a su amante fiel al llegar al último círculo del Paraíso, rosa y rosetón a la vez.»<sup>45</sup> Dende a Idade Media converteuse na flor simbólica máis celebrada de occidente, substituíndo como *flor de amor* ao loto exipcio e ao narciso grego.

Na peza *La Rosa de Papel* temos un exemplo claro da importancia que Valle concede á rosa como símbolo do amor. Os protago-

nistas desta historia son Floriana, unha muller aínda xoven e moi enferma, e Simeón Julepe, un ferreiro alcólico e anarquista. Conviden na fragua con tres criaturas mal atendidas, compartindo os improprios e os agravios do desamor. Morre Floriana e unhas veciña lavan e engalanan o corpo da difunta. Unha delas coloca dous cirios a ambos lados do cadáver,

otra sale corriendo, y vuelve con una rosa de papel para adornar el lívido nudo de las manos yertas

(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 93)

Simeón deposita unha coroa aos pés de Floriana e retírase para xuzgar o efecto:

El retablo de vecinos guarda silencio. La difunta, en el fétetro de esterillas doradas, tiene una desolación de figura de cera, un acento popular y dramático. La pañoleta floreada ceñida al busto, las cejas atirantadas por el peinado, las manos, con la rosa de papel saliendo de los vuelillos blancos, el terrible charol de las botas, promueve un desacorde cruel y patético, acaso una inaccesible categoría estética.

(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 95)

Neste momento, cando contempla a rosa de papel, Julepe empeza a sentir amor pola difunta:

JULEPE.— ¡Floriana, que tan angélica te contemplo con esa rosa en las manos!

(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 95)

Un amor que, ante o escándalo e desaprobação dos veciños, transmútase nun desexo cada vez máis intenso:

JULEPE.— Yo no faltó. ¡Floriana, que tan angélica te contemplo con esa rosa y las medias

<sup>43</sup> A expresión «dormir nun leito de rosas» parece ser que provén da costume que tiñan os habitantes máis ricos de Sybaris, unha das máis importantes colonias gregas da Magna Grecia, de encher os colchóns con pétalos de rosas.

<sup>44</sup> Venus Ericina, polo monte Erice (oeste de Sicilia), un dos centros do seu culto. Personificaba o amor «ímpuro» e era a deusa patroa das prostitutas.

<sup>45</sup> GHYKA MATILA, C. *El número de oro*, 2 vol. Ed. Poseidón, Barcelona 1978. Vol.2, p. 41.

listadas! ¡Dispuesta parece para salir en un espectáculo, visión celeste! ¡Se van a ver cosas chocantes en la puerta del Cielo! ¡Rediós, cuando tú comparezcas con aquel buen pisar que tenías, los atontas! [...]

JULEPE.— ¡Apartarse, puñeta! Estoy en mi casa y me pertenece esa visión celeste. ¡Con esa rosa y esas medias listadas, no es menos que una estrella de La Perla!  
(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, pp. 95 e 96)

Ata ser incontrolable: Julepe, cos brazos abertos e tropezando, aproxímase ao ataúde e dá

otro trapiés para llegar a la difunta. Cae una velilla, y en las manos de marfil arde la rosa de papel como una rosa de fuego. Arden las ropas, arde el ataúd. SIMEÓN JULEPE, entre las llamas, abrazado al cadáver, grita frenético.

(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 97)

A simboloxía é moi clara: A rosa de papel transfórmase en «rosa de fuego» e Julepe e Floriana, abrazados entre as lapas, arden ata consumirse...

A rosa é a flor con máis presenza nas obras de Valle-Inclán, sobre todo en *Sonata de Otoño* e en *El Marqués de Bradomín*. O Marqués de Bradomín, ao inicio de *Sonata de Otoño*, identifica os seus amores coa condesa cunha vella roseira:

El viejo rosal de nuestros amores volvía a florecer para deshojarse piadoso sobre una sepultura.

(*Sonata de Otoño*, p. 31)

Cando o Marqués se diríxese ao Pazo de Brandeso para visitar a súa prima enferma, detense a descansar nos muíños de Gondar. O vello muiñeiro ten unha filla «inocente» que, antes de entregarlle unhas herbas milagrosas, murmura estas frases cara ao Marqués:

¡Quiera Dios que se encuentre sana a la señora y con las colores de una rosa!... Dando vueltas en torno al hogar la molinera repetía monótonamente: ¡Así la encuentre como una rosa en un rosal!

(*Sonata de Otoño*, p. 37. *El Marqués de Bradomín*, p. 218)

(Na segunda obra é Ádega a que pronuncia estas frases no xardín do Pazo de Brandeso).

Cando o Marqués de Bradomín chega ao Pazo de Brandeso observa que, a pesar dos desexos da filla do muiñeiro, Concha está moi enferma. Valle, para suxerir a debilidade e o sufrimento da condesa, usa frases nas que asocia os sustantivos *rosa* e *boca* —ás veces tremente—, cos adxectivos *descolorida*, *pálida*, «*marchita*» e *enferma*.

Su boca, una rosa descolorida, temblaba.

(*Sonata de Otoño*, p. 41. *El Marqués de Bradomín*, p. 193)

Y al mismo tiempo, en la rosa pálida de su boca temblaba una sonrisa.

(*Sonata de Otoño*, p. 73)

Y con la sonrisa desvaneciéndose en la rosa marchita de su boca...

(*Sonata de Otoño*, p. 92)

Vi que cerraba los ojos con angustiado gesto, y que su boca, una rosa descolorida y enferma, palidecía más.

(*Sonata de Otoño*, p. 47)

LA DAMA de *El Marqués de Bradomín*, é unha Concha máis outonal e menos apaixonada que a de *Sonata de Otoño*; nas dúas obras aparece como unha rosa que vai desprendendo pétalos e aromas, pero na obra teatral preséntase como unha muller máis etérea, distante e melancólica; tanto na voz dalgúns personaxes,

FLORISEL.— ¡Siempre suspirando! ¡Agora la he visto pasar por aquella vereda cogiendo rosas!

(*El Marqués de Bradomín*, p. 182)

LA MADRE CRUCES.— ¡Y como me place ver a mi señora con las colores de una rosa!

LA DAMA.— De una rosa sin color, Madre Cruces.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 188)

LA DAMA.— ¿Y te acuerdas cuando nos cogíamos de la mano para saltar delante de las consolas y ver estremecerse los floreros cargados de rosas, y los fanales adornados con viejos ramajes, y los candelabros?...

(*El Marqués de Bradomín*, p. 230.

*Sonata de Otoño*, p. 63)

como nas acotacións escénicas:

Por un sendero del jardín aparece la Señora del palacio, que viene cogiendo rosas.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 188)

La Señora del palacio se aleja lentamente, y a los pocos pasos, suspirando con fatiga, se sienta a la sombra de los rosales en un banco de piedra cubierto de hojas secas.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 191)

En tanto, la Señora del palacio, allá en el fondo del jardín, sentada en el banco que tiene florido espaldar de rosales, termina de leer la carta.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 194)

Van comentando en voz baja, y de tiempo en tiempo se detienen en el sendero de mirtos para arrancar una brizna de yerba o enderezar un rosal que se deshoja al paso.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 205)

La sombra, que se esfuma detrás de los cristales, muestra su falda donde las rosas desbordan como el fruto ideal de unos amores que sólo floreciesen en los besos.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 227)

(Aparece tamén en *Sonata de Otoño*, p. 58)

Hunde en aquella frescura aterciopelada sus mejillas pálidas, y alza la cabeza y respira con delicia, cerrando los ojos y sonriendo, cubierto el rostro de rocío, como otra rosa, una rosa blanca. A modo de lluvia arroja sobre el Marqués de Bradomín las rosas deshojadas en su falda.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 227)

(Xa citei unha frase case idéntica que aparece en *Sonata de Otoño*, p. 59)

Cuando descendía la escalinata, me saludó arrojando como una lluvia las rosas deshojadas en su falda.

(*Sonata de Otoño*, p. 59)

Las últimas rosas de otoño empezaban a marchitarse y esparcían ese aroma indeciso que tiene la melancolía de los recuerdos.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 231)

Beatriz, a nena protagonista do conto que leva o seu nome, tamén é comparada cunha rosa branca.<sup>46</sup>

<sup>46</sup> Outros usos da rosa en sentido figurado son os seguintes: «¡Rosa de mi sangre, que mi vida alegraba!» («El Embrujado. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.147). «Eras tú como un ramo de blancas rosas en esta capilla triste de mi vida...» («Tragedia de Ensueño». *Jardín Umbrío*, p. 86). «La otra, la del guante negro, solía disimularla entre el pañolito de encaje, y sólo al santiguarse la mostraba entera, tan triste y tan sombría sobre la albu de su frente, sobre la rosa de su boca, sobre su seno de *Madona Litta*.» («Mi Hermana Antonia». *Jardín Umbrío*, p. 123). *A Madona Litta* é unha pintura datada en 1491 e atribuída a Leonardo da Vinci. Representa á Virxe co Neno e consérvase no Museo do Hermitage en San Petersburgo. «Liberata la Blanca bate en un cuenco la nata de la leche, y en la rosa de los labios tiene la rosa de un cantar.» (*Águila de Blasón*, p. 78). Esta frase contén unha dobre metáfora. «Su mal, es la tristeza de recordar la figura amorosa y gentil que otras veces había encantado, como triunfo de rosas que florecen en viejo tronco, el soberbio declinar de su vida apasionada y violenta.» (*Águila de Blasón*, p. 129). «Sabelita toma una manzana encendida como las rosas, y suspira gozando aquel aroma de bálsamo y de flor.» (*Águila de Blasón*, p. 166). «¡Agora mismo oigo su voz, y siento que me llama, batiendo blandamente, no con la mano, sino con el talón del pie, menudo y encendido como una rosa de mayo!...» (*Flor de Santidad*, p. 148). «— Aquí en la villa. Las tres nietas del Señor mi Conde. Tres rosas frescas y galanas. ¡Para cada uno de vosotros la suya!



Beatriz evocaba el recuerdo de aquellas brancas y legendarias princesas, santas de trece años ya tentadas por Satanás. Al entrar la Condesa, se incorporó con extravío, la faz lívida, los labios trémulos como rosas que van a deshojarse.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 99)

¡Miren con cuanta atención está la blanca rosa! No me aparta la vista.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 101)

(A frase desta cita e a da seguinte son pronunciadas pola saudadora de Céltigos)

A esa rosa galana le han hecho mal de ojo. En un espejo puede verse, si a mano lo tiene mi señora.

(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 101)

## LIRIO E AZUCENA



*Iris pseudacorus*

Informa o narrador de *Los Cruzados de la Causa*, que o Marqués de Bradomín

Llevaba sobre los hombros una talma forrada en piel de marta, y en el lado izquierdo

---

Los zagales reían al oírle: —Estas rosas están guarnidas de muy luengas espinas. Solamente tú puédeslas coger» (*Flor de Santidad*, p. 129). «El santo ermitaño alzó la mano de la brasa, y en la palma llagada vio nacerle una rosa y a su lado al Señor Jesucristo» («Un Ejemplo». *Jardín Umbrío*, p. 195.)

abría sus lises de sangre la cruz de Santiago.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 196)


Reciben o nome de LIRIO as flores de moitos xéneros vexetais, principalmente dos xéneros *Iris* e *Lilium*.<sup>47</sup> As plantas de ambos xéneros presentan un bulbo ou rizoma do que sae un talo ou escapo, recuberto de follas lineares, que remata nunha inflorescencia.

As especies do xénero *Iris* teñen unha gran capacidade de hibridación, polo que existen milleiros de variedades distintas. Presenta unha gama de coloracións que vai dende o branco ao violeta, pasando polo amarelo e o vermello. En moitas especies de *Iris* os rizomas secos utilízanse en perfumería porque exhalan un agradable olor a violeta.<sup>48</sup> Os *Iris*, coñecidos e cultivados dende a antigüidade, sempre tiveron un valor simbólico e usáronse como emblema heráldico. É notable o «Lirio de Florencia», inicialmente branco sobre campo vermello e despois vermello sobre fondo branco; ou o «Lirio de Francia», a coñecidísima *flor de lis*,<sup>49</sup> que reproduce, esquematicamente, a estrutura floral do *Iris pseudacorus*. É o lirio máis abundante de Galicia, onde se coñece como ESPADANA AMARELA; florece entre maio e xuño. Vive en regatos, charcas, lagoas e beiras de correntes de auga de zonas baixas e medias. O seu rizoma é, o

<sup>47</sup> As flores deste xénero tamén se coñecen como azucenas (do árabe *as-sussana*).

<sup>48</sup> Quimicamente, o aroma a iris, é o olor da *irona*, unha molécula similar á *ionona*, coñecida en perfumería polo seu olor a violeta. Os aromas de iris poden suxerir tamén o chocolate quente e a vainilla. É un aroma que soe aparecer nos viños tintos de boa crianza. Co rizoma desecado do Iris de Florencia, *Iris germanica*, elabóranse fixadores, moi custosos, para os grandes perfumes. Utilízase este aroma en *L'heure bleue* de Guerlain e no N° 19 de Chanel.

<sup>49</sup> *Lis* é un galicismo que significa lirio. Existen moitas interpretacións deste símbolo. Para uns significa a unión dos tres estamentos medievais: monarquía, igrexa e nobreza. Debido ós tres pétalos é un símbolo da Virxe María: virxe antes, durante e despois do parto. Tamén se ten usado como representación da Santísima Trinidad. Para os psicoanalistas é un símbolo fálico..



Flor de Lis

mesmo que as follas, venenoso para o gando. Empregouse en medicina como vermífugo e vomitivo.

Nos seguintes exemplos, cando Valle-Inclán menciona os lirios heráldicos é posible que se refira a especies do xénero *Iris*. Di o Marqués de Bradomín, en *Sonata de Otoño*, referíndose ás fillas de Concha:

Al verlas recordé aqueles dones celestes concedidos a las princesas infantiles que perfuman la leyenda dorada<sup>50</sup> como lirios de azul heráldico.

(*Sonata de Otoño*, p. 99)

En *Flor de Santidad* Valle describe un amencer aldeán:

En el fondo de las praderas el agua, detenida en remansos, esmaltaba flores de plata. Rosas y lises de la heráldica celestial que sabe la leyenda de los Reyes Magos y los amores ideales de las santas princesas.

(*Flor de Santidad*, p. 90)

Nos demais casos refírese probablemente ao xénero *Lilium*, ao que pertencen as azucenas. O xénero *Lilium* está formado por espe-



*Lilium candidum*

cies de gran beleza. A maioría son cultivadas e importadas de Xapón e China. En Galicia só medra en estado silvestre o *Lilium martagon*, coñecido por MARTAGÓN ou lirio bravo, que florece en xuño e xullo nas zonas montañosas. Presenta un acio terminal de flores de cor violácea ou vermella, con manchas purpúreas no interior e anteras de cor laranxa. Non todas as variedades de azucena son perfumadas, pero hai dúas especies que teñen un olor intenso: *Lilium regale* e *Lilium candidum* ou LIRIO DE SAN ANTONIO. Este último é unha azucena orixinaria de Siria e Palestina, moi cultivada nos nosos xardíns. É unha planta robusta, de ata un metro de altura, provista dun bulbo do que sae o tallo revestido de follas. O ápice termina nun acio de flores brancas, moi olorosas, que amosan no seu interior as anteras amarelas. As azucenas desprenden un aroma intenso, principalmente pola noite. Parece ser que a súa fragancia é máis agradable cando empezan a murcharse.

¡Pobre Concha! Era tan pálida y tan blanca como esos ramos de azucenas que embalsaman las capillas con más delicado perfume al marchitarse.

(*Sonata de Otoño*, p. 68)

Esta especie presenta dende da antigüidade unha gran importancia simbólica, se-

<sup>50</sup> A *Lenda douurada*, en latín *Legenda aurea*, é unha compilación de relatos haxiográficos sobre a vida de santos e mártires. O texto orixinal foi redactado en latín polo dominico Santiago de la VoráGINE, arcebispo de Xénova, a mediados do século XIII. Foi un dos libros máis copiados durante a Idade Media. Inspirou a maior parte das escenas de martirio que aparecen representadas na iconografía de occidente, como as coñecidas escenas do esfolamento do apóstolo Bartolomé, o aseteamento de San Sebastián ou o combate de San Jorge de Capadocia e o dragón.

gundo se pode comprobar pola testemuña de numerosas obras literarias e pictóricas.<sup>51</sup> É símbolo de brancura, o que implica inocencia, pureza e virxindade.<sup>52</sup> Na obra de Valle sempre aparece asociado con anxos, santos, nenos e mulleres en estado de pureza:

No soño que ten Concha, en *Sonata de Otoño* e en *El Marqués de Bradomín*,

[...] se le apareció un Arcángel; no llevaba espada ni broquel, era cándido y melancólico como un lirio.

(*Sonata de Otoño*, p. 81.  
*El Marqués de Bradomín*, p. 283)

En *Flor de Santidad*, referíndose ao romeiro que camiña descalzo sobre os toxos:

Las espinas desgarraban sus pies descalzos, y en cada gota de sangre florecía un lirio.<sup>53</sup>  
(*Flor de Santidad*, p. 100)

En «El Embrujado», referíndose a un neno morto:

LA MOCINA.— ¡Qué lirio blanco, blanco!...  
Parece un Niño Jesús.  
(El Embrujado». *Jardín Umbrío*, p. 146)

<sup>51</sup>Lemos en Lucas 1, 26-28 «En el mes sexto fue enviado el ángel Gabriel de parte de Dios a una ciudad de Galilea llamada Nazaret, a una virgen desposada con un varón de nombre José, de la casa de David; el nombre de la virgen era María. Y presentándose a ella, le dijo: Salve, llena de gracia, el Señor es contigo.» En ningún Evanxeo se di que o anxo Gabriel levara algo na man, pero xa dende a época do Imperio Bizantino os artistas engadiron lirios brancos na representación pictórica da «Anunciación».

<sup>52</sup>En xeral as azucenas, e por extensión outras flores brancas, son considerados como símbolo de pureza, e aí pode estar a razón de que a Cristiandade os asociara á Virxe María. Na antiga Grecia, polo contrario, foi unha flor de Afrodita e simbolizaba a fertilidade e a sexualidade. Nos Evanxeos pode simbolizar tamén submisión aos designios de Deus. Isto é o que se transluce nas palabras de Xesús, cando exhorta a abandonar nas máns da Providencia en Mateo 6, 28: «Y del vestido, ¿por qué preocuparos? Aprendez de los lirios del campo, como crecen; no se fatigan ni hilan.»

<sup>53</sup>Este texto parece dar a entender que o romeiro é un santo, o que non cadra co seu comportamento.

Apunta Valle-Inclán, en *Águila de Blasón*, que Doña María ten nun soño a visión da imaxe do Neno Xesús que se atopa sobre a consola da súa alcoba:

Un Niño Jesús con túnica blanca bordada de plata parece volar sobre la consola, entre los floreros cargados de azucenas.  
(*Águila de Blasón*, p. 132)

Un rayo de luna la deslumbra como la estela del prodigio, y sus ojos, llenos de santas visiones, vuelven a contemplar entre los floreros de azucenas, la túnica blanca del Niño Jesús.  
(*Águila de Blasón*, p. 137)

No conto «La Adoración de los Reyes», aparece a seguinte retrato de San Xosé:

Un anciano de calva sien y nevada barba asomó en el umbral. Su túnica era azul y bordada de estrellas como el cielo de Arabia en las noches serenas, y el manto era rojo, como el mar de Egipto, y el báculo en que se apoyaba era de oro, florecido en lo alto con tres lirios blancos de plata.  
(«La Adoración de los Reyes». *Jardín Umbrío*, p. 72)

Finalmente, dúas citas de lirios en textos de Beatriz e de *El Marqués de Bradomín*.

La Condesa rezaba en voz baja, y sus dedos, lirios blancos aprisionados en los mitones de encaje, pasaban lentamente las cuentas de un rosario traído de Jerusalén.  
(«Beatriz». *Jardín Umbrío*, p. 91)

... El Marqués de Bradomín intenta besar las manos de la dama, aquellas manos olorosas y ardientes que deshojan el amor como un lirio rústico.  
(*El Marqués de Bradomín*, p. 285)

## VIOLETA



*Viola riviniana*

Valle-Inclán presenta con estas palabras á pastora protagonista de *Flor de Santidad*:

Tenía la frente dorada como la miel y la sonrisa cándida. Las cejas eran rubias y delicadas, y los ojos, donde temblaba una violeta azul, místicos y ardientes como preces... Tenía un hermoso nombre antiguo: Se llamaba Ádega.

(*Flor de Santidad*, p. 79)

Reciben a denominación vulgar de VIOLETA varias especies do xénero *Viola*. En Galicia viven en estado silvestre cinco especies deste xénero; a máis abundante é *Viola riviniana*; unha plantiña herbácea frecuente en prados e bosques sombríos, que na primavera amosa unhas bonitas flores violáceas. En *Flor de Santidad* Valle identifica en varias ocasións os ollos azuis e inocentes da pastora con esta humilde flor:<sup>54</sup>

Así, cando Ádega ofrece ao peregrino a corte das vacas para que pase a noite:

Sus ojos de violeta alzábanse en amoroso ruego, y sus labios trémulos permanecían entreabiertos con anhelo infinito.

(*Flor de Santidad*, p. 84)

Máis tarde, sentada no adro do santuario de San Clodio Mártir, observa como se aproxima o romeiro:

Miró, y las violetas de sus ojos sonrieron, y aquella sonrisa de inocente arrobó tembló en sus labios y como óleo santo derramose por su faz.

(*Flor de Santidad*, p. 105)

Cando está preocupada pola seguridade do peregrino, e a pousadeira a manda ir durmir:

Se incorporó obediente, y sus ojos de violeta miraron en torno con amoroso sobresalto.

(*Flor de Santidad*, p. 115)

No momento en que Ádega abandona a pousada despois do asasinato do peregrino, e vaga polos camiños buscando un novo amo ao que servir:

Cuando alguien cruzaba por su lado, las tristes violetas de sus ojos se alzaban como implorando, pero nadie reparaba en ellas.

(*Flor de Santidad*, p. 130)

Cando relata, cunha credulidade inxenua, a historia fantasiosa dun fabuloso tesouro escondido:

Ádega, con las violetas de sus ojos resplandecientes de fe, murmuró como si repitiese una oración aprendida en un tiempo lejano...

(*Flor de Santidad*, p. 135)

Despois de escoitar o nome dunha criada do Pazo de Brandeso e exclamar «¡Rosalva! ¡Qué linda pudo ser la Santa que tuvo ese

<sup>54</sup> Esta flor era o símbolo da antiga Atenas.

nombre, que mesmo parece cogido en los jardines del Cielo!»:

Ádega levanta las violetas de sus ojos y sonríe, humilde y devota:

(*Flor de Santidad*, p. 141)

Cando se inclina para beber na fonte do xardín do pazo de Brandeso, e ten a visión do neno que leva no seu ventre:

Las violetas de sus ojos vieron en el cristal del agua, donde temblaba el sol poniente, aparecerse el rostro de un niño que sonreía.

(*Flor de Santidad*, p. 146)

Ádega describía as súas visións celestiais aos criados do Pazo:

A veces las violetas de sus ojos fosforecían con extraña lumbre en el cerco dorado de las pestañas, y la dueña de los cabellos blancos, que juzgaba ver en ellos la locura, santiguábase y advertía a los otros criados: —¡Tiene el ramo cativo!

(*Flor de Santidad*, p. 147)


A última mención aos ollos de Ádega aparece cando abandona a praia de Santa Baía de Cristamilde, despois de someterse ao rito purificador das sete ondas:

Las violetas de sus pupilas estaban llenas de rocío como las flores del campo, y la luz de la mañana, que temblaba en ellas, parecía una oración.


(*Flor de Santidad*, p. 153)



Rocas




Espadeleiro e espadelas



Restrelo

## PENSAMENTO



*Viola tricolor*

Simeón Julepe, En «La Rosa de Papel», merca unha coroa para a sua muller Floriana, que acaba de falecer:

Entra, con un traspíes, SIMEÓN JULEPE: Metida por la cabeza, hasta los hombros, traía una corona de pensamientos y follaje de latón con brillos de luto, la corona menestral y petulante, de un sentimentalismo alemán.

(«La Rosa de Papel». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 94)

Os PENSAMENTOS son plantas híbridas, cultivadas como ornamentais, obtidas mediante cruces entre dúas violetas silvestres: *Viola tricolor* e *Viola lutea*. Ás veces aparece denominada como *Viola tricolor hortensis*, pero o nome correcto deste híbrido é *Viola x nitrochiana*.

## DALIA



*Dalia*

Sabelita e a nai de «Mi Madre Antonia» son dous personaxes femininos que teñen un destino especialmente trágico. As dúas aparecen vestidas con hábito nazareno (cor morada) e son comparadas coa dalia.

SABELITA aparece por la sombra de los limoneros: Canta la nota popular y dramática del hábito morado, en la penumbra verde: Tiene la niña esa expresión triste que tienen las dalias en los floreros.

(*Cara de Plata*, p. 71)

En la alcoba de mi madre, una señora llorosa que tenía un pañuelo perfumado, y me pareció toda morada como una dalia con el hábito nazareno, me tomó de la mano y se arrojó conmigo, ayudándome a tomar una vela.

(«Mi Hermana Antonia».

*Jardín Umbrío*, p. 132)

O xénero *Dhalia* está representado por unhas 20 especies propias das terras altas mexicanas.<sup>55</sup> Son plantas que, como as margaridas, pertencen á familia das compostas. As flores están reunidas en capítulos bastante grandes e presentan formas e cores moi variados.<sup>56</sup> En 1780 chegaron moitas sementes

<sup>55</sup> A *Dalia* é a flor nacional de México.

<sup>56</sup> Xosefina, a muller de Napoleón, era unha entusiasta desta

desta planta a Europa,<sup>57</sup> por encargo do naturalista español Antonio José Cavanilles, director do «Real Jardín Botánico de Madrid». Cavanillas cultivounas e obtivo unha variedade que nomeou *Dablia variabilis*, en honor do botánico sueco Andreas Dahl —discípulo de Linneo—.<sup>58</sup>

## CARAVEL



*Caraveis*

Referíndose a Sabelita, podemos ler en *Aguila de Blasón*:

¡Cuida que hasta las manos te besó, Don Galán!  
¡Manos negras, manos de trabajo, no

flor e no seu xardín do pazo de Malmaison, tiña unha preciosa colección con distintos exemplares; pero a verdadeira paixón de Xosefina eran as roseiras, das que cultivaba máis de 250 variedades. Durante as guerras napoleónicas, os capitáns de barco ingleses mandábanlle rosas; os correos con novas variedades de rosas tiñan impunidad para moverse entre Inglaterra e Francia.

<sup>57</sup> O naturalista alemán Alexander von Humboldt, que realizou unha famosa expedición a Sudamérica, enviou sementes a Berlín no ano 1804.

<sup>58</sup> Carlos Linneo (1707-1778), naturalista sueco artífice da actual clasificación natural dos seres vivos. Fixou a *nomenclatura binomial*, mediante a cal cada especie queda determinada con dous nomes: o xenérico e o específico. Aplicando esta nomenclatura, puxo nome a miles de especies, principalmente vexetais.

merecíais el regalo de que os tocase aquella boca de carabel!

(*Águila de Blasón*, p. 157)

Reciben o nome común de CARAVEL varias especies do xénero *Dianthus*, que pertencen a familia das cariofiláceas. Presentan flores brancas, rosadas ou encarnadas, a veces moi olorosas. Os caraveis cultivados son variedades de *Dianthus caryophyllus*, unha planta que medra en zonas montañosas de España, pero que non se atopa en Galicia. Presenta un olor semellante ao que desprende o cravo de olor. Din os mendigos, en *Romance de Lobos*, referíndose á defunta Doña María:

¡Era la madre de los pobres! ¡Fruto de buen árbol! ¡Tierra de carabeles!

(*Romance de Lobos*, p. 94)

Nas obras comentadas aparecen varios cans que atenden ao nome de «carabel».<sup>59</sup>

## MARGARIDA



*Bellis perennis*

<sup>59</sup> Valle-Inclán, cando vivía en Cambados, tivo un can que se chamaba «Caravel». Profesáballo moito afecto e, cando morreu, dedicoulle o poema que leva o título de «Mi perro». (ver VIANA, Víctor. «Valle-Inclán en Cambados»). *Cuadrante*, n.º 3.

En *Flor de Santidad* aparece unha cita na que se fai referencia ao costume de consultar ás margaridas acerca dos afectos que esconde o corazón da persoa amada.

Bajo la fronda de aquel laberinto, sobre las terrazas y en los salones, habían florecido las risas y los madrigales, cuando las manos brancas que en los viejos retratos sostienen apenas los pañolitos de encaje, iban deshojando las margaritas que guardan el cándido secreto de los corazones.

(*Sonata de Otoño*, p. 58. *El Marqués de Bradomín*, p. 228)

Coñécense co nome de MARGARIDA varias especies da familia das compostas, a máis común é *Bellis perennis*, tamén chamada *velorita*. É unha planta herbácea nativa de Europa. As follas, comestibles en ensaladas, forman unha roseta na base dos escapos florais, que poden acadar 15 centímetros de altura. As lígulas das súas inflorescencias son brancas, a miúdo coa punta e as beiras purpúreas. Estas lígulas, que non debemos confundir con pétalos, préganse tódalas noites para protexer o receptáculo, cónico e de flores amarelas. Os froitos son aquenios. É unha especie moi frecuente en todo tipo de prados, e podemos ver as súas flores durante case todo o ano. A infusión de follas e flores emprégase como diurética e depurativa; tamén se considera antiséptica e úsase de maneira tópica contra o acné e outras infeccións da pel. Nunha escena na que Doña María conversa en soños co Neno Xesús:

Doña María llora desconsolada. El Niño Jesús se aleja por la orilla del sendero, cogiendo margaritas silvestres, y la señora cuando después de un momento levanta hacia él los ojos llenos de lágrimas, le llama con maternal y piadosa alarma.

(*Águila de Blasón*, p. 136)

## ALELÍ



*Matthiola incana*

Os ALELÍS son flores que pertencen á familia das crucíferas. Os distintos tipos de alelís proceden dos xéneros *Matthiola* e *Cheirantus*, e de hibridacións entre eles.

*Matthiola incana* é unha planta perenne de 30 a 60 centímetros de altura. As flores, moi aromáticas, aparecen reunidas nunha panícula terminal e presentan pétalos brancos, rosados ou púrpuras. Medra sobre muros e zonas pedregosas de toda a conca mediterránea. O froito é unha silícuca. É unha das plantas que se cultivan en xardinería co nome de alelí, en variedades moi distintas, unhas con flores de inverno e outras primaverais.

*Cheiranthus cheiri*, ou alelí amarelo, é unha planta orixinaria de Grecia, presenta flores en acios, olorosos e amarelos con estrías ou manchas pardas. Florece d marzo a maio. O froito é unha silícuca tetrágona e comprimida. Medra espontáneo en toda España sobre muros de pedra. Tamén medra, lemos en *Sonata de Otoño*, sobre os muros do Pazo de Brandeso:

El sol dejaba un reflejo dorado en los cristales, los viejos alelís florecían entre las grietas del muro, y un lagarto paseaba por el balaustral.

(*Sonata de Otoño*, p. 61)

## NARDO



*Nardostachys jatamansi*

En *Los Cruzados de la Causa*, a inxenua Francisca, unha «hermana lega» que acaba de escoitar o evanxélico discurso do Maestre-Escuela, murmura estas palabras á Madre Abadesa:

¡Qué palabrinas de nardo y de miel, mi Niño Jesús!

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 159)

Existen polo menos dúas especies que responden ao nome de nardo: o nardo común e o nardo índico. Francisca probablemente se refire ao nardo índico, por ser o que se menciona nos Evanxeos.

O NARDO COMÚN ou «vara de San José» é una planta herbácea moi fragante<sup>60</sup> da familia das agaváceas, que se coñece co nome científico de *Polianthes tuberosa*. As súas flores poden ser brancas ou cor crema. Cultívase principalmente polas súas flores e para perfumería.<sup>61</sup> Como esta planta é orixinaria

<sup>60</sup> Unha soa vara floral pode perfumar unha habitación durante semanas. O seu perfume é bastante forte e pode resultar desagradable.

<sup>61</sup> A esencia natural de nardo, obtense pola técnica de extracción de perfumes en frío: as flores depositanse sobre placas cubertas de graxa inodora, e déixase un tempo para que a



de México e non foi introducida en Europa e Asia ata o século XVI, non pode ser o *nardo* que aparece mencionado varias veces na Biblia.<sup>62</sup>

A maioría dos autores afirman que o nardo bíblico é unha planta aromática que medra no Himalaia, a máis de 3.500 metros de altitude. Trátase de *Nardostachys jatamansi*, unha especie pertencente á familia das valerianáceas e que se denomina vulgarmente NARDO ÍNDICO. Das raíces desta planta obtense un perfume moi valorado na antigüidade.

Os padres da igrexa presentan ao nardo índico como símbolo de humildade; o que non cadra co carácter real e suntuoso deste perfume. A interpretación simbólica resolve o problema: o nardo índico é unha planta humilde, pero produce un perfume marabilloso. O mesmo pasa coa humildade, que produce os froitos da santidad máis sublime.

---

graxa se impregne co perfume. A operación repítese colocando novas flores, ata que a graxa se satura de perfume. Esta trátase entón cun disolvente como o etanol, para obter a esencia de nardo, que desprende un olor moi embriagador. Esta esencia é tan forte que é necesario dosificala moi ben cando se elaboran os perfumes. Este olor embriagador, persistente, un pouco inquietante, está tamén presente na flor fresca. Cóntase que Madame de La Vallière, amante de Luís XIV, facía colocar na súa cámara ramos de nardos; pois dicíase que as embaixadas non podían soportar o cheiro dos nardos, e quería probar á raíña que non estaba preñada. En Italia prohibíase ás mozas pasear de noite polos xardíns nos que houbera nardos, pois non serían capaces de resistirse á sedución dos mozos, tamén embriagados polo seu perfume erótico.

<sup>62</sup> O perfume de nardo aparece no *Cantar dos Cantares* (1, 12 e 4, 14) e nos Evanxeos, na pasaxe da «unción de Betania» (Mc 14, 3-9; Mt 26, 6-13 e Xn 12, 3-5). Transcribo a versión de San Xoán: «María (Magdalena), tomando una libra de unguento de nardo legítimo, de gran valor, ungió los pies de Jesús y los enjugó con sus cabellos, y la casa se llenó del olor del unguento. Judas Iscariote, uno de sus discípulos, el que había de entregarle, dijo: ¿Por qué este unguento no se vendió en trescientos denarios y se dió a los pobres». As causas do seu prezo tan elevado débíanse á distancia e a difícil orografía do lugar de orixe. Por esta razón moitas veces era adulterado e ata falsificado. Xudas calculou que aquel frasco, de nardo lexítimo, debía custar uns 300 denarios, un pouco menos do soldo anual dun obreiro.

## CAMELIA



*Camelia japónica*

O narrador de «Mi Hermana Antonia» fai a seguinte descrición da súa nai:

Mi madre era muy bella, blanca y rubia, siempre vestida de seda, con guante negro en una mano, por la falta de dos dedos, y la otra, que era como una camelia, toda cubierta de sortijas.

«Mi Hermana Antonia».  
*Jardín Umbrío*, p. 123)

As CAMELIAS son plantas incluídas no xénero *Cammellia*,<sup>63</sup> pertencente á familia das cameliáceas ou teáceas e que comprende especies orixinarias das rexións tropicais e subtropicais de Oriente. Viven aclimatadas en Galicia hai máis dun século. Todas as especies deste xénero son arbustos ou pequenas árbores de ata 10 metros de altura. Presentan follas perennes e coriáceas. As flores son grandes, con cinco pétalos e cinco sépalos. Mediante hibridacións conseguíronse corolas con gran

<sup>63</sup> O creador deste xénero foi Carlos Linneo, que quixo honrar así ao xesuíta Georg Josephus Kamel, misioneiro nas illas Filipinas durante o século XVII e autor de traballos zoolóxicos e botánicos publicados baixo o nome latinizado de *J. J. Camellius*. Aínda que se afirme en moitos libros, Kamel nunca lle enviou exemplares de camelias a Linneo, pois estas plantas non viven nas Filipinas.

cantidade de pétalos. As súas cores van do branco ao vermello. Dúas especies teñen gran trascendencia: a *Camellia sinensis*, xa que as súas follas empréganse para preparar a infusión do té, e a *Camellia japonica*, pois deu orixe aos milleiros de variedades de xardín que existen no mundo. Esta é a especie máis abundante en Galicia, pero tamén existen exemplares de *Camellia sasanqua* e *Camellia reticulata*. As camelias medran especialmente ben na zona costeira das Rías Baixas, pois cumpren as condicións ideais para o seu desenvolvemento.<sup>64</sup>

Transcribo enteira a acotación final de *Divinas Palabras*, que describe a atmosfera de calma e misterio que se produce despois de que o sacristán Pedro Gailo, pronuncie en latín as palabras de Xesús «Qui sine peccato est vestrum, primus in illam lapidem mittat.»

Los oros del poniente flotan sobre la quintana. Mari-Gaila, armoniosa y desnuda, pisando descalza sobre las piedras sepulcrales, percibe el ritmo de la vida bajo un velo de lágrima. Al penetrar en la sombra del pórtico, la enorme cabeza del Idiota, coronada de camelias, se le aparece como una cabeza de ángel. Conducida de la mano del marido, la mujer adúltera se acoge al asilo de la iglesia, circundada del áureo y religioso prestigio, que en aquel mundo milagrero, de almas rudas, intuye el latín ignoto de las DIVINAS PALABRAS.

(*Divinas Palabras*, p. 143)

## HERBAS: HERBAS DE PASTO, MALAS HERBAS, HERBAS MEDICINAIS

En *Flor de Santidad*, ÁDEGA, compadecida e temerosa, ofreceulle ao peregrino a corte das vacas para que pase a noite, pois está chea de «heno» e poderá descansar a gusto. O mendicante sorriu en silencio e «con pasos de lobo» entrou na cuadra, escura e tibia.

<sup>64</sup> Chan rico en humus, ácido e solto, temperatura duns 20 °C e chuvia abundante.

La Marela y la Bermella, graves como dos viejas abadesas, rumiaban el trébol fresco y oloroso, cabeceando sobre los pesebres. En el fondo del establo había una montaña de heno, y Ádega condujo al mendicante de la mano. Los dos caminaban a tientas. El peregrino dejóse caer sobre la yerba, y sin soltar la mano de Ádega... El mendicante rodeóle los brazos a la cintura y Ádega cayó sobre el heno.

(*Flor de Santidad*, p.84)

O termo «herba» presenta significados distintos: Para un botánico é unha planta sen partes leñosas e con talos verdes, que morre normalmente canto remata a estación favorable; para un labrego, o conxunto das plantas que compoñen o pasto<sup>65</sup> e as malas herbas dos cultivos; e, finalmente, para un curandeiro, unha herba é calquera planta con poderes curativos. A continuación ocúpome das mencións que aparecen, na obra de Valle-Inclán comentada, da palabra «herba» cos significados de «pasto», «malas herbas» e «herbas medicinais».

## HERBAS DE PASTO



*Trifolium pratense*

<sup>65</sup> Inclúe tamén a herba que se corta tódolos días para alimentar o gando e o feo ou herba seca.

Relata o Maqués de Bradomín en *Sonata de Otoño* que a noite que entraba no Pazo de Brandeso en compañía de Don Juan Manuel, que viña moi ferido por caer do cabalo, aceráronse dous aldeáns cun farol,

Eran los dos zagales del ganado que iban repartiendo por los pesebres la ración nocturna de húmeda y olorosa yerba.

(*Sonata de Otoño*, p. 87)

A maioría das especies que se cultivan para pasto pertencen as dúas familias: gramíneas e leguminosas.

Entre as herbas *leguminosas* destacan os TREVOS.<sup>66</sup> Coñécense con este nome varias especies que se agrupan no xénero *Trifolium*. Son moi frecuentes nos nosos prados *T. pratense* e *T. incarnatum*, cultivadas para forraxe. Cando se cortan desprenden un olor moi agradable.<sup>67</sup>

En la paz de una hondonada umbría, dos zagales andan encorvados segando el trébol oloroso y húmedo, y entre el verde de la yerba, las hoces brillan con extraña ferocidad.

(*Flor de Santidad*, p. 96)

As *gramíneas* están representadas por moitas herbas; entre as que, por ser moi abundantes e ter nome común, destaco: o XOIO,

<sup>66</sup> As plantas pertencentes á familia das leguminosas teñen unha gran importancia ecolóxica, pois enriquecen o solo con nitróxeno, un elemento que soe ser escaso e limitar o crecemento das plantas. Entre os diversos microorganismos que son capaces de captar o nitróxeno directamente da atmosfera destacan unhas bacterias do xénero *Rhizobium*, que viven en simbiose coas raíces das leguminosas.

<sup>67</sup> O agradable olor do trevo e da herba cortada débese a un grupo de moléculas orgánicas aromáticas, as *cumarinas*. Son metabolitos secundarios das plantas que teñen a función biolóxica de reprimir o apetito, reducindo desta maneira o impacto dos animais herbívoros sobre o pasto (aparecen especialmente en plantas forraxeiras). Son lixeiramente tóxicas para o fígado e os riles. Aparecen por primeira vez nun perfume de Houbigant, «Fougère Royale», en 1884, logo en Guerlain, con «Jicky», en 1889. Posteriormente foron ilegalizadas por razóns de hepatotoxicidade.

*Lolium perenne*, especie importante como forraxeira en toda Galicia; a TREMEDEIRA, *Briza* sp.; a CEBADA BRAVA ou ORXO, *Hordeum murinum*; a AVEA BRAVA, *Avea barbata*; a HERBA DAS DOAS ou NOCELLA, *Arrhenatherum elatius*, herba fundamental en prados de sega, proporciona un forraxe de elevado poder nutritivo; a LESTA,<sup>68</sup> *Anthoxanthum odoratum*, que tamén se cultiva como forraxe e libera un agradable olor cando se corta (o coñecido «olor a herba acabada de cortar»); a HERBA TRIGA, *Holcus lanatus*, que tamén recende cando se corta, pois, como a lesta e o trevo, contén moitas cumarinas. En *Flor de Santidad*, ademais das citadas no encabezamento deste apartado, podemos encontrar outras referencias á herba e o feo:

Y mientras la zagala encierra el ganado y previene en los pesebres recado de húmeda y olorosa yerba, el peregrino salmodia padrenuestros ante el umbral del hospedaje.

(*Flor de Santidad*, p. 80)

Cuando alguna oveja se escapaba, Ádega la perseguía hasta darle alcance [...] Con las manos enredadas al vellón dejábase caer sobre la yerba cubierta de rocío.

(*Flor de Santidad*, p. 91)

A pastora, obedecendo a orde da súa ama, facíalle na testa o círculo de Rei Salomón para quitarlle o mal de ollo. Despois a ovella, xa libre,

quedaba a su lado mordisqueando la yerba...

(*Flor de Santidad*, p. 91)

Ádega e a pousadeira diríxense co rabaño ao muíño de Cela para consultar ao vello saudador:

<sup>68</sup> En español, *grama de olor*. É unha herba moi rica en cumarinas.

Bajo la pezuña de las ovejas quédase doblada la yerba, y lentamente, cuando ha pasado el rebaño, vuelve a levantarse esparciendo en el aire santos aromas matinales de rocío fresco  
(*Flor de Santidad*, p. 92)

Ádega espera que o peregrino veña a liberala, e,

dormida en el establo sobre el oloroso monte de heno, suspiraba viéndole ya llegar en su sueño.

(*Flor de Santidad*, p. 101)

Unha alborada na que Ádega camiña en compañía dunha vella que leva un neto da man:

Lentamente el sol comienza a dorar la cumbre de los montes. Brilla el rocío sobre la yerba, revolotean en torno de los árboles con tímido aleteo los pájaros nuevos, ríen los arroyos, murmuran las arboledas, y aquel camino de verdes orillas, triste y desierto, se despierta como viejo camino de sementeras y de vendimias.

(*Flor de Santidad*, p. 126)

En «Lluvia» e en *Flor de Santidad*, Valle describe o terrible inverno do «ano da fame»:<sup>69</sup>

Los días se sucedían monótonos, amortajados en el sudario ceniciento de la llovizna; el viento soplaba áspero y frío, no traía caricias, no llevaba aromas, marchitaba la yerba, era un aliento embrujado:

(«Lluvia». *Varia Prosa*, p. 1444.

*Flor de Santidad*, p. 81)

En *Los Cruzados de la Causa* hai unha escena na que Pedro de Vermo, mordomo do Marqués de Bradomín, está conversando coa súa muller Basilisa, na corte das vacas.

Marido y mujer entraron en el establo. Era oscuro, con olor de yerba húmeda [...] El mayordomo se movía en la sombra disponiendo en el pesebre recado de yerba verde para la vaca. ... Acababa de esparcir en el pesebre la ración de heno [...] El animal sacudió varias veces la cabeza y comenzó a mordisquear la yerba dando leves mujidos de satisfacción.

(*Los Cruzados de la Causa*, pp.103-104)

Máis adiante, na mesma obra, podemos ler que o burrico do cribeiro

cargado de aros, pacía la yerba del camino:

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 128)

Valle menciona á herba unha vez máis en *Los Cruzados de la Causa* cando se refire á nai de Bieitiño, o sentinela que, un pouco máis tarde, morrerá vítima dun disparo cando deserta do seu posto:

La voz se le hacía un nudo en la garganta, y la madre, sentada sobre la yerba, mirábale con una gran congoja.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 132)

Na primeira escena de *Romance de Lobos*, mentres Don Juan Manuel se recupera da arrepiante visión da Santa Compañía, o seu cabalo

pace la yerba lozana y olorosa que crece en el rocío de la tapia.

(*Romance de Lobos*, p. 58)

Unha velada no muíño de Pedro Rey, en *Águila de Blasón*:

Hay viejos que platican doctorales a la luz del candil, que cuelga de una viga ahumada, y mozos que tientan a las mozas en el fondo oscuro, sobre el heno oloroso.

(*Águila de Blasón*, p. 81)

<sup>69</sup> Comento este suceso, que aconteceu en 1853, no apartado dos cereais.

Tamén en *Águila de Blasón*, di Don Farruquiño referíndose ao cabalo de Cara de Plata antes de dirixirse o cemiterio da Orden Terceira:

Ahora le llevaremos a donde podrá darse un hartazgo de yerba.

(*Águila de Blasón*, p. 143)

A seguinte acotación de *Divinas Palabras* refírese a escena na que un grupo de aldeáns obrigan a Mari Gaila a bailar, despida, enriba dun carro de «heno».<sup>70</sup>

Rodante y fragante montaña de heno, el carro, con sus bueyes dorados, y al frente el rojo gigante que los conduce, era, sobre la fronda del río, como el carro de un triunfo de faunalias.

(*Divinas Palabras*, p. 139)

Nas proximidades da casa de Ánxelo, en «El Embrujado», discorre un río.

Un río tranquilo, espaciado en remansos bajo la verde sombra de chopos y mimbrales. A las dos riberas, agros mellizos de heno y linar que, a par del río, se rizan con la brisa.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.122)

Nunha acotación da mesma peza:


Ánxelo parece muerto sobre la yerba.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.137)

<sup>70</sup> Esta escena recorda un famoso cadro do Bosco, «O carro de feo», que parece estar baseado nun proverbio flamenco que di: «O mundo é un carro de feo, do que cada un toma o que pode». O cadro é interpretado como unha alegoría do efémero dos bens e praceres materiais deste mundo; porque como se di nos versículos 40, 6-7 de Isaías: "Toda carne es como el heno, y toda su gloria como flor del campo. Sécase la hierba, marchitase la flor cuando pasa sobre ellas el soplo de Yahvé.»

## MALAS HERBAS

### CIZAÑA



Cizaña

Ó principio de «El Embrujado» ten lugar a seguinte conversa entre Juana de Juno, criada de Don Pedro Bolaño, e aos pagadores do Foral de Andrés:

EL CABEZALERO.<sup>71</sup>— ¿Diste aviso que venimos a pagar los del foral de Andrés?

JUANA DE JUNO.— Ya está cumplido. Pregunta el amo si traeis fruto o dineros.

EL CABEZALERO.— Fruto y dineros. Y preguntamos ahora nosotros a cómo nos pone mi amo el ferrado de trigo,<sup>72</sup> medida del Deán.

JUANA DE JUNO.— Ya os di su respuesta en el mercado de Viana. ¡A veintitrés!

EL CABEZALERO.— Ninguno lo precia tan alto.

<sup>71</sup> O cabezaleiro era o representante dos foreiros, o que se entendía co dono para pagar por todos.

<sup>72</sup> As rendas forais pagábanse en ferrados. O ferrado era unha arqueta trapezoidal de madeira coas arestas reforzadas con ferro. A súa medida variaba entre parroquias e tamén variaba dependendo do tipo de cereal. Podemos diferenciar entre ferrado superficie e ferrado peso. O ferrado superficie varía entre uns trescentos e uns oitocentos metros cadrados (484 m<sup>2</sup> na A Pobra do Caramiñal, 545 m<sup>2</sup> en Vilagarcía de Arousa e 629 m<sup>2</sup> en Vilanova de Arousa); a masa de cereal necesario para sementar esa superficie sería o ferrado peso (varía entre uns 12 e uns 20 quilogramos).

JUANA DE JUNO.— Él tiene su ley.  
 EL CABEZALERO.— Como él no hay otro...  
 Tanta avaricia, y se ve solo en el mundo.  
 UN FORÁNEO.— A veintitrés no lo pagamos.  
 Traeremos el fruto.  
 EL CABEZALERO.— Y luego el fruto no lo recibe, con aquello de que tiene cizaña y está por escoger.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, pp.102 e 103)

A CIZANA ou xoio, nomes cos que se designa comunmente a *Lolium temulentum*, é unha gramínea que florece durante o verán. Un fungo que parasita os seus grans prexudica ao resto das herbas coas que medra; pois produce unhas micotoxinas que poden chegar a producir alteracións nos sistemas dixestivo e nervioso. A unión de fungos con órganos aéreos de vexetais superiores é frecuente en gramíneas. As partes máis afectadas soen ser os grans (ou carióspsides). Una infección fúnxica deste tipo, que tivo dramáticas consecuencias no pasado, é a do *cornizó do centeo*.

En *Los Cruzados de la Causa* utilízase a palabra *cizaña* no seu sentido figurado de cousa dañina que se encontra entre outras ás que prexudica. Aparece nunha conversa na que se comenta o que debería facer o Rey Don Carlos cos traidores á Santa Causa:

Tu quieres decir que la mano que arranque la cizaña no sea la que siembre. [...] No olvidemos que si las reales manos se desgarran al arrancar la mala yerba, hallarán bálsamos que las fortalezca en el amor y en la gratitud de su reino.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 173)

## XUNCOS



*Scirpus lacustris*

Escribe Valle en *Sonata de Otoño* que, unha madrugada de outono, o Marqués prepárase para recorrer as nove leguas que separan Viana del Prior do Pazo de Brandeso, onde vive a súa prima. Emprende a viaxe na compañía do críado que trouxo a carta de Concha, un

viejo aldeano que llevaba capa de juncos con capucha, y madreñas.

(*Sonata de Otoño*, p. 34. «Hierba Santa». *Varia-Prosa*, p. 1455)

Reciben o nome común de XUNCO varias especies dos xéneros *Juncus* e *Scirpus*, todas de talos cilíndricos. Son herbas anuais ou perennes, que viven en lugares húmidos, charcas, beiras de ríos e marismas. Entre as máis de vinte especies que medran en Galicia, podemos citar *Scirpus lacustris*, ou xunco de lagoa, de ata dous metros, que se atopa en charcas de augas someras. Esta planta, que ta-

mén se chama ANTELA, deu nome á lexendaria lagoa Antela, na Limia, desecada a mediados do século XX.<sup>73</sup>

El agua, que desbordaba en la balsa, corría por el fondo de una junquera, deteniéndose en remansos y esmaltando flores de plata en los céspedes.

(*Flor de Santidad*, p. 119).

El barquero sobre una piedra, se sacude al sol como los perros de aguas, y contempla su barca que ha ido a dar de través en un juncal.  
(*Águila de Blasón*, p. 167)

Un viejo se alzó del fondo de la junquera donde adornecía el sol.  
(«Eulalia». *Corte de Amor*, p. 54)

Empregábanse para atar feixes de herba e tamén para elaborar corozas.<sup>74</sup> Con esta última función aparecen citados os xuncos en varios textos de Valle; aparece un encabezando este epígrafe e, a continuación, transcribo dous máis:

Los pastores, dando voces a sus rebaños, bajaban presurosos por los caminos, encapuchados en sus capas de juncos.  
(*Sonata de Otoño*, p. 103)

Los aldeanos, encapuchados con las corozas de juncos, iban sentados sobre la carga, silenciosos y cabeceantes.  
(*Los Cruzados de la Causa*, p. 188)

<sup>73</sup> A lei Cambó que, coa boa intención de eliminar ós mosquitos -vectores de paludismo—, propiciou a desecación de moitos humedais e ocasionou moitas desfeitas ecolóxicas.

<sup>74</sup> Unha especie de capa con carapucho elaborada con xuncos ou con palla. Aparecen mencionadas nun poema de Rosalía de Castro: «... Seguido del mastín que helado tiembla, / el labrador, cubierto / con su capa de juncos, cruza el monte.»

## XUNCIA OLOSOSA



*Cyperus longus*


En *Flor de Santidad* Ádega ofrece acubillo ao peregrino, mentras humildemente

ensortijaba a sus dedos bermejos una hoja de juncia olorosa.

(*Flor de Santidad*, p. 84)

A **Xuncia olorosa**, *Cyperus longus*,<sup>75</sup> é unha planta herbácea, con talo trígono, que florece en primavera e verán en prados e paraxes húmidos. Constitúe unha herba ruín moi temida.

## ORTIGA



*Urtica dioica*

<sup>75</sup> Especies emparentadas son *Cyperus esculentus*, con tubérculos doces e comestibles coñecidos como chufas, das que se obtén

Tamén en *Flor de Santidad*, o romeiro, que se dirixe a Santiago, pide caridade á pousadeira; pero esta é unha muller déspota e cruel que o despide con cinismo. O encolerizado mendicante, despois de apartarse un pouco, botou un puñado de terra en dirección á pousada e proferiu este anatema:

Permita Dios que una peste cierre para siempre esa casa sin caridad! ¡Que los brazos de ortigas crezcan en la puerta! ¡Que los lagartos anden por las ventanas a tomar el soll...

(*Flor de Santidad*, p. 83)

ORTIGA, ESTRUGA ou HERBA DOS CEGOS<sup>76</sup> son os nomes que reciben en Galicia varias especies do xénero *Urtica*.<sup>77</sup> Son plantas herbáceas con follas opostas que gustan de chans sombrizos e con moito nitróxeno, polo que teñen como hábitat típico as beiras de camiños e os lugares habitados. Toda a planta está cuberta de pelos urticantes.<sup>78</sup> As flores masculinas e fimininas están separadas, sexa sobre a mesma planta (planta monoica) ou sobre plantas diferentes (plantas dioicas). As flores son verdosas e reunidas en inflorescencias. Florecen en maio-setembro en toda Galicia. Son «malas herbas» difíciles de erradicar pero teñen moitas aplicacións medicinais.<sup>79</sup> As dúas especies máis frecuentes son

*Urtica dioica*, que pode pasar do metro de altura, e *Urtica urens*, máis pequena e irritante, soe medrar ao lado da especie anterior. Na obra de Valle Inclán as ortigas aparecen mencionadas no sentido figurado de cousa daniña e que provoca sufrimento:

En *Flor de Santidad* aparecen en dúas maldicións; xa citei máis arriba a proferida polo peregrino; maldición que foi a causa da súa morte a mans do fillo da pousadeira. Ádega pronuncia a segunda diante do corpo do romeiro asasinado:

¡Y nacerán las ortigas cuando ellos pasen!...

(*Flor de Santidad*, p. 118)

En «El Embrujado», di Malvín referíndose ás prosas que canta Electus, o cego de Gondar:

La mejor que dice es un ramo de ortigas.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 106)

Tamén en «El Embrujado» di Rosa la Galana referíndose a Don Pedro Bolaño:

¡Ortiga brava que ni por los suyos tiene ley!

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 120)

En *Romance de Lobos*, unha viúva, que culpa a Don Juan Manuel do naufraxio no que afoгарon o seu home e outros mariñeiros, lanza a seguinte maldición contra o vinculeiro:

[...] ¡Ay, Montenegro, negro de corazón!  
¡Por tu imperio se hicieron aquellos pobres a

a «horchata»; e *Cyperus papyrus*, cultivado polos exipcios dende o ano 2.500 a.C., pois con pasta da súa médula elaboraban os papiros.

<sup>76</sup> Porque se reconece con só tocala.

<sup>77</sup> Urtica provén do latín *urere*, queimar.

<sup>78</sup> Os pelos urticantes conteñen ácido fórmico, histamina, acetilcolina e serotonina que producen irritación cando penetran na pel. Estes pelos, que terminan nunha punta de sílice fráxil como o vidro, rompen cando perforan a pel dos animais e liberan o líquido irritante que conteñen.

<sup>79</sup> As súas follas son diuréticas e xa se empregaban na idade media como remedio da hidropesía. Tamén se recomenda o seu consumo como verdura cocida ós diabéticos, por ser hipogluceante. Os extractos de estruga aplicados ó coiro cabeludo

teñen efecto antiseborreico e actúan contra a caspa; empréganse por isto en locións contra a caída do cabelo. Dende fai poucos anos as súas raíces estanse empregando con éxito no tratamento da hiperplaxia benigna de próstata (HBP). A cantidade de polen destas especies fai que sexan incluídas entre as plantas capaces de provocar fenómenos de alerxia asmática e oftalmolóxica.



la mar, en una noche tan fiera! ¡Cuando seais mozos, reclamarle cuentas, mis hijos, que él os dejó sin padre! ¡Mal can le arranque el corazón y lo lleve por este arenal! ¡Mal cuervo le coma los ojos! ¿Malas ortigas le broten en el pecho! ¡Mal avispero le nazca en la lengua!

(*Romance de Lobos*, p. 140)

Remato estas citas coa resposta que, en *Divinas Palabras*, recibe a Tatula do retranqueiro Miguelín el Padronés, cando esta o reclama para socorrer a Juana la Reina: «Friégala con ortigas.» (*Divinas Palabras*, p. 58).

## HERBAS MEDICINAIS

En *Sonata de Otoño* o Marqués e o criado de Concha cabalgan sobre mulas en dirección ao Pazo de Brandeso. Acosados pola chuvia, piden acubillo nos vellos muiños de Gondar. Recibeos hospitalaria a filla do vello muiño. Cando se preparan para abandonar o muiño, despois de secarse e compartir a comida cos seus anfitrións, a muller, chea de misterio e con ollos de iluminada, acércase ao Marqués e entrégalle un «*manejo de yerbas*» mentres murmura:

Cuando se halle con la señora mi Condesa, póngale sin que ella lo vea, estas yerbas bajo la almohada. Con ellas sanará. Las almas son como los ruiseñores, todas quieren volar. Los ruiseñores cantan en los jardines, pero en los palacios del rey se mueren poco a poco...

Despois de pronunciar estas misteriosas palabras eleva os brazos con xesto profético... O muiñoiro dilles que non fagan caso, que é unha inocente; pero o marqués, supersticioso, garda

aquel manexo de yerbas mojadas por la lluvia. Las yerbas olorosas llenas de santidad, las que curan la saudade de las almas y los males de los

rebaños, las que aumentan las virtudes familiares y las cosechas...

(*Sonata de Otoño*, pp. 37-38)<sup>80</sup>

A sabedoría popular, aprendendo durante moitas xeracións polo método de ensaio e erro, atribúe a certas herbas propiedades máxicas e curativas. Cando a medicina moderna estudou as propiedades curativas mediante análises clínicas, comprobou que moitas delas eran certas, pero noutros casos estas propiedades curativas non se atoparon; resultando as plantas inocuas, no mellor dos casos, ou potencialmente perigosas. As plantas conteñen unha gran cantidade de substancias químicas distintas. As substancias que teñen acción medicinal agrúpanse nuns poucos tipos, de composición química semellante, que se coñecen como *principios activos*.<sup>81</sup>

As *herbas*, polos seus poderes curativos ou polo seu veneno, están ligadas á idea dos poderes terreaís: do ben e do mal. A causa dos poderes que se lles atribúen aparecen con frecuencia en lendas, contos populares e historias de maxia. En *Águila de Blasón*, ten lugar unha conversa que ilustra os dous tipos de poderes, benéficos ou maléficos, que poden presentar as plantas:

LA CURANDERA.— No hay mal en el mundo que no tenga su medicina en una yerba.

<sup>80</sup> A historia das herbas milagrosas xa aparecía nun conto anterior, «Hierba Santa». *Varia Pros.a*, p. 1458; e volverá a aparecer en *El Marqués de Bradomín*, pp. 194 e 219. Nesta obra é Ádega a que lle entrega, no xardín do Pazo de Brandeso, as herbas ó Marqués. En «Hierba Santa», as flores milagrosas non son para Concha, senón para a nai do Marqués.

<sup>81</sup> Os principais son os seguintes: alcaloides, flavonoides, taninos, saponinas, aceites esenciais, glicósidos, substancias amargas, mucilagos, sales minerais e vitaminas. O uso das plantas medicinais (fitoterapia) tivo un papel fundamental na ciencia da saúde occidental, aínda que o avance da química —que permitiu sintetizar os principios activos e inventar outros novos—, a relegou a un discreto segundo plano. Con todo o 25% dos fármacos modernos ten a súa orixe nalgunha planta.

UN VIEJO.— Eso decían los antiguos. Y los moros conocen esos remedios.

LA CURANDERA.— Los moros más conocen los venenos y las yerbas que hacen dormir.  
(*Águila de Blasón*, p. 84)

En *Los Cruzados de la Causa* atopei o único exemplo dun probable uso maléfico das herbas.<sup>82</sup> Cando Cara de Plata se dirixe en ton burlón a Pedro de Vermo, o mordomo do Marqués de Bradomín:

No me envenenes con alguna mala yerba, como has hecho con mis perros.  
(*Los Cruzados de la Causa*, p. 109)

As *herbas* son símbolo de todo o curativo<sup>83</sup> e revivificante; as herbas devolven a saúde, a virilidade e a fecundidade; facilitan o parto, aseguran a fertilidade e a riqueza. Sábese que a primitiva medicina druídica servíase con moita frecuencia das herbas medicinais:

En «El Embrujado» Rosa la Galana reacciona coas seguintes exclamacións cando Don Pedro lle comunica a morte do seu filliño:

¿Qué dice, condenado? ¡El hijo mío muerto! ¡Muerto el jilguero de más lindo cantar! ¡Muerto después de haberlo criado con los trabajo del mundo! ¡Nuestro Señorín de Belén! ¡Siete ferrados de trigo gastados en yerbas de medicina y miel para las aguas! ¡Si no era con miel, me las cuspiá, que en todo heredaba la inclinación de caballero! ¡No me desampares, Pedro Bolaño! ¡Era flor de ese gran árbol esa prenda muerta!

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 149)

<sup>82</sup> O vexetal que soe empregar Valle-Inclán como portador de maleficios é a mazá reineta.

<sup>83</sup> Para os antigos, os poderes curativos das herbas débense sempre a un don divino. Moitas herbas levan o nome dalgún santo, que é o que lle confire ás plantas os seus poderes curativos. En Galicia, por exemplo, temos, entre outras, herba de San Simón, herba de San Xoán, herba de Santa Cunegunda, herba de Santiago, herba de Santa Catarina e dúas herbas da Nosa Señora.

En *Cara de Plata* asistimos á seguinte conversa de galanteo entre o guapo segundón e Sabelita:

SABELITA.— ¡Loco!

CARA DE PLATA.— Ponme tú cuerdo.

SABELITA.— ¿Con qué yerbas?

CARA DE PLATA.— Con palabras.

SABELITA.— No soy saludadora.

(*Cara de Plata*, 58)

Aínda que non se dí o nome das herbas que compoñen o ramo de herbas santas, podemos supoñer que son algunhas das que forman parte do ramo de San Xoan.<sup>84</sup> Ádega sabe dos poderes destas plantas, pois no Adro de San Clodio, onde pasa moito tempo coitando o rabaño, hai unha

<sup>84</sup> As herbas que figuran na lista de herbas de San Xoán varían dun lugar a outro, pero as máis representativas son: Herba de San Xoán, herba da cruz, estralote, fiuncho, ruda, fento macho, herba da Nosa Señora, trobisco, sabugueiro, romeu, xesta, espadana e malva. A *Rosa canina* tamén aparece en tódalas listas das herbas de San Xoán. Xa citei, no apartado dedicado ás rosas, o seguinte texto, no que Pichona la Bisbisera pregoa as virtudes curativas das rosas: «¡Agua de rosas para los ojos!» (*Cara de Plata*, p. 177).

Conta Carlos, o irmán maior de Valle-Inclán, en «La Noche de San Juan», que un dos *antisortilexios* para protexerse dos diabólicos meigallos que soltan as bruxas na noite de San Xoan e a *auga de flores*. Auga que se prepara deixando esa noite ao sereno un recipiente con auga e herbas olorosas, entre as que menciona: «lirios, fiuncho, conchelos, chuchameles violeta e zarzarras» Os *lirios* ou espadanas (*Iris pseudacorus*), os fiunchos (*Foeniculum vulgare*), e a zarzarras ou silvia macho (*Rosa canina*) xa aparecen comentadas no texto principal deste artigo. Co nome de *chuchameles violeta* é case seguro que Carlos Valle-Inclán se refire á especie *Lamium maculatum*, unha planta de follas parecidas ás da ortiga que medra nas beiras dos camiños, e que presenta flores de cor púrpura que despiden un aroma agradable e que ao chuchalas saben ao mel. En galego tamén se chama «chuchamel» a *Lonicera periclymenum* (en español *madreselva*), peo esta especie presenta flores brancas. Os *conchelos*, tamén denominados *couselos* (español, *ombligo de Venus*, *sombrerillo* e *oreja de fraile*), son unha especie que presenta unha roseta basal de follas carnosas e circulares, moi frecuente en valados ou paredes vellas de pedra; leva o nome científico de *Umbilicus rupestris*. (Ver VALLE-INCLÁN, Carlos del (2002): «La Noche de San Juan». *Escenas gallegas*. Vilanova de Arousa, 2002.

fuelle milagrosa cercada de laureles, donde una mendiga sabia y curandera ponía a serenar el hinojo tierno con la malva de olor.

(*Flor de Santidad*, p. 110)

Os poderes curativos das plantas son potenciadas polo poder purificador das augas e do orballo nocturno.<sup>85</sup> O simbolismo da herba enlaza co da auga, que presenta poderes semellantes. Cando a pousadeira e Ádega visitan ao saudador de Cela para que poña fin ao maleficio que o peregrino lle botou ao rabaño, este dilles que para romper a condena- ción, as ovellas teñen que beber, ás doce da noite da primeira lúa, «en una fuente que tenga un roble y esté en una encrucijada...».

Parece ser que non vale calqueira fonte, esta ten que estar nun lugar especial e, ademais, o poder salutífero da auga é petenciado por outros elementos que poden ter unha influencia benéfica: medianoite, lúa nova, encrucillada<sup>86</sup> e carballo.<sup>87</sup> O vello curandeiro aclarou:

<sup>85</sup> Nas crenzas populares é durante a madrugada de Xan Xoán cando acadan o seu máximo poder purificador. Especial virtude teñen o orballo e a flor da auga. A flor da auga é a auga que se colle cando os primeiros raios do Sol iluminan a fonte. Facer o cacho consiste en poñer a remollo un feixe de herbas de San Xoán nunha almofía con auga, mellor de sete fontes, e déixalo ao sereno toda a noite para que reciban o orballo de San Xoán. A súa eficacia fronte ó Mal débese a varias razóns simbólicas. Algunhas como o fiuncho, a herba da Nosa Señora, trobisco, sabugueiro, romeu, etc., teñen poder porque o bo olor que emanan afasta o fedor que caracteriza a Satán e ás meigas; as de mal olor como a ruda actúan como antídoto; outras, como a espadana, son verdadeiras armas simbólicas. Ó erguerse pola mañá, utilízase a auga para lavarse e purificarse con ela; as herbas sécanse ao sol durante varios días e despois gárdanse para utilízalas posteriormente en múltiples remedios caseiros.

<sup>86</sup> A importancia simbólica das encrucilladas é universal. A súa situación nun cruce de camiños, fai que a encrucillada sexa un verdadeiro centro do mundo para o que se atopa alí. Son lugares epifánicos (lugares de aparicións e revelacións) por excelencia, as encrucilladas son frecuentadas polos xenios, xeralmente temibles, cos que convén conciliarse. En tódalas tradicións levantáronse nas encrucilladas obeliscos, altares, pedras, capelas, inscricións; son lugares que propician o descanso e a reflexión,

La fuente que buscas está cerca de San Gundián, yendo por el Camino Viejo... Hace años había otras dos: Una en los Agros de Brandeso, otra en el Atrio de Cela, pero una bruja secó los robles.

(*Flor de Santidad*, p. 99)

## FIUNCHO



*Foeniculum vulgare*

Lemos en *Flor de Santidad* que no Adro de San Clodio hai unha fonte milagrosa, onde «una mendiga sabia y curandera ponía a serenar el hinojo tierno con la malva de olor.» (*Flor de Santidad*, p. 110).

O FIUNCHO,<sup>88</sup> *Foeniculum vulgare*, é unha planta de ata dous metros de altura. As follas semellan fíos e posúen unha gran vaina carnosa e comestible. As flores amarelas agrúpanse en grandes umbelas. A planta, e


e tamén lugares de paso dun mundo a outro, dunha vida a outra, ou da vida á morte.

<sup>87</sup> Árbore sagrada por excelencia, está investida, xunto coa aciñeira, dos privilexios da divindade suprema do ceo, sen dúbida porque atraen máis que outras árbores ó raio. O roble sempre foi sinónimo de forza: é esta a impresión que da a árbore en idade adulta. Por outra parte, roble e forza exprésanse en latín coa mesma palabra: robur. Representa a árbore por excelencia ou eixe do mundo

<sup>88</sup> En castelán hinojo.

particularmente a semente, posúe unha esencia —doce ao principio e despois amarga— rica en anetol, o mesmo composto que aparece no anís (*Pimpinella anisum*)<sup>89</sup>, responsable do agradable aroma que desprende a planta. Destaca polas súas propiedades de equilibrar as funcións do aparello dixestivo: favorece a dixestión e a expulsión dos gases.<sup>90</sup> Pero tamén estimula a produción de leite, evita a retención de líquidos e regulariza e facilita as regras. En Galicia, os froitos son empregados para condimentar ás castañas cocidas, e as follas, ademais de ser comestibles, úsanse na festa dos Maios.

Durante a Idade Media considerouse como unha herba sagrada, capaz de protexernos das meigas. Era costume, na madrugada de San Xoán, colgar un feixe de fiúncho na porta da casa para protexela dos ataques das forzas do Mal. O fiúncho cortado a noite de San Xoán deixábase secar e consérvase todo o ano para utilizalo cando se precise.



<sup>89</sup> Esta planta forma parte de varias bebidas que se mencionan en moitos textos de Valle. En *Cara de Plata* ten lugar unha escena na que La Sacristana e La Bigardona, a súa filla, beben unha bebida anisada (*Cara de Plata*, pp. 125 e 126). Tamén en «Ligazón», aparece unha escena na que La Raposa, unha vella celestina, exclama o seu aprecio polo «anise» e o «cafelito» («Ligazón». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 67). En *Divinas Palabras* Mari-Gaila menciona o «anise escarchado» (*Divinas Palabras*, p. 68). Tamén se menciona en varias ocasións o *resolío*, unha augardente mesturada con azucre, canela, anís e outros ingredientes olorosos; era a bebida que consumían, acompañada con rosquillas, as xentes máis modestas nas ocasións festivas.

<sup>90</sup> Especialmente indicado, polo seu sabor, para nenos e bebés con molestias intestinais.

## MALVA



*Malva sylvestris*

En *Los Cruzados de la Causa* aparece a seguinte descrición da horta do convento das Comendadoras:

El huerto daba sobre los esteros del río, un huerto triste, con matas de malva olorosa<sup>91</sup> y cipreses muy viejos, donde había un ruisenior. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 127)

Reciben o nome de MALVA varias especies do xénero *Malva*. A *Malva sylvestris* é unha planta herbácea, que en verán amosa unhas inconfundibles flores con cinco pétalos de cor rosa púrpura.<sup>92</sup> Sempre foi moi apreciada

<sup>91</sup> Non atopei na bibliografía consultada ningunha planta que responda ó nome de *malva olorosa*. Nalgúns sitios chámanlle «malva de olor» á *amanta de auga*, *Mentha aquatica*; é unha herba recendente que florece entre xullo e setembro nas beiras de regatos e fontes. É tamén, como a malva e o fiúncho, unha das herbas de San Xoán. En español coñécese como «hierba-buena morisca».

<sup>92</sup> O vocábulo «malva», aparece con función de adxectivo en *Sonata de Otoño*: «Escogí unas medias de seda negra, que tenían bordadas ligeras flechas color malva» (*Sonata de Otoño*, p. 43).

polas súas virtudes curativas,<sup>93</sup> como confirma o seguinte refrán: «Cunha horta e un malvar hai medicinas para un fogar.»

El huerto del convento. Una tarde, cerca del anoecer. Dos monjas sacan agua del pozo, a su lado, unas pajaritas muy gentiles picotean las malvas que crecen en el brocal, y hay un vuelo de campanas que parece diluirse en la tarde azulada..., y el huerto tiene un aroma inocente, de malvas y rosaledas.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 200)

## ROMEU



*Rosmarinus officinalis*

Nunha escena de *Águila de Blasón* Don Pedrito forza e viola a Liberata la Blanca, a

<sup>93</sup> Toda a planta é moi rica en mucilagós, o que fai que teña propiedades emolientes, expectorantes e laxantes. Tamén ten taninos e outras substancias que melloran os problemas da pel. Por todas estas propiedades está indicada en gripes, catarros, asma, retraemento, feridas, picaduras de insectos e furúnculos. Utilizouse tradicionalmente para aliviar as molestias que sofren os nenos cando lle saen os dentes; dándolles a raíz descortizada para que a mastiguen e refreguen con ela as enxivas.

xoven muller de Pedro Rey, un vello que ten arrendado a Don Juan Manuel o muíño de Lantañón. A escena seguinte acontece durante unha velada no muíño:

En medio de la algazara la molinera plañe sus males en suspiros, y una abuela curandera, cerca de la lumbre, atiende al hervor del vino con romero, mientras adoba las verbas del monte que tienen la virtud para curar el mal de ojo a las preñadas.

(*Águila de Blasón*, p. 81)

O ROMEU<sup>94</sup> é o nome có que se denomina en Galicia á *Rosmarinus officinalis*.<sup>95</sup> É un arbusto denso e aromático de aspecto espigado que conserva todo o ano as follas de cor verde. As follas son estreitas e agudas, coa marxe recurvada e o envés esbrancuxado. Orixinario da rexión mediterránea, atópase naturalizado en zonas temperadas de todo o mundo.

Dí un refrán: «De las virtudes del romero se puede escribir un libro entero».<sup>96</sup> Emprégase en infusión como estimulante do sistema nervioso, tónico dixestivo, alivio da tose e para regularizar e facilitar as menstruacións. En uso externo é útil contra feridas e afeccións da pel.

<sup>94</sup> En Portugal recibe os nomes de *alecrim* e *rosmarinho*.

<sup>95</sup> Segundo uns autores o romeu recibe o seu nome de *ros marinus* (rocío de mar), por ser unha planta que medra preto das costas; para outros procede do grego *rhopis myrinus* (arbusto aromático). *Officinalis* quere dicir que ten uso como medicina.

<sup>96</sup> Conta unha lenda que no século XVII, a raíña Isabel de Hungría, de 72 anos, afectada de dores reumáticas, recuperou a saúde e rexuveneceu gracias ao que despois se chamaría «auga da raíña de Hungría: unha loción alcohólica composta de romeu, lavanda e menta. Despois da súa recuperación, o seu aspecto era de tal xuventude, que o rei de Polonia pediuna en matrimonio. Ela rexeitou a proposición por amor a Deus, xa que fora El quen lle enviara o marabilloso elixir. O seu uso estendeuse rapidamente entre as damas de certa idade para manter a pel tersa e sen engurras. Outra reumática famosa, Madame de Sevigné, chegou a escribir que estaba tola polo romeu, que era para ela «o alivio de tódalas penas».

La fragancia del vino que hierve con el ro-  
mero se difunde por la corte como un bálsamo  
oloroso y rústico, de aldeanos y pastores que  
guardasen la tradición de una edad remota,  
crédula y feliz [...] La curandera sopla el her-  
vor que levanta el vino, y en medio de la alga-  
zara plañe siempre sus males Liberata la  
Blanca.

(*Águila de Blasón*, p. 82)


Antigamente tivo un uso funerario, pois  
por estar sempre verde era símbolo de in-  
mortalidade e, ademais, críase que o seu  
aroma conservaba o corpo dos mortos.<sup>97</sup> O  
romeu non faltaba en ningún xardín medieval.  
Shakespeare asocio aos loitos: Dí Frei Lo-  
renzo en *Romeo e Xulieta*: «Secad vuestras lá-  
grimas y poned romero sobre su bello cadá-  
ver.» Tamén se fai eco da crenza popular de  
que é bo para a memoria cando, en *Hamlet*, di-  
lle Ofelia o seu irmán Laertes. «He aquí ro-  
mero que es para la memoria,<sup>98</sup> acuérdate,  
amor mío, te lo ruego.» É unha das plantas fa-  
voritas do saber máxico popular. Utilízase,  
polas súas propiedades aromáticas, para pu-  
rificar e protexer ás persoas e os lugares.

Na obra de Valle ambientada en Galicia  
aparecen outras plantas que non se conside-  
ran milagrosas, polo que non forman parte do  
ramo de San Xoan, pero que foron empre-  
gadas na medicina tradicional. Refírome á  
xenciana, á manzanilla, o asente e o tabaco.

<sup>97</sup> Os exipcios poñían un ramo de romeu sobre o corpo dos  
mortos. Nos pobos do norte de Italia a xente que acompaña  
ós mortos leva unha ramiña de romeu. Os romanos crían que  
era portador de paz para os mortos e ledicia para os vivos.

<sup>98</sup> Era unha crenza antiga que o que regala unha rama de ro-  
meu nunca será esquecido. Tamén era costume entre a xente  
nova, nalgunhas vilas de Andalucía, levar unha ramiña de ro-  
meu para conservar a memoria.

## XENCIANA



*Gentiana lutea*

En *Divinas Palabras* asistimos á seguinte  
conversa entre Bastián de Candás, alcalde pe-  
dáneo, e os parientes da recién falecida Juana  
la Reina. Están diante do cadáver da difunta,  
tendida na beira do camiño real, en espera da  
chegada do xuíz.

PEDRO GAILO.— ¿Qué esperamos Bastián?  
EL PEDÁNEO.— Esperamos la comparecencia  
de la Justicia.

PEDRO GAILO.— Poco tiene que esclarecer. Para  
mí, la difunta bebió alguna agua corrom-  
pida, y eso la mató. Es probado que los  
sulfatos de las viñas emponzoñan las aguas  
y producen muertes.

EL PEDÁNEO.— ¿Recordais aquella mi vaca  
pintada?

MARI-GAILA.— ¡Una vaca como una reina!

EL PEDÁNEO.— Pues a la muerte la tuve, que  
la saqué adelante con cocimientos de gen-  
ciana. Por cima de siete reales gasté en  
botica.

UNA VIEJA.— Hay aguas mortales.

PEDRO GAILO.— Que las hay no tiene duda,  
y al cuerpo adolecido más pronto lo da-  
ñan. Le corrompen el interior.

MARI-GAILA.— Entre el señorío, tanto mirar

mal el aguardiente, y no decir cosa ninguna contra las aguas.

EL PEDÁNEO.— El señorío mira mal el aguardiente porque se regala con otros resolios.

MARI-GAILA.— ¡Anisete escarchado!

(*Divinas Palabras*, p. 68)

XENCIANA é o nome que recibe en Galicia a especie *Gentiana lutea*, unha planta perenne da familia das xencianáceas, con talo herbáceo que pode acadar os dous metros de altura. As follas van de lanceoladas a elípticas. As flores, amarelas, aparecen entre xuño e agosto. Medra nos prados máis altos do país (sempre a máis de mil metros de altitude). A subespecie que aparece en Galicia (subsp. *aurantiaca*) presenta flores de corola laranxa. A raíz, tuberosa e de gran tamaño, é o principal tónico amargo usado na medicina popular. A raíz desecada ten unha longa historia no tratamento das alteracións dixestivas. Considérase especialmente útil en estados de decaemento por enfermidade crónica e en tódolos casos de debilidade do sistema dixestivo e falta de apetito. Utilízase como compoñente de bebidas tónicas amargas, como bitter e vermut.

### NÉBEDA



*Calamintha nepeta*

Nunha escena de *Divinas Palabras*, Marica del Reino dirixe desconsolada estás emotivas palabras ao corpo sen vida da súa irmá:

¡Ay, Juana, hermana mía, qué blanca estás!  
¡Ya no me miran tus ojos! ¡Ya esa boca no tiene palabras para esta tu hermana que lo es! ¡Ya no volverás a detenerte en mi puerta para catar los bollos del pote! ¡Cegabas por ellos! ¡Inda esta segunda feria los merendamos juntas! ¡Qué bien te sabían con unto y con nébodas!

(*Divinas Palabras*, p. 67)

NÉBEDA ou néboda é o nome vulgar de *Calamintha nepeta*, unha herba perenne da familia das labiadas. Pode acadar os 80 centímetros de altura e medra en nas terras secas das zonas baixas de toda Galicia. Presenta inflorescencias de cinco a dez flores brancas ou lilas, que se poden ver entre xuño e setembro. Planta cun agradable aroma lixeiramente mentolado que se emprega como condimento.

### MANZANILLA



*Chamaemelum nobile*

En *Romance de Lobos* descríbese unha encrucillada de camiños na que se deteñen a descansar Don Rosendo, Don Mauro e Don Gonzalito:

Sobre la encrucijada de dos caminos aldeanos, un campo de yerba humilde salpicada de manzanilla, donde hay un retablo de ánimas entre cuatro cipreses.

(*Romance de Lobos*, p.113)

Denomínase co nome de MACELA<sup>99</sup> ou manzanilla á especie *Chamaemelum nobile* (*Antemmis nobilis*), que pertence á familia das compostas. É unha herba perenne, pubescente e aromática, con talos que acadan os 30 centímetros. Presenta capítulos con lígulas brancas e flósculos amarelos. Os froitos son pequenos aquenios sen vilán. Florece nos nosos prados entre xuño e setembro. A macela emprégase en infusións dos capítulos, como tónico estomacal, aínda que tamén é coñecida como vermífugo.

## ASENTE



*Artemisia absinthium*

Nunha escena de *Cara de Plata*, o sancristán Blás de Miguez fínxese enfermo de morte e despídese da muller e dos fillos, que chorosos rodean o seu leito. Cando a sacristana lle confirma unha morte inminente, pois acaba

<sup>99</sup> Nos nosos campos tamén se atopa outra especie moi semellante, coñecida como *macela brava* (*Antemmis arvensis*).

de ver como, en forma de gato, escapaba polos pes de Blás o maleficio que tiña no corpo; este exclama:

¡Mentira podre! ¡No levantes inventos! ¡Calla, relapsa! ¡Mundo de perdición, ya está dicho que todo eres veneno, todo aienjos amargos! Llegada mi hora, cuando eso sea, no sentiré dejarte. ¡Adios, hijos míos, coro de ángeles!

(*Cara de Plata*, p. 130)

O ASENTE, *Artemisia absinthium*, é unha especie eurasiática de sabor moi amargo e olor forte e agradable. Con esta planta prepárase a bebida alcohólica chamada asente<sup>100</sup> e entra tamén na composición dos vermuts<sup>101</sup> e outras bebidas amargas. Ten propiedades estomacais e recoméndase para as afeccións do aparello dixestivo, aínda que os abusos poderían ser perigosos. En sentido figurado, esta planta aromática simboliza a dor, principalmente en forma de amargura, e en particular a dor que provoca a ausencia.

## SALVIA



*Salvia officinalis*

<sup>100</sup> Era o licor preferido dos artistas de finais do século XIX.

<sup>101</sup> O nome de vermut, un viño aperitivo, provén da palabra almana *wermuth*, que significa artemisa ou asente, pois as flores amarelas desta planta, maceradas en viño branco, producen unha bebida apreciada dende hai uns 3000 anos.



En «Ligazón» ten lugar a seguinte conversa entre La Ventera, a nai de La Mozuela e La Raposa, una celestina que espera ser convidada a unha bebida:

LA RAPOSA.— ¡Cafelito y anisete!

LA VENTERA.— Un cocimiento de salvia es mejor para el flato.

LA RAPOSA.— ¡El cafelito no me lo niegue, comadre!

(«Ligazón». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 67)

Co nome de SALVIA ou sarxa, coñécese en Galicia a *Salvia officinalis*, unha planta perenne e moi recendente que pode acadar os 70 centímetros de altura. Pertence á familia das labiadas. As flores, en acios de 5 a 10, teñen a corola azul ou rosácea (ás veces branca). Florece entre maio e agosto. Cultívase en hortas e xardíns para utilizala como condimento e para infusións.<sup>102</sup>

## TABACO

Ó principio de «El Rey de la Máscara», conto de Entroido, o cura de San Rosendo de Gondar dispónse a comer unhas filloas que preparou a súa sobriña Sabel:

Católas el cura con golosina de viejo regalón, y después, sentándose en un banquillo al calor de la lumbre, sacó de la faltriquera un trenzado de negrísimo tabaco, que picó con la uña, restregando el polvo entre las palmas, procediendo siempre con mucha parsimonia.

(«El Rey de la Máscara».

*Jardín Umbrío*, p. 114)

O TABACO<sup>103</sup> é un produto vexetal que se

<sup>102</sup> Contén aceites esenciais, flavonoides e principios amargos. Presenta moitas propiedades medicinais como antisudorífica, hipoglucemiante, estimulante, antiséptica, astrinxente, etc.

<sup>103</sup> A maioría das fontes sosteñen que o nome do tabaco procede do árabe *tabbaq*, nome co que se denominaba en Europa a diversas plantas medicinais. Outra versión afirma que deriva

obténdase de *Nicotiana tabacum*.<sup>104</sup> A súa orixe sitúase en Sudamérica, concretamente na zona andina entre Brasil e Ecuador. Os primeiros habitantes de América consumían o tabaco de varias formas; ademais de fumarse, o tabaco esnifábase, mastigábase, comíase, bebíase, untábase sobre o corpo, e tamén se usaba como colirio e en enemas. Así mesmo se empregaba en diversos ritos protectores e de fecundidade.<sup>105</sup> O tabaco foi descuberto polos europeos durante o primeiro viaxe de Colón.<sup>106</sup> Aínda que algúns dos mariñeiros que formaran parte desta expedición fumaban cando regresaron a España,<sup>107</sup> durante varios anos a planta do tabaco tivo principalmente un uso medicinal e ornamental.<sup>108</sup> A mediados do século XVI, o médico de Felipe II empeza a utilizar o po de tabaco como «remedio universal». En

de *Tabago*, o nome da illa antillana onde foi descuberta a planta por Colón.

<sup>104</sup> Linneo deulle esta denominación en honor do embaixador francés Jean Nicot.

<sup>105</sup> Soprábase no rostro dos guerreiros antes do combate, espallábase nos campos antes de sementar, derramábase sobre as mulleres antes da relación sexual e era utilizado como narcótico.

<sup>106</sup> «Hallaron los dos cristianos por el camino mucha gente que atravesaba a sus pueblos, mugeres y hombres, con un tizón en la mano, (y) yervas para tomar sus sahumeros que acostumbra van. No hallaron población por el camino de más de cinco casas, y todos les hazían el mismo acatamiento. Vieron muchas maneras de árboles, yervas y flores odoríferas. La tierra muy fértil y muy labrada de aquellos mames y faxoes y hadas muy diversas de las nuestras, eso mismo panizo y mucha cantidad de algodón cogido y filado y obrado; y que en una sola casa avían visto más de quinientas arrovos y que se pudiera aver allí cada año cuatro mill quintales.» Así conta a descuberta do tabaco Rodrigo de Jerez, un dos mariños que acompañou a Cristobal Colón no seu primeiro viaxe a América e o que introduciu o hábito de fumar en España.

<sup>107</sup> Rodrigo de Jeréz foi encarcerado pola Inquisición acusado de bruxería, pois «solo el diablo podía dar a un hombre el poder de sacar humo por la boca».

<sup>108</sup> Parece ser que as primeiras plantas de tabaco foron cultivadas cerca de Toledo, nunha zona chamada «dos Cigarrales» porque era invadida frecuentemente por cigarras.

1560, Jean Nicot de Villemain, embaixador de Francia en Portugal, envía tabaco en po á súa raíña, Catalina de Médicis, coa finalidade de tratar as terribles migrañas do seu fillo Francisco II. O tratamento ten éxito e o tabaco empeza a se coñecido en Francia como «herba da raíña» e tamén «herba do embaixador». A súa venta en forma de po esta reservaba aos boticarios. No conto «Un Cabecilla» aparece na seguinte descrición dun frío guerrilleiro:

Quizá máis que sus facciones, que parecían talladas en durísimo granito, su historia trágica hizo que con tal enerxía hubiésemes quedado en el pensamiento aquella cara tabacosa que apenas se distinguía del paño de la montera.


(«Un Cabecilla». *Jardín Umbrío*, p. 105)

## FIBRAS TÉXTILES

A palabra «técnico» deriva do latín *texere*, que pode ser tecido. As fibras de liño e cá-nabo, dúas especies que se cultivaron en Galicia coa finalidade de obter fibras vexetais, son as fibras de celulosa das paredes do floema.<sup>109</sup> As plantas utilizadas para extraer fibras coñécense dende a antigüidade, cando o home necesitou cubrir o seu corpo para protexerse das inclemencias do clima. Primeiro usaba as fibras de plantas silvestres, pero despois, mediante cultivo e selección artificial, foi mellorando a calidade das fibras producidas. Durante a segunda metade do século XX, co desenvolvemento da industria petroquímica, as fibras naturais foron perdendo terreo fronte as sintéticas.

<sup>109</sup> O floema está formado polo conxunto dos vasos liberianos, polos que circula o zume elaborado e teñen paredes de celulosa.

## LIÑO



*Linum usitatissimum*

En *Flor de Santidad*, Ádega pasa moito tempo sentada no adro do Santuario,

a la sombra de los viejos cipreses, Ádega hilaba en su rueca, copo tras copo, el liño del último espadar.

(*Flor de Santidad*, p. 105)

En Galicia podemos atopar varias especies de liño silvestre, pero a especie da que se extraen as fibras de liño é o LIÑO COMÚN, *Linum usitatissimum*, tamén coñecido como liño manso ou liño galego. O mesmo que ocorre con outras plantas cultivadas dende moi antigo, non se coñece como planta silvestre; pero crese que deriva de *Linum bienne* (= *Linum angustifolium*), denominado vulgarmente como LIÑO BRAVO ou LIÑO MOURISCO, unha especie frecuente en pastos, beiras de camiños e areais do litoral, e que, entre maio e xullo, amosa unhas bonitas flores azuis. Varias especies do xénero cultívanse como plantas de xardín pola beleza das súas flores, que presentan o inconveniente da fugacidade.

O liño cultivado é unha planta anual, ergueita, de ata un metro de altura. Florece de abril a xuño e faise a colleita entre xuño e agosto. Como empobrece moito o terreo no que medra e necesita moito abono, o seu cultivo rotábase co de outras plantas, como o millo ou a pataca. En «El Embrujado» aparece esta referencia aos cultivos do liño:

A las dos riberas, agros mellizos de heno y linar que, a par del río, se rizan con la brisa.  
(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 122)

Desta plana obtense a «fibra de liño», unha fibra de celulosa moi utilizada para tecidos dende a Antigüidade. Cultívanse distintas variedades que dan fibras de clase diferente. A recolección pódese facer en distintas épocas e en momentos diferentes da vexetación. Cando se colleita moi verde da unha fibra fina, boa para certos tecidos; recolectado cando empeza a tomar cor amarela dá unha fibra máis forte e basta; e se espera a que frutifique, para o aproveitamento do aceite que proporcionan as sementes, da unha fibra moi grosa, boa para tecidos bastos e estopa. O aceite (aceite de liñaza) emprégase principalmente na fabricación de vernices, pintura ao óleo, linóleos, e en farmacia para a preparación de xabóns e bálsamos. A preparación tradicional das fibras do liño constaba de varias labores:

O ARRIGADO consistía en arrancar as plantas e golpear as raíces contra as pernas para que soltaran a terra. No seguinte labor, o RIPADO, facíanse pasar as plantas por un peite con dentes longos, o *ribo*, para que soltaran as sementes.<sup>110</sup> Despois, durante o ENRIADO ou

<sup>110</sup> A semente do liño, a *bagaña*, recollíase nunha sávana e gardábase no palleiro; unha vez seca, púñase ó sol para que abra o *coño*, envoltura da semente, e quedara solta a liñaza. O coño queimábase e aproveitábase a cinza para un plantío especial (xeralmente a cebola).

EMPOZADO, xuntábanse as plantas en feixes e levábanse ao río ou a un *pozo do liño*, onde se mantiña somerxido debaixo duns varais de carballo cruzados e cargados con pedras; deixábase dentro da auga durante uns corenta días para que «cocera».<sup>111</sup> A continuación viña o SECADO na eira. Xa seco, gardábase no palleiro ata o momento de mazalo. Durante o MAZADO collíanse mans de fibras do feixe de liño e golpeábanse cunha maza de madeira. Despois deste proceso o liño quedaba un pouco escuro e, para clarealo, somerxiase de novo en auga durante unha semana. Unha vez seco, procedíase a un novo mazado ou remazado. Nunha acotación de *Divinas Palabras* vemos:

El río divino de romana historia es una esmeralda con mirajes de ensueño. Las vacas de cobre abrevan sobre la orilla, y en claros de sol blanquean los linos mozas como cerezas y dueñas caducas.

(*Divinas Palabras*, p. 135)

Na seguinte fase, o DELUVADO, íanse unindo —xuntando extremos e fricciónando— as *mans* ou *estrigas*. Con 18 estrigas formábase unha unidade nova, o *afusal*, cun peso aproximado de libra e media e válida para a venda en calquera mercado. Durante o proceso do ESPADELADO golpeábanse as estrigas cun fío de madeira, ou *espadela*, para que se separaran as fibras defectuosas.

Ádega fue admitida en la servidumbre de la señora, y aquel mismo día llegaron las mozas de la aldea, que todos los años espadaban el lino en el generoso Pazo de Brandeso. Comenzaron su tarea cantando y cantando la dieron fin. Ádega las ayudó. Espadaban en la solana...

(*Flor de Santidad*, p. 144)

<sup>111</sup> Serie de reaccións químico-biolóxicas levadas a cabo por bacterias aerobias e anaerobias que secretan unhas encimas que disolven a pectosa que mantén unidas as fibras de celulosa.

Así se describe o outono en «El Embrujado», estación na que se ambienta esta obra:

Estamos en tiempo otoñal, generoso y dorado, después de vendimias y espadelas.

(«El Embrujado». *Retablo de la Lujuria, la Avaricia y la Muerte*, p. 101)

Finalmente, para *afinar* ou *asedar* o liño realizábase o TASCADO. Facíanse pasar as fibras de liño entre as púas moi finas dun cepillo, o *restrelo*; o que quedaba nos dentes (tascos e tomentos) formaban a *estopa*. O afusal resultante xa se podía colocar na roca para fiar. En *Águila de Blasón* aparece esta descrición da habitación de Pichona la Bisbisera:

Al fondo, separada por viejo cañizo y sobre caballetes de pino emborronados de azul, está la cama: jergón escueto de panocha, sábanas de estopa y manta de remiendos.

(*Águila de Blasón*, p. 140)

O seguinte texto de «El Rey de la Máscara» describe unha figura con basto disfrace de rei:<sup>112</sup>

Allí en medio de la cocina estaba el rey, grotesco en su inmóvil gravedad, con su corona de papel, su cetro de caña, el blanco manto de estopa, la bufonesca faz de cartón...

(«El Rey de la Máscara».

*Jardín Umbrío*, p. 116)

A *estriga* —*copo* en castelán— era a porción de liño que se poñía de cada vez na roca para ser FIADO mediante unha serie de xiros. O fió resultante envolvíase no *fuso* para facer unha *mazaroca*.<sup>113</sup> Na obra de Valle hai moitas escenas nas que aparecen mulleres fiando coa *roca* e o *fuso*. Selecciono as dúas seguintes:

<sup>112</sup> Máis tarde sabemos que este entroido oculta o corpo morto do abade de Bradomín.

<sup>113</sup> Tamén se chaman *mazarocas* as espigas de millo debulladas.

En *Flor de Santidad*, cando o romeiro chama na porta da pousada pedindo caridade, ábrelle a pousadeira, unha muller que

Traia la rueca a la cintura, y sus dedos de momia daban vueltas al huso.

(*Flor de Santidad*, p. 83)

Neste parágrafo de «El Embrujado» unha avoa arrola ao seu netiño mentres fía:

Sentada en el umbral, una vieja mueve la cuna con el pie, mientras sus dedos arrugados hacen girar el huso de la rueca. Hila la vieja, copo tras copo, el lino moreno de su campo.

(«Tragedia de Ensueño».

*Jardín Umbrío*, p. 79)

Despois o fió das mazarocas ENSARÍLLASE no *sarillo*<sup>114</sup> para facer unha *medada* ou *madeixa*. Posteriormente, despois de lavalas no regueiro, as *madeixas* colocábanse na *debandeira* para facer os *nobelos*. En *Flor de Santidad* desenvólvese esta conversa entre a pousadeira e a neta do sanador de Cela:

—Si tenía algún lino para tejer, lléveselo a mi tío Electus.

—Lino tengo. ¡Pasa bien de una docena de madejas! Mas el ir agora donde tu abuelo es solamente por ver si me da remedio contra el mal del ganado.

(*Flor de Santidad*, p. 93)

Escribe Valle-Inclán na primeira aco-tación de «El Embrujado»:

La solana, este día con hilanderas que devanan en los sarillos o tienen la rueca, se alegra como un carro de vendimias.

(El Embrujado». *Retablo de la Lujuria, la Avaricia y la Muerte*, p. 101)

<sup>114</sup> Peza do tear formada por varias aspas de madeira que viron con rapidez.

Sobre un arcón están las jalmas de una montura, y al pie un sarillo con su gran majeja de liño casero a medio devanar.

(*Águila de Blasón*, p. 159)

Conta Andara, unha das tres doncelas de «Tragedia de Ensueño»:

A mí me dio una majeja de liño, y al recogerla del zarzal donde la había puesto a secar, un pájaro negro se la llevó en el pico...

(«Tragedia de Ensueño».

*Jardín Umbrío*, p. 81)

Finalmente, no TEAR urdíanse os lenzos de liño. Don Pedro Bolaño orde en «El Embrujado»:

Dad al rapacín lo que pide. Tú, Diana de Sálvora, siéntate. Cenarás el compango con todos, y luego te arrimarás a hilar una rueca que pronto esperamos al tejedor.

(«El Embrujado». Retablo *de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 144)

En *Flor de Santidad* aparece a seguinte referencia ás telas de liño:

A la señora, como a todas las mayorazgas campesinas, le gustaban las telas de liño y las guardaba en los arcones de nogal, con las manzanas tabardillas y los membrillos olorosos.

(*Flor de Santidad*, p. 145)

Dinos o Marques de Bradomín en *Sonata de Otoño*, aludindo ás fillas de Concha:

Sus vestidos eran albos como el liño de los paños litúrgicos.

(*Sonata de Otoño*, p.106. «El Miedo».

*Jardín Umbrío*, p. 76)

Na última frase do conto «La Misa de San Electus» lemos o desenlace da triste historia dos tres mozos mordidos por un lobo rabioso:

Murieron en la misma noche los tres mozos, y en unas andas, cubiertas con sábanas de liño, los llevaron a enterrar en el verde y oloroso cementerio de San Clemente de Brandeso.

(«La Misa de San Electus».

*Jardín Umbrío*, p. 112)

Aínda que na actualidade non se cultiva en Galicia esta planta téxtil, en determinadas épocas do pasado tivo unha gran importancia para a economía galega.<sup>115</sup>

## CÁNABO



*Cannabis sativa*

En «El Embrujado», repite varias veces Ánxelo querendo dar a entender que non pode mentir:

¡Mi palabra, palabra será que hile el cáñamo de un dogal!

(«El Embrujado». Retablo *de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, pp. 123, 134 e 148)

<sup>115</sup> Ata a década de 1770, en que comezan a chegar cargamentos de liño do Báltico a portos de Galicia, o ramo da lencería era unha actividade estritamente familiar, e con maior desenvolvemento en vales e litoral, onde a planta se cultivaba con máis intensidade. De feito, o liño cultivábase por toda Galicia, pero era no litoral e vales prelitorais onde tiña máis importancia; polas terras de Padrón, o Salnés, etc.

O CÁNABO, *Cannabis sativa*,<sup>116</sup> é unha planta herbácea, anual e dioica, que medra en masas compactas e chega ata os dous metros de altura. Desta especie obtense unha fibra téxtil<sup>117</sup> que se emprega para confeccionar cordas, sacos, redes, etc. É orixinario de Asia Central, en clima temperado-frío. Pasou á India e, despois, os persas e os medos trouxérono a Europa. As partes verdes da planta emanan un olor nauseabundo; suponse que é unha forma de defensa contra os herbívoros. A semente do cânabo, o alpiste, é moi rica en aceite. O cultivo<sup>118</sup> do cânabo empezou a decaer despois da Primeira Guerra Mundial debido á competencia doutras fibras téxtiles, como «yute», algodón, cânabo de Manila, etc. O mesmo que sucedía co liño, a preparación tradicional das fibras constaba de varios labores: o primeiro que se facía despois da recolección era separar as follas dos talos, que se xuntaban en mangados antes de poñelos a secar. A continuación metíanse en auga para que maceraran,<sup>119</sup> ata que a cortiza se desprendía do resto. Cando se sacaba da auga, escorríase e puñase a secar. Despois, con operacións manuais e mecánicas, sepárase a fibra téxtil dos demais tecidos e péitase. Os cânabos máis finos destínanse á produción téxtil; os bastos serven para cordas, estopas e para calafateado de embarcacións; cos desperdicios fábricase un papel moi resistente.

Están conversando, en *Divinas Palabras*, Pedro Gailo e a súa irmá Marica del Reino. Esta cóntalle que Mari-Gaila, a súa muller, o

está deshonrando. Aconséllao para que a deixe ou a controle, a golpes se é preciso. O sancristán responde:

¡Tú quieres que yo me pierda, y tanto harás que me subirás a la horca! ¡Me hilan el cáñamo las malas lenguas, y llaman sobre mí al verdugo! ¡Por perdido me cuento! ¡Tendrás, Marica, un hermano ahorcado! ¡Esta noche saco los filos del cuchillo! ¡No quisiera sobre mi alma tus remordimientos!

(*Divinas Palabras*, p. 93)

## CEREAIS<sup>120</sup>

Cando, en *Flor de Santidad*, a pousadeira e Ádega chegan ao muíño de Cela, a roda do muíño, «fatigada y caduca canta el salmo patriarcal del trigo y la abundancia». Unha muller está botando millo ás galiñas dende o alto do patín. É a muíñeira, que «desgrana mazorcas con la falda recogida en la cintura y llena de maíz». Saúdanse e desenvólvese a seguinte conversa:

—¿Hay mucho fruto?

—¡Así hubiera gracia de Dios?

—¿Cuántas piedras muelen?

-Muelen todas tres: La del trigo, la del maíz y la del centeno.

—¡Conócese que trae agua la presa!

—En lo de agora no falta.

—¡Por algo decían los viejos que el hambre a esta tierra llega nadando!

(*Flor de Santidad*, p. 97)

Antes de entrar na exposición dos cereais que se cultivan en Galicia, quero revelar o sig-

<sup>116</sup> *C. sativa* medra nos países de clima temperado e frío. En climas cálidos e áridos cultívase o cânabo indiano, *C. indica*; planta da que se obtén o *hashish*, unha droga alucinóxena.

<sup>117</sup> Sábese do seu emprego dende hai máis de 5.000 anos.

<sup>118</sup> Segundo Merino cultivouse, aínda que pouco, en Galicia. As plantacións máis importantes estiveron na lagoa de Antela.

<sup>119</sup> Igual que sucedía no caso do liño, esta operación ten por obxecto liberar as fibras de celulosa mediante a solubilización das substancias pécticas que as manteñen unidas. Neste proceso interveñen bacterias aerobias e anaerobias.

<sup>120</sup> Son os froitos de certas plantas da familia das gramíneas. Trátase dun tipo especial de froito, chamado gran ou cariopse. Neles, o pericarpo (salvado) está tan intimamente unido á semente (endospermo) que ambos forman un conxunto homoxéneo ó que se chama gran. Nos cereais, froito e semente parecen ser unha mesma cousa.

nificado da frase coa que remata o diálogo anterior. A historia que se oculta detrás destas palabras ilustra, ademais, a importancia dos cereais na alimentación humana.

Escribe o narrador de *Flor de Santidad* que Ádega quedou orfa aos nove anos.

Sus padres habían muerto de pesar y de fiebre aquel malhadado año del Hambre, cuando los antes alegres y picarescos molinos del Sil y del Miño parecían haber enmudecido para siempre... ¡Qué invierno aquel! El atrio de la iglesia se cubrió de sepulturas nuevas... Al amanecer no turbaba la luz de los corrales ningún cantar madrugero, ni el sol calentaba los ateridos campos... El viento soplaba áspero y frío, no traía caricias, no llevaba aromas, marchitaba la yerba, era un aliento embrujado. Algunas veces, al caer la tarde, se le oía escondido en los pinares quejarse con voces de otro mundo. Los establos hallábanse vacíos, el hogar sin fuego... Un día y otro desfilaban por el camino real procesiones de aldeanos hambrientos, que bajaban como lobos de los casales escondidos en el monte... y sólo hacían alto cuando las viejas campanas de alguna iglesia perdida en el fondo del valle dejaban oír sus voces familiares anunciando aquellas rogativas que los señores abades hacían para que se salvaran los viñedos y los maizales. Entonces, arrodillados a lo largo del camino, rezaban con un murmullo plañidero. Después continuaban su peregrinación hacia las villas lejanas... Conforme iban llegando unos en pos de otros, esperaban sentados ante la portada de las casas solariegas... imploraban limosna entonando una salmodia humilde. Besaban la borona, besaban la mazorca de maíz, besaban la cecina, besaban la mano que todo aquello les ofrecía, y rezaban para que hubiese siempre caridad sobre la tierra. Rezaban al Señor Santiago y a Santa María.

(*Flor de Santidad*, p. 82)

Neste texto, que se basea nun feito real, Valle repite algunhas das frases que aparecen en *Llueve*, un dos seus primeiros relatos cur-

tos. O suceso aconteceu entre 1852 e 1854, só nove anos antes do nacemento do escritor, polo que debeu escoitar o relato moitas veces. O mesmo Manuel Murguía, amigo da familia, foi unha testemuña presencial deste triste capítulo da nosa historia.<sup>121</sup> Este episodio de fame, agravado por epidemias de cólera<sup>122</sup> e tifos, debeuse a un prolongado período de choivas persistentes, que arruinaron as colleitas do ano 1852 e impediron sementar no ano seguinte. A falta de alimentos provocou o éxodo de moitos campesiños, famélicos e desesperados, cara ás cidades en busca de axuda.

Declara en «El Embrujado», aludindo ás «palabras sabias», unha das rapazas que fian na solaina da casa de Don Pedro Bolaño:

Una espiga tiene muchos granos que desgranar, y mucha harina que amasar, y mucho pan que dar. Y las buenas palabras —nuestra abuela decía— son espigas de la era de Dios.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 112)

Os **cereais** constitúen a base alimenticia da maioría dos pobos. A especie humana dependeu sempre dos cereais para as súas necesidades de proteínas e de enerxía. A súa facilidade de cultivo e o elevado rendemento calórico que proporcionan, convertéronos no alimento preferente da maioría das civilizacións ao longo da historia. Aínda que a den-


121 «...voy a contarte lo que presencié en Santiago en el tristísimo invierno de 1853, año fatal para Galicia, en que el hambre hizo bajar a nuestras ciudades, como verdaderas hordas de salvajes, hombres que jamás habían pisado las calles de una población, mujeres que no conocían otros horizontes que los que se extendían ante sus cabañas levantadas en la más apartada soledad: verdaderos lobos que no abandonan su madriguera, sino en los días de las grandes desolaciones» (MURGUÍA, Manuel, 1885: «Ignotus». *Los Precursores*, A Coruña).

122 En abril de 1854 morre, vítima do cólera, Ramona Montenegro, a primeira esposa de Ramón del Valle. (ALLEGUE, Gonzalo (2000): «Historia de una casa», *Cuadrante*, 0).

tadura humana está deseñada de maneira que permite triturar os duros grans de cereal, dende tempos remotos desenvolvéronse técnicas para moer os cereais fora da boca. Coa moenda obtense un precioso produto, a fariña, que serve de base para a elaboración de alimentos tan fundamentais como o pan. As pedras de moer gran constitúen un dos instrumentos máis necesarios para a economía familiar. Ata tal punto considerábase aos cereais e a súa fariña como alimento fundamental para soste a vida, que a Lei Mosaica prohibía hipotecar os instrumentos de moer o gran.<sup>123</sup>

Os cereais<sup>124</sup> máis cultivados en Galicia son o trigo o centeo e o millo.

## TRIGO



*Hordeum murinum*

<sup>123</sup> «No tomarás en prenda la muela del molino, ni la de abajo ni la de arriba; porque sería tomar en prenda la vida del hombre» (Deuteronomio 24, 6).

<sup>124</sup> Ata o século XVII, os cereais tradicionais en Galicia eran o centeo, o millo miúdo ou paíño e o trigo. O millo miúdo foi desaparecendo para darlle paso ó cereal que viña de América e tomou o seu nome, o millo, que pasou a ocupar un lugar primordial na nosa agricultura. O trigo, de cultivo moi esixente, era un alimento de luxo destinado ás clases sociais máis altas; pero moitas veces os labregos tiñan que sementalo para pagar as rendas forais, que na maior parte dos casos eran esixidas neste cereal.

O vello muiñeiro de Gondar cóntalle ao Marqués de Bradomín, en *Sonata de Otoño*, que paga á señora do Pazo de Brandeso un foro antigo de dúas ovellas,

siete ferrados de trigo y siete de centeno.

(*Sonata de Otoño*, p. 36)

Desígnanse co nome de TRIGO ao conxunto de cereais, tanto cultivados como silvestres, que pertencen ao xénero *Triticum*,<sup>125</sup> son plantas anuais da familia das gramíneas, amplamente cultivadas en todo o mundo. A palabra *trigo* designa tanto á planta como as súas sementes comestibles, o mesmo que ocorre cos nomes dos outros cereais. É orixinario da antiga Mesopotamia. Hai uns 8.000 anos, ocorreu unha mutación no trigo silvestre, orixinando unha planta con sementes máis grandes e, por tanto, con máis alimento. Este trigo, que non podía ser diseminado polo vento, extinguírase se non fose cultivado polos seres humanos. O cultivo do trigo, que obrigaba ao agricultor a manterse cerca da terra cultivada, favoreceu a domesticación da ovella e da cabra, especies salvaxes que habitaban a rexión. Estes feitos provocaron unha auténtica revolución: o home pasaba de cazador e recolector a agricultor e gandeiro, de nómade a sedentario.<sup>126</sup> As especies cultivadas

<sup>125</sup> A palabra *trigo* provén do vocábulo latino *Triticum*, que significa trillado, facendo referencia á actividade que se debe realizar para separar o gran da palla. *Triticum* significa por tanto «(o gran) que é necesario trillar (para poder ser consumido)». Da mesma maneira que *millo* (referíndose ó millo miúdo ou «mijo») ven do latín *milium*, que significa molido, mouturado, ou sexa «(o gran) que é necesario moer (para poder ser consumido)». O gran de trigo é un alimento relativamente completo, contén amidón e outros glúcidos (60-80%), lípidos (1,5-2%), proteínas (8-15%), minerais (1-1,5%), vitamina E e vitaminas do complexo B.

<sup>126</sup> Ó converterse en produtor dos seus alimentos, o home tivo que modificar o seu comportamento ancestral. En primeiro lugar tivo que perfeccionar a súa técnica para a medida do tempo. O cultivador tiña que elaborar numerosos plans con maior ou menor anticipación ó momento de levarlos a cabo, pois víase



máis importantes son *T. sativum*, *T. vulgare*, *T. durum*, *T. turgidum* e *T. colonicum*, cada unha das cales presenta moitas variedades ou razas. As variedades de trigo utilizadas en Galicia son ecotipos locais, que se designan co nome xeral de «trigo do país». O mesmo que sucede co centeo, cultivábanse dous tipos de trigo: o de inverno (grandal ou temperán), que se sementaba en outono e se recollía en verán; e o de primavera (serodio), que se sementaba en primavera e se recollía a finais de verán.

Entre as proteínas do trigo<sup>127</sup> destaca o glute, que proporciona ás masas elaboradas con fariña de trigo propiedades elásticas e tenaces, capaces de atrapar e reter o gas (dióxido de carbono) que se desprende no proceso de fermentación, e producen pan de consistencia elástica e esponxosa. O pan de centeo é máis compacto e esmagado porque contén menos glute; tamén ten unha cor máis escura e un sabor máis amargo. O pan de millo, que non contén glute, é o máis compacto.

En *Flor de Santidad* un mozo moi grande e forte, cunha barba «que tenía el color del maíz», cóntalle ao fillo da pousadeira o que tivo que facer o seu amo para quitarlle o meigallo a un rabaño:

---

obrigado a realizar nunha orde precisa unha serie de actividades complexas con vistas a obter un resultado distante e, sobre todo ó principio, xamais seguro: a colleita. Por outra parte, o cultivo das plantas imponía unha distribución do traballo orientada conforme a principios completamente distintos ós que rexeran anteriormente, pois a responsabilidade principal en canto a asegurar os medios de subsistencia recaía agora nas mulleres. A necesidade de conservar os alimentos propiciou o desenvolvemento de novas técnicas e artesanías como a cerámica, a cestería, etc. O descubrimento da agricultura tamén tivo moitas consecuencias na historia relixiosa da humanidade.

<sup>127</sup> As proteínas do trigo, o mesmo que as dos outros cereais, teñen calidade suficiente para satisfacer as necesidades proteínicas dos adultos, pero non as dos nenos, pois varios aminoácidos esenciais —principalmente a lisina— aparecen en baixa proporción. Para que os nenos poidan medrar, necesitan completar a dieta con alimentos ricos en lisina, como o leite e as legumes.

Pues verse con quien se lo tenía embrujado y darle una carga de trigo por que lo libertase.  
(*Flor de Santidad*, p. 113)

Na escena do bautizo anticipatorio que aparece en *Águila de Blasón*, La Preñada dille a Sabelita, que vai ser a madriña no ritual: «una mala mujer diome un hechizo en una manzana reineta, y no logro familia». E continúa La Suegra:

Ya le ofrecíamos una carga de trigo por que rompiere el embrujo y no quiso.  
(*Águila de Blasón*, p. 124)

Dinos o Marques en *Sonata de Otoño* que, para almacenar os foros, había no vestíbulo do Pazo de Brandeso:

[...] viejos arcones del trigo con la tapa alzada.  
(*Sonata de Otoño*, p. 40)

En *Romance de Lobos* podemos ler esta réplica de El Pobre de San Lázaro, a un longo discurso de Don Juan Manuel, que comeza culpando aos pobres por non ter valor para recobrar o que lles pertence, por non xuntarse e queimar as sementeiras e envelenar ás fontes...; e que remata exclamando: «¡Pobres miserables, almas resignadas, hijos de esclavos, los señores os salvaremos cuando nos hagamos cristianos!»:

Dios Nuestro Señor nos dará en el Cielo su recompensa a todos los que aquí pasamos trabajos. Es su ley que unos sean pobres y otros ricos. Dios Nuestro Señor a los pobres nos manda tener paciencia para pedir la limosna, y a los ricos les manda tener caridad, y el rico que parte su pan trigo con el pobre, tiene el Cielo más ganado que el pobre que lo recibe y no lo agradece. ¡Es la ley de Nuestro Señor!  
(*Romance de Lobos*, p. 80)

No conto «A Media Noche», de *Jardín Umbrío*, unha vella muiñeira está tomando a

lúa diante do muíño. Dous viaxeiros, xinete e espolique, que acaban de dar morte a un asaltante, preguntan polo muíneiro:

No está. Fuese a la villa para cumplir con la señora, mi ama, a quien pagamos un foro de doce ferrados de trigo y doce de centeno.

(*Jardín Umbrío*, p.144)

Lemos nunha acotación de *Divinas Palabras*:


SERENÍN DE BRETAL, que como un patriarca hace la siega del trigo con los hijos y los nietos, se ladea la montera con aquel gesto socarrón de viejo leguleyo.

(*Divinas Palabras*, p.135)

Os soldados están buscando, en *Los Cruzados de la Causa*, os fusiles que esconderon os carlistas:


Volvieron al convento airados y despechados. Tornaron a recorrer zaguanes y bodegas, andando bajo velos de telarañas. Alumbrándose con las linternas, asomaban a la boca de las tinajas, y suspendían en lo alto las tapas de los arcaces del trigo, dejándolas luego caer con gran estrépito.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 124)



Devandoira

## CENTEO



*Secale cereale*

En *Romance de Lobos*, Don Juan Manuel ordena a ANDREIÑA, unha criada da casona de Flavia-Longa, que acenda o forno e prepare comida para unha tropa de mendigos:

EL CABALLERO.— Enciéndele, y amasa la harina más blanca de la flor del trigo.


ANDREIÑA.— ¡Ay, señor mi amo, no hay harina, ni grano que llevar al molino!

EL CABALLERO.— ¿Qué ha sido del trigo y el centeno que llenaba mis arcaces?


(*Romance de Lobos*, p. 96)

O CENTEO,<sup>128</sup> *Secale cereale*, é un cereal semellante ao trigo, pero tolera moito mellor que este os solos ácidos e o clima chuvioso do noso territorio; polo que en Galicia, antes da Revolución Verde, o centeo substituíu ao trigo na alimentación das persoas. É unha gramínea orixinaria da rexión comprendida entre a India e Asia Menor e xa se cultivaba na Idade do Bronce.

<sup>128</sup> O gran ou cariósipside, contén amidón e outros hidratos de carbono (64%), proteínas (11-14%), lípidos (1,5%). Tamén contén minerais, vitaminas B e PP, calcio, fósforo e ferro.



Angazos e rodos



Peneiras e cribos

Seméntase a principios de outubro, despois dunha primeira sachada para acondicionar o terreo, deixándose así ata febreiro, cando se da unha nova sacha. O centeo tamén se coñece co nome de *pan*.

Entre Lugar de Condes y Lugar de Freyres, el Pazo de Lantañón.— Brañas,<sup>129</sup> castañas, agros de pan.

(*Cara de Plata*, p. 63)

En *Cara de Plata* aparece esta descrición dunha paisaxe:

Rumor de viento en las miseses: La queja del molino, en un grupo de árboles, alarga las vocales del miedo.

(*Cara de Plata*, p. 121)

Seitúrase en xuño coas fouciñas, e vaixe colocando en *brazados* ou *monllos*, que se xuntan formando *palleiros* ou *medas*,<sup>130</sup> a espiga ponse cara dentro para que non se molle. En agosto faise a *malla* ou *trilla*, co *mallo* bátese no centeo ata que se separa o gran da palla. O gran recóllese co *rodo* e a palla co angazo. Para quitarlle a palla ao gran utilízanse tamén as peneiras e os cribos.

<sup>129</sup> Lameiros, prados con moita humidade.

<sup>130</sup> Morea grande de monllos de cereal colocados ordenadamente ó redor dun pau, que se fai no lugar onde despois se van mallar, polo xeral na eira.

¡Cribos! ¡Cribos!... ¡Cedazos buenos! ¡Para harina de maíz, para harina de centeno!

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 201)

Rematada esta operación, mídese co ferrado e métese nos sacos. Os sacos, xa na casa, baléiranse na *tulla* que é un espazo que aproveita o ángulo que fai a baixada das escaleiras. Dille Don Farruquiño a Don Pedrito, en *Romance de Lobos*, para xustificar o espolio da capela onde fai poucas horas enterraron a Doña María, súa nai:

Esa plata que nos hemos repartido es una miseria... ¿Pero y el trigo, y el maíz, y el centeno? Las trojes hoy están vacías, y no hace una semana estaban llenas, porque mi madre había cobrado los forales de Andrés y de Corón. ¿Quién la ha robado? ¡Ellos y sólo ellos!

(*Romance de Lobos*, p.84)

A palla, máis dura ca do trigo, tiña moitas utilidades: como colchón, cama para o gando e produción de esterco, forraxe, cuberta de vendas primitivas, fachos, labores artesanís para fabricar cestos, sombreiros, capas con carapucho ou corozas, etc. Transcribo textos de Valle nos que aparecen exemplos de distintas aplicacións da palla:

Los soldados entraban en las celdas, revolían los lechos, esparcían la paja de los jergones,

y salían riendo, mostrándose furtivamente algún acericcio que llevaban para las novias.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 124)

El Niño, que dormía en el pesebre sobre rubia paja centena, sonrió en sueños.

(«La Adoración de los Reyes».

*Jardín Umbrío*, p. 73)

La ventera llevaba encendido un hachón de paja, por que el fuego arredase a los lobos.

(*Flor de Santidad*, p. 102)

Las eras encharcadas y desiertas ya habían desaparecido en la noche, y a lo lejos brillaban los fachicos de paja con que se alumbraban los mozos de la aldea que volvían de rondar a las mozas.

(*Flor de Santidad*, 103)

El rapaz alumbraba con una antorcha de paja centena, y el abuelo dicta en voz baja la fórmula del rito.

(*Águila de Blasón*, p.124)

Encendió en el hogar un haz de paja, a modo de antorcha, y bajó corriendo a la playa.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 191)

En «El rey De La Máscara», o cura de San Rosendo de Gondar emplega toxo e palla para incinerar o cadáver do abade de Bradomín:

Al poco volvió con un inmenso haz de tojo y otro de paja.

(«El Rey de la Máscara».

*Jardín Umbrío*, p. 117)

Finalmente, cando se necesita fariña, o gran lévase ao muíño. Coa súa fariña elaborase «pan centeo» ou «pan negro», máis escuro e compacto que o «pan trigo». Nunha acotación de *Romance de Lobos* aparece a seguinte descripción:

Una tropa de chalanes llega y descabalgaba para descansar a la sombra de los cipreses,

dejando libres los jacos en el verde y oloroso campo, que cruzan aquellos caminos aldeanos por donde se pierden huestes de mujerucas, viejas y mozas, que van al molino con maíz y con centeno.

(*Romance de Lobos*, p. 114)

Cando, en *Flor de Santidad*, Ádega e a súa ama camiñan cara ao muíño de Cela para consultar ao saudador, ven pasar, en dirección á feira de Brandeso, a varios labradores de Cela e de San Clodio guiando as súas xugadas,

y mujeres asoleadas y rozagantes pasan con gallinas, con cabras, con centeno.

(*Flor de Santidad*, p. 94)

De novo, en *Flor de Santidad*, dille a pou-sadeira a Ádega:

Al pasar pregunta en el molino si anda la piedra del centeno.

(*Flor de Santidad*, p. 90)

En *Los Cruzados de la Causa* lemos que Cara de Plata, para esconder os fusiles, cargados en carros do país para o seu traslado a unha praia.

...bajó a la era, y por sí mismo los fué cubriendo con haces de paja.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 175)

En «Mi Bisabuelo», un conto de *Jardín Umbrío*, aparece a seguinte comparación:

Águeda la del Monte se levantó apoyándose en el palo. Había sido una mujer gigantesca, y aún encorvada parecía muy alta, tenía los ojos negros, y era morena, del color del centeno.

(«Mi Bisabuelo». *Jardín Umbrío*, p. 150)

Os centeo poden ser atacados polo fungo *Claviceps purpurea*,<sup>131</sup> que medra sobre os grans

<sup>131</sup> Estudando este fungo, Albert Hofmann descubriu en 1943 o LSD (dietilamida de ácido lisérxico), un poderoso alucinógeno.

e produce uns corniños violáceos que sobresaen da espiga, polo que esta infección fúnxica coñécese como *cornizó do centeo*.<sup>132</sup> O consumo de pan infectado con este fungo produce unha enfermidade, o *ergotismo*,<sup>133</sup> que fixo moito dano na antigüidade.<sup>134</sup>

## MILLO



*Zea mays*

<sup>132</sup> O cornizó é frecuente en comarcas chuviosas da península ibérica, sobre todo en Galicia e norte de Portugal.

<sup>133</sup> Tamén se coñecía como fogo de San Antonio, fogo sagrado, mal dos ardentés e fogo infernal. Nos tratados médicos antigos distinguen dous tipos de ergotismo: o ergotismo gangrenoso (*ignus sacer ou lume sagrado*) e o ergotismo convulsivo (*terribilis morbus potencialis convulsivus*). Agora sabemos que o cornizó contén alcaloides que fundamentalmente producen vasoconstrición e alucinacións.

<sup>134</sup> Durante a Idade Media, como consecuencia da alimentación con pan de centeo, as intoxicacións por ergotismo eran tan frecuentes que se crearon hospitais onde os freires da orde de San Antonio Ermitaño se dedicaban exclusivamente a coidar a estes enfermos. A enfermidade empezaba con frío intenso e repentino en todas as extremidades para converterse nunha queimazón aguda. Moitas vítimas lograban sobrevivir pero quedaban mutiladas. Existía outra variante desta intoxicación no que o paciente sufría intensas dores abdominais que finalizaban nunha morte súbita.

Podemos informarnos dos terribles e sobrecolletores efectos desta enfermidade nas *Cantigas de Santa María*. Así, na n° 53, aparece un neno pastor ó que comezaron a arderlle os pes co chamado «lume salvaxe». Na n° 81, cóntase que unha

Nunha escena de *El Marqués de Bradomín*, Florisel sae do pazo acompañando a La Madre Cruces,

cargado con una cesta, de donde desbordan las espigas de maíz. Aquella es la limosna que habrá de repartirse entre la hueste de mendicants, y todos se atropellan para acudir a cobrarla.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 215)

O MILLO, *Zea mays*, é unha gramínea de procedencia americana que chegou a Europa cos primeiros viaxes de Colon, e comezou a cultivarse nas primeiras décadas do século XVI. A primeira referencia do seu cultivo en Galicia data de 1610, na zona do Barbanza. É o cereal máis cultivado en Galicia, aínda que na actualidade utilízase principalmente para a alimentación do gando.<sup>135</sup>

O millo seméntase a finais de primavera, pero antes, esténdese esterco sobre a superficie a sementar. Despois vaise arando, seméntase nos regos que se forman e, ao final, pásase a *grade* para alisar a terra. En xuño sáchase, límpase de malas herbas en xullo e régase en agosto.

El peregrino siguió adelante por el camino que trajera, un camino llano y polvoriento entre maizales.

(*Flor de Santidad*, p. 109)

muller, á que o «infernal lume» lle comera o rostro, tiña que poñer un cendal ante a cara para ocultar unha fealdade tan grande, que lle causaba unha «angustia mortal». E na cantiga n° 91, faise referencia a un gran número de afectados que padecían unha dor desmesurada: queimábanse peor que co lume, os membros caíanse, non podían comer nin durmir, nin sosterse sobre os pes. Para a xente da época, esta enfermidade era a manifestación dun castigo divino polos pecados cometidos. De feito, na cantiga n° 93, entre outras, declárase abertamente que Deus quixo que ao afectado lle sobrevivese a enfermidade porque se entregaba ao «vicio que pide a carne».

<sup>135</sup> O gran de millo presenta a seguinte composición: Amidón e outros glúcidos (70%), proteínas (8%), lípidos (5%), vitamina A, riboflavina, aneurina, non contén niacina ou vitamina PP o que ocasiona *pelagra* en poboacións que se alimentan principalmente de millo.

Sabelita se aleja por un sendero entre maizales que bajan a la orilla del río, y en sus manos pálidas, la manzana de sangre parece un corazón.

(*Águila de Blasón*, p. 166)

Entre los maizales brillan las luces de la Santa Compañía... La blanca procesión pasa como una niebla sobre los maizales.

(*Romance de Lobos*, p. 56)

¡Con prados y maizales que es una gloria, ir a recoger esquilmo en La Braña!

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 108)

Por el camino, entre maizales, asoma el garabato negruzco de una vieja encorvada, que galgüea.

(*Divinas Palabras*, p. 133)

A seitura faise a principios de outono coa *fouce*. Espállanse as mazarocas e déixase secar entre dez e quince días no palleiro; unha vez seco, esfóllase e lévase para o *horreo* ou *caba-ceiro* a secar.

Mesurado y erguido el viejo labrador baja la gran escalera de la solana, que visten de oro las mazorcas esparcidas por la balaustrada, secándose al sol y oreando al viento de Sálvora.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 119)

En caso de necesidade de pan ou fariña, é necesario *debullalo*<sup>136</sup> e poñelo a secar uns días.

Nunha escena ambientada na Casona de Don Juan Manuel en Viana de Prior, unha candela ilumina a gran sala onde Sabelita se adormece ao calor dun braseiro,

[...] y los criados, en la sombra del muro, velan desgranando mazorcas de maíz en torno de las cestas llenas de fruto. Una voz cuenta un cuento... La vieja se levanta después de volcar en la cesta el maíz desgranado en su falda, y mira por la ventana.

(*Águila de Blasón*, pp. 57-58)

Aparece unha escena moi similar en *Romance de Lobos*, pero neste caso a sala está na casona de Flavia-Longa:

ANDREÍÑA hila y otros criados desgranán maíz, a la redonda de una cesta colmada de mazorcas.

(*Romance de Lobos*, p. 123)

Sin ruido, lentamente, DOÑA MONCHA se aparta de la puerta y se sienta entre los criados a desgranar espigas... Desgranada una cesta de mazorcas, traen otra.

(*Romance de Lobos*, p. 125)

Los criados comenan en voz baja, graves, lentos, reunidos a la redonda de la cesta llena de mazorcas, y sus voces supersticiosas parece que van en la oscuridad, de un misterio hacia otro misterio.

(*Romance de Lobos*, p. 125)

Cesa de pronto la glosa de los criados que hacen rueda desgranando mazorcas.

(*Romance de Lobos*, p. 126)

El CAPELLÁN pasea la estancia de uno a otro testero, con un murmullo de rezo, y los criados, reunidos a la redonda de la cesta colmada de mazorcas, hablan en voz baja.

(*Romance de Lobos*, p. 129)

Na mesma escena asistimos a unha divertida conversa entre os criados na que se xoga co dobre sentido da palabra *carozo*:

EL RAPAZ DE LAS VACAS.— ¡Tengo dolidas las manos! ¿Desgrana bien ese carozo, Re-bola?

<sup>136</sup> O debullado consiste en separar os grans do carozo. Esta operación realízase collendo a mazaroca a debullar coa man esquerda, e un carozo, que se usaba a modo de ferramenta para arrancar os grans da mazaroca, coa man dereita.

LA REBOLA.— Hace él solo la labor.

EL RAPAZ DE LAS VACAS.— Yo no atopo uno bueno.

LA REBOLA.— Este lo tuve en el lar, por mor que endureciese.

DON GALÁN.— Si me lo regalas, te doy palabra de casamiento.

ANDREÍÑA.— ¿Y ha de ser ella quien te dé el carozo?

EL RAPAZ DE LAS VACAS.— ¡Nunca tal vi, ser la mujer quien lleve el carozo!

DON GALÁN.— Así juntábamos dos. ¡No tenéis oído que cuanto más, más gracia de Dios!

ANDREÍÑA.— ¡Gran maricallo!

(*Romance de Lobos*, pp. 123-124)

En *El Embrujado*, na cociña de Don Pedro Bolaño:

Una vieja hila sentada debajo del candil. Los otros criados desgranar mazorcas para enviar el fruto al molino. Hablan en voz baja. Tienen un aire de misterio.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 138)

No conto «Milón de Arnoya» podemos ler:

En casa de mi abuela, cuando los criados se juntaban al anocheado para desgranar mazorcas, siempre salía el cuento de Milón de Arnoya.

(«Milón de Arnoya». *Jardín Umbrío*, p. 187)

En «La Adoración de los Reyes», Valle ambienta a visita dos tres Magos nunha Galicia contemporánea.

Los esclavos negros hicieron arrodillar los camellos y cabalgaron los tres Reyes Magos. Ajenos a todo temor se tornaban a sus tierras, cuando fueron advertidos por el cántico lejano de una vieja y una niña que, sentadas a la puerta de un molino, estaban desgranando espigas de maíz.

(«La Adoración de los Reyes». *Jardín Umbrío*, p. 74)

Finalmente, o gran lévase o muíño para facer fariña

En *Flor de Santidad* aparece esta descripción:

Rebaños de ovejas suben por la falda del monte, y mujeres cantando van para el molino con maíz y con centeno.

(*Flor de Santidad*, p. 126)

En *Águila de Blasón* lemos que o muíño de Lantañón ten, o mesmo que o de Cela, tres pedras para moer —unha para cada tipo de cereal—. É propiedade de Don Juan Manuel, que o ten arrendado a Pedro Rey, un muíño vello e malicioso. Don Pedrito, o fillo maior de Don Juan Manuel, acércase ao muíño e sorprende soa a Liberata la Blanca, a xove e guapa esposa do muíñoiro. Reprodúzo parte da súa conversa:

DON PEDRITO.— Teneis el molino casi de balde.

LIBERATA.— ¿Qué dice, señor? ¡Ave María!, de balde!

DON PEDRITO.— De balde, porque doce ferrados de trigo y doce de maíz no son renta. ¡Y eso cuando la pagais!

Don Pedrito fai alusión ao feito de que o seu pai, Don Juan Manuel, perdoa a renda a Pedro Rey a cambio dos favores carnaís de Liberata.

LIBERATA.— Será porque el amo nos la perdona. ¡Ave María, de balde un molino que la mitad del año solamente tiene agua para una piedra! ¡Las otras dos es milagro que muelan pasado San Juan!

DON PEDRITO.— Hoy me parece que muelen todas.

Están a mediados de verán, polo que a descarada Liberata ten que xustificar a súa mentira:

LIBERATA.— Porque tenemos el agua de los riegos.

DON PEDRITO.— Pues como la mitad del año solamente muele la piedra del maíz y no da para la renta que pagáis, yo vengo a libraros de esa carga.

Seguen conversando e Don Pedrito, cada vez máis anoxado ameaza:

DON PEDRITO.— Yo de nadie necesito licencia... O me pagáis a mí cien ferrados de maíz, que toda la vida ventó el molino, o mañana mesmo lo dejáis al casero que antaño lo llevaba.

(*Águila de Blasón*, pp. 79-80)

A escena termina cando, encirrando aos seus alanos e revivindo «el encanto de las epopeyas primitivas, que cantan la sangre, la violación y la fuerza», o cruel e primitivo primoxénito do vinculeiro viola a Liberata «bajo una vid centenaria».

O millo de mellor calidade dedicábase ao consumo humano, aínda que non era moi apreciado: En *Flor de Santidad* lemos que por unha abertura da alforxa do cego Electus asomaban

las rubias espigas de maíz que había recogido de limosna a su paso por las aldeas.

(*Flor de Santidad*, p. 128)

Dille, en *Romance de Lobos*, Don Juan Manuel a un grupo de mendigos:

Todo el maíz que haya en la troje se repartirá entre vosotros.

(*Romance de Lobos*, p. 79)

Tamén en *Romance de Lobos*, referíndose ás viúvas dos mariñeiros que afogaron cando naufragou a lancha na que, presionados por Don Juan Manuel, intentaban cruzar a ría nunha noite de temporal:

LA ROJA.— El Señor Don Juan Manuel dispuso que se diese a cada viuda una carga de maíz. ¡Fué la sola cosa que habló!

(*Romance de Lobos*, p. 122)

Nunha escena de *El Embrujado*, unha avoa e a súa neta, que foi mordida na cara por un can rabioso, están pedindo limosna para unha misa diante da casa de Don Pedro Bolaño. Juana de Juno, unha criada que está fiando na solaina, entra na casa,

y sale con dos mazorcas de maíz, que pone en las manos arrugadas de la abuela.

As mazarocas non deben ter moito gran porque a vella dille a Juana:

¡Mira que espigas! Dos carozos desgranados. No se pierde tu amo, no se pierde.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 102)

Tres días máis tarde regresan a avoa e a neta:

JUANA DE JUNO.— ¿Que conveniencia os trae?

LA ABUELA.— Cambiar maíz por pan cocido.

Estas espigas que nos dieron por las puertas.

JUANA DE JUNO.— ¿Quién cosechó maíz tan cativo?.

LA ABUELA.— Reparo pones a la limosna que me diste.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 142)

Don Pedro, que está observando atentamente a escena, ordena que lle cambien o millo por un pan enteiro.

Coa fariña de millo elabórase pan de brona, empanadas, papas e filloas:

Escribe Valle nunha acotación de *Divinas Palabras*:

Cuece la borona en algún horno, y el



humo de las jaras monteses perfuma el casal que se despierta.

(*Divinas Palabras*, p. 77)

En *Los Cruzados de la Causa*, para atraer a un can que está lambendo o sangue de Bieitiño, o sentinela que caeu morto por un disparo:

Una vieja le llamó enseñándole un pedazo de borona:

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 137)

Escribe o narrador de *Los Cruzados de la Causa* en referencia aos carros que transportan, ocultos baixo palla, os fusiles para a causa:

Era media mañana cuando se pusieron en camino, después de la parva e borona caliente y vino nuevo, que viejos y mozos saborearon puestos en hilera, a la sombra del hórreo.

(*Los Cruzados de la Causa*, p. 175)

Narra Valle-Inclán, en *Flor de Santidad*, que os campesiños, arruinados e famentos a causa das chuvias do Ano da Fame, baixaban a pedir esmola nas vilas e que, cando recibían caridade, agradecidos

besaban la borona, besaban la mazorca del maíz,

(*Flor de Santidad*, p. 82)

En «El Embrujado», un neno pide fariña na cociña de Don Pedro Bolaño:

EL RAPACÍN.— Dice mi madre que si le emprestan un puño de harina maiza para hacer unas papas, pues ella no tiene con qué darnos cena.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 144)

En *Águila de Blasón*, dille Don Juan Manuel a Don Galán, ó seu bufón:

EL CABALLERO.— Pregunta si hay leche cuajada y borona tierna.

(*Águila de Blasón*, p. 72)

O millo de peor calidade utilizábase para alimentar aos animais:

Cando, en *Flor de Santidad*, Ádega e a súa ama chegan ao muíño de Cela ven á muiñeira botando millo ás galiñas:

la molinera, en lo alto del patín, desgrana mazorcas con la falda recogida en la cintura y llena de maíz.

(*Flor de Santidad*, p. 97)

Pregúntalle Cara de Plata a La Pichona en *Águila de Blasón*:

CARA DE PLATA.— ¿Pichona, tienes un puñado de maíz para el rocín?

(*Águila de Blasón*, p. 143)

Lemos, nunha acotación de *El Marqués de Bradomín*, que Doña Malvina, unha vella vestida co hábito do carmelo, está nunha escalinata e

Aventa un puñado de maíz, y las palomas acuden a ella.

(*El Marqués de Bradomín*, p. 201)

Valle recorre moitas veces a sensacións acústicas. Unha que utiliza con frecuencia, especialmente en *Divinas Palabras*, é a do son das follas do millo movidas polo vento:

El sacristán huyó por el camino de la aldea: La sotana escueta y el bonete picudo, ponen en su sombra algo de embrujado: Se vuelve, perdido entre los maizales llenos del rezo de anochecido, y levanta los brazos, negros, largos, flacos.

(*Divinas Palabras*, p. 94)

Pasa el rezo del viento por los maizales ya nocturnos, y se están transportando a la clave

del morado los caminos que aún son al crepúsculo algares y cadmos.

(*Divinas Palabras*, p. 95)

Mari-Gaila rueda el dornajo por un camino blanco y lleno de rumor de maizales.

(*Divinas Palabras*, p. 109)

Otra vez se trasmuda el paraje, y vuelve a ser el sendero blanco de luna, con rumor de maizales.

(*Divinas Palabras*, p. 111)

San Clemente. La quintana en silencio húmedo y verde, y la iglesia de románicas piedras doradas por el sol, entre el rezo tardecino de los maizales.

(*Divinas Palabras*, p. 140)

En *Flor de Santidad* descríbese un atardecer, mentres Ádega e a vella coa que viaxa observan a un home que está lendo, á luz dunha candeia, o *Libro de Cidrán*.<sup>137</sup>

Susurraron largamente los maizales, levantóse la brisa crepuscular removiendo las viejas hojas del infolio, y la luz del cirio se apagó ante los ojos de las dos mujeres. Habíase puesto el sol, y el viento de la tarde pasaba como una última alegría sobre los maizales verdes y rumorosos.

(*Flor de Santidad*, p. 136)

Valle introduce tamén o son dos «maizales» noutra recreación de tema campesino, esta vez en *Romance de Lobos*:

Mas lejos un mozo aldeano deja pacer la yunta de sus vacas, y a lo largo de los caminos, que se pierden entre verdes y sonoros maizales, trotan cabalgadas de chalanes que van de feria, y cruzan, graves y procesionales, viejos vestidos de estameña, con sus grandes bueyes de cobre lucientes, hermosos como ídolos,

con verdes ramos de roble en las testas.

(*Romance de Lobos*, p. 113)

O carozo emprégase para prender o lume. O *cosco* ou folla do millo para facer xergóns. Destas follas está recheo o xergón de Pichona la Bisbisera en *Águila de Blason*:

Al fondo, separada por viejo cañizo y sobre caballetes de pino emborrionados de azul, está la cama: jergón escueto de panocha, sábanas de estopa y manta de remiendos.

(*Águila de Blason*, p.140)

Tamén se emprega para cubrir teitos de chozas. Tal a casa de Ánxelo, en «El Embrujado»:

A su espalda, abierta y vacía, la casa alzada con pedruscos, cubierta con paja de maíz y envuelta en humo.

(«El Embrujado». *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 122)

O millo tamén aparece citado en dúas comparacións:

La barba rizada y naciente, que tenía el color del maíz, orlaba apenas su rostro bermejo.

Lleva trasquilada sobre la frente, como un siervo de otra edad, la guedeja lacia y pálida, que recuerda las barbas del maíz.

(*Flor de Santidad*, p. 113)

Con estas textos sobre o millo remato a primeira parte deste traballo sobre as plantas que aparecen mencionadas nas obras que Valle-Inclán ambienta en Galicia. Na segunda parte aparecerán os seguintes apartados: ÁRBORES, ARBUSTOS, HORTAS E ÁRBORES FROITEIRAS, XARDÍNS e, por último, ALGAS, LIQUES E «MUSGOS» .

<sup>137</sup> Refírese ó *Libro de San Cipriano*, que contén receitas para atopar tesouros ocultos.

## BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

- VALLE-INCLÁN, Ramón del. «Eulalia», *Corte de Amor*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 1970. 5ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. «Hierba Santa» (*Varia*). *Obra Completa*. Espasa Calpe. Madrid, 2002.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Comedias Bárbaras I. Cara de Plata*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2000. 14ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Comedias Bárbaras II. Águila de Blasón*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 1996. 10ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Comedias Bárbaras III. Romance de Lobos*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 1999. 15ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Divinas Palabras*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 1996. 26ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *El Yermo de las almas. El Marqués de Bradomín*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 1996.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Flor de Santidad*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2007. 18ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Jardín Umbrio*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2006. 11ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *La Guerra Carlista I. Los Cruzados de la Causa*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2002. 11ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2006. 11ª edición.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del. *Sonata de Otoño. Sonata de Invierno*. Ed. Espasa. Colección Austral. Madrid, 2006. 34ª edición.

## BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

- ACKERMAN, Diane (1992): *Una Historia Natural de los Sentidos*. Ed. Anagrama. Barcelona.
- ALLEGUE, Gonzalo (2000): «Historia de una casa». *Cuadrante*, nº 0 (pp. 12-23).
- ARETINO, Pietro (1991): *Sonetos Lujuriosos*. Ed. Visor.
- CASTRO, M; FREIRE, L; PRUNELL, A. (1990): *Guía das Árbores de Galicia*. Ed. Xerais. Vigo.
- CHEVALIER, J; GHEERBRANT, A. (1986): *Diccionario de Símbolos*. Ed. Herder. Barcelona.
- CIRLOT, J. (1979): *Diccionario de Símbolos*. Ed. Labor. Barcelona.
- ELIADE, Mircea (1981): *Tratado de Historia de las Religiones*. Ed. Cristiandad. Madrid.
- GAMBINI, Dianella (1986): «Los jardines de Valle-Inclán». *Revista Museo de Pontevedra*.
- GARCÍA, Xosé Ramón (1991): *Guía das Plantas con Flores de Galicia (Tomos I e II)*. Ed. Xerais. Vigo.
- GHYKA MATILA, C., *Le nombre d'or*, 2 vol., París 1931; trad. Cast.: *El número de oro*, 2 vol. Ed. Poseidón, Barcelona 1978.
- GONZÁLEZ DE GARAY, Mª Teresa (2002): «Valle-Inclán Sub Rosa. Valle-Inclán en el siglo XXI. Edición do Castro. A Coruña.
- LAUDAUD-FAGE, Eliane (1988): «Un motivo folklórico en la narrativa corta de Valle-Inclán: El molino». *Diálogos Hispánicos de Amsterdam. Valle-Inclán (1866-1936) Creación y lenguaje* N°7. Ed. Rodopi. Amsterdam.
- MALLO, Antonio (1969): «El símbolo de la rosa en Valle-Inclán», *Grial*, nº 25 (pp. 287-307)
- MERINO, Baltasar (1980): *Flora Descriptiva e Ilustrada de Galicia. (3 tomos)*. Ed. La Voz de Galicia. (Edición facsimil da primeira edición 1905-1909).
- MURGUÍA, Manuel (1885): «Ignotus». *Los Precursores*. Coruña. Latorre y Martínez Editores.
- NACAR, E.; COLUNGA, N.(1975): *Sagrada Biblia*. BAC, de la Ed. Católica. Madrid.
- NIÑO RICOI, H; SILVAR, C. (1997): *Guía das Árbores de Galicia*. Ed. Bahía Ediciones.
- PELT, Jean-Marie (1994): *Historia y Ciencia de las Hortalizas*. Ed. Celeste Ediciones. Madrid.
- POLUNIN, Everard (1978): *Árboles y Arbustos de Europa*. Ed. Omega. Barcelona.
- POLUNIN, Oleg (1977): *Guía de Campo de las Flores de Europa*. Ed. Omega. Barcelona.
- SA BRAVO, Hipólido de (1983): *Boticas Monacales y Medicina Naturista en Galicia*. Ed. Everest. León.
- SHAKESPEARE, William (1989): *Obras Completas*. Ed. Aguilar.
- VALLE-INCLÁN, Carlos del (2002): «La Noche de San Juan». *Escenas Gallegas*. Servicio de Publicacións Amigos de Valle-Inclán. Vilanova de Arousa.
- VIANA, Víctor (2001): «Valle-Inclán en Cambados». *Cuadrante*, nº 2. (pp. 39-42).
- VV.AA (1968): *Enciclopedia Salvat de las Ciencias*. (Tomos 1, 2 e 18). Ed. Salvat. Pamplona.
- VV.AA (1988): *Gran Enciclopedia Larousse*. Ed. Planeta. Barcelona.
- VV.AA (2002): *Biblioteca de las Plantas Medicinales (2 Tomos)*. Ed. Safeliz.
- VV.AA (2003): *Gran Enciclopedia Galega*. Ed. El Progreso-Diario de Pontevedra. Lugo.
- A maioría das ilustracións proceden da obra do botánico e artista sueco Carl Axel Magnus Lindman (1856 — 1928): "Bilder ur Nordens Flora" (1901-1905). E pódense atopar na seguinte páxina web: <http://caliban.mpiz-koeln.mpg.de/~stueber/lindman/>



Vilanova de Arousa

# CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*

ISSN 1698-3971



P.V.P

5 €